Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 06/03/2024 01:23:19
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 153

Sesión plenaria
19 de decembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto único. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (doc. núm. 61392, 11/PL-000027)

Publicación do Ditame da Comisión e mantemento de emendas e votos particulares, BOPG nº 613, do 15.12.2023

1.2 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 61393, 11/PL-000028)

Publicación do Ditame da Comisión e mantemento de emendas e votos particulares, BOPG nº 613, do 15.12.2023

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente abre a sesión e comunica unha ausencia antes de entrar na orde do día. (Páx. 7.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente expón a ordenación do debate e comunica as emendas que permanecen para o seu debate en pleno. A continuación dálle a palabra á señora presidenta da Comisión 3ª para a presentación do ditame. (Páx. 7.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños).* (Páx. 7.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 9.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 13.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 17.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 21.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 23.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 25.)

Debate conxunto sobre os estados de gastos

O señor presidente dá paso ao debate conxunto dos estados de gastos. (Páx. 27.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 27.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 35.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 43.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 50.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 53.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 57.)

Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

O señor presidente expón o esquema que se vai seguir para as votacións do texto orzamentario. (Páx. 59.)

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación conxunta das emendas ao articulado

Votación das emendas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 1 a 23, 25 a 38 e 41 a 73 ao articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: *rexeitadas por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación das emendas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 1 a 32 ao articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación conxunta das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

O señor presidente comunica previamente as emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as que hai unha petición de votación por separado e que se votarán en segundo lugar. (Páx. 61.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ás seccións e ás entidades públicas instrumentais, agás as emendas solicitadas para votar por separado, do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: *rexeitadas por 18 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á sección 7, Consellería de Facenda e Administración Pública, núm. 122; á sección 10, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, núms. 209 a 297, 328 a 330 e 334 a 336; á sección 11, Consellería de Política Social e Xuventude, núms. 342 a 349; e á sección 12, Consellería de Sanidade, núms. 363 a 369, 373 a 375, 377 a 379, 381, 382 e 385, do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación do texto articulado do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

Votación do texto articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: *aprobado por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso.

O señor presidente comunica as seccións que se van votar por separado en primeiro lugar. (Páx. 62.)

Votación dos orzamentos das seccións Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: *aprobados por 41 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación dos orzamentos das seccións e entidades públicas instrumentais, agás as xa votadas, do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024: *aprobados por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención. (Páx. 63.)*

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas que permanecen para o seu debate en pleno e, a continuación, dálle a palabra á señora presidenta da Comisión 3ª para a presentación do ditame. (Páx. 63.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños).* (Páx. 63.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 64.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 69.) *e Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 73.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 77.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 79.) *e Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 80.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación das emendas números 1 a 32 do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación das emendas núms. 1 a 13 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 18 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 82.)

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor presidente comunica a separación de dous puntos e dunha disposición adicional do ditame para a súa votación previa. (Páx. 83.)

Votación dos puntos 4 e 5 do artigo 51 e da disposición adicional terceira bis do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobados por 41 votos a favor 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, agás os puntos 4 e 5 do artigo 51 e a disposición adicional terceira bis, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 41 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Remata a sesión ás dúas e corenta e dous minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Hai unha xustificación de inasistencia, que a fai a deputada dona Rosana Pérez Fernández.

Entramos na orde do día.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

O señor PRESIDENTE: A ordenación do debate será a seguinte: primeiro, a presentación do ditame da comisión; logo, procederemos ao debate do articulado, con rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas por un tempo de quince minutos; logo, unha rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas, de cinco minutos; despois, o debate conxunto do estado de gastos, cunha rolda tamén dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición, de trinta minutos; e unha rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas, de dez minutos.

Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista mediante o documento 63388, e as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego mediante o documento 63383.

Para a presentación do ditame da Comisión, que xa comezamos, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía Facenda e Orzamentos, dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Bo día.

Presentación do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2024.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 20 de outubro de 2023. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 20 de outubro de 2023, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*. As emendas á totalidade foron cualificadas o 13 de novembro de 2023. Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e dos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións en diferentes seccións ou modificaban a contía total dos estados de ingresos e de gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión plenaria do 20 de novembro de 2023. As emendas parciais, que se detallan a continuación, foron cualificadas o 24 de novembro de 2023; do

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 5 emendas aos estados numéricos, que fan un total de 5; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 32 emendas ao articulado e 604 aos estados numéricos, que fan un total de 636; do Grupo Parlamentario dos Socialistas, 76 emendas ao articulado e 715 aos estados numéricos, que fan un total de 788. En total, foron presentadas 105 emendas ao articulado e 1.324 emendas aos estados de gastos numéricos, que fan un total entre as dúas de 1.429.

A Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 27 de novembro de 2023, designou as e os seguintes ponentes: por parte do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, don José Alberto Pazos Couñago como titular e dona Cristina Sanz Arias como suplente; por parte do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños como titular e don Luís Bará Torres como suplente; por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo como titular e don Gonzalo Caballero Miguez como suplente.

A sesión da Ponencia tivo lugar o 29 de novembro de 2023, e nela rematouse o informe, que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Tamén recomendou a aprobación das números 24 e 39 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e unha emenda transaccional elaborada coa 40 deste mesmo grupo parlamentario.

En relación coas restantes emendas, a Ponencia por maioría recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, e as emendas aos estados de gastos presentadas por estes grupos quedaron pendentes para a Comisión.

A Comisión, reunida os días 7, 11 e 12 de decembro de 2023, aprobou por maioría o informe emitido pola Ponencia e rexeitou as presentadas aos estados de gastos polos grupos parlamentarios da oposición.

O número de emendas mantidas para o Pleno é a seguinte: por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 32 emendas ao articulado e 604 aos estados numéricos; por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, 70 ao articulado e 715 aos estados numéricos. Polo tanto, quedan pendentes de tramitación para este Pleno 1.421 emendas.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado ascende a 14.815.200.892. O texto articulado consta dunha exposición de motivos, seguida de 64 artigos, agrupados en 6 títulos, 16 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos.

O título I refírese á aprobación dos orzamentos e o réxime de modificacións de créditos; o título II regula os gastos de persoal; o título III é o referido ás operacións de endebedamento e ás garantías; o título IV regula a xestión orzamentaria; o título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais, e o título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúe un único precepto en relación con criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria se contén no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que proximamente tamén se tramitará neste Pleno.

Finalmente determínase o prazo de vixencia da futura lei, así como a data da súa entrada en vigor.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Comezamos logo co debate do articulado. Tendo en conta que este é un pleno longo —xa non lles vou explicar como é—, imos tratar de axustarnos aos tempos, porque, se non, pode facerse isto moi longo.

Debate do articulado

O señor PRESIDENTE: Comezamos co debate do articulado.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Neste caso, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo, por un tempo de quince minutos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas; bo día, señores conselleiros e señoras conselleiras.

Señor Corgos, estes van ser os últimos orzamentos desta lexislatura, e con toda probabilidade os últimos orzamentos do fin do ciclo do Partido Popular na Xunta de Galicia. Unha Galicia na que, despois de catorce anos gobernados ininterrompidamente polo Partido Popular e con maiorías absolutas, as súas políticas públicas non serviron para mellorar a vida das galegas e dos galegos e tampouco serviron para mudar o noso sistema produtivo. E nesta última lexislatura, cando pasamos os peores momentos dende a Guerra Civil, coa pandemia da covid-19 e as consecuencias da guerra en Ucraína, este goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, primeiro con Feijóo e agora con Rueda, estivo máis preocupado do que pasaba en Madrid que en resolver os problemas dos galegos e das galegas, mostrando a súa incapacidade para aproveitar a oportunidade histórica que nos ofrecen os fondos extraordinarios que viñeron e seguen vindo do Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, e mostrando tamén a súa incapacidade de executar os fondos de recuperación acadados grazas ao liderado de Pedro Sánchez en Europa.

Señor Corgos, mentres Rueda e o seu goberno pasa o día confrontando co Goberno do Estado, non executan as partidas orzamentarias que aprobaron neste Parlamento. Miren, só no 2022 deixaron sen executar case 1.500 millóns de euros, que non aplicaron nas políticas que vostedes mesmos deseñaron. E mentres exixen que se transfiran máis fondos de recuperación, vostedes só foron capaces de executar o 35 por cento dos máis de 1.400 millóns de euros

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

transferidos polo Goberno de Pedro Sánchez. Vostedes, señor Corgos, amosaron a súa incapacidade para gobernar este país cando decidiron empregar ao presidente Sánchez ou aos concellos como a escusa perfecta para tapar a súa falla de iniciativa, a súa falla de liderado e a súa nefasta xestión. *(Aplausos.)*

Resulta preocupante, señor Corgos, que despois de sete anos de crecemento económico previo á pandemia, con orzamentos históricos nestes últimos catro anos, con 4.100 millóns de euros máis neste exercicio que cando gobernaba Mariano Rajoy, este documento careza do enfoque e das medidas para o despregamento económico e social que Galicia necesita. Non dá as respostas necesarias para afrontar os retos inmediatos nin os retos de futuro para acadar unha Galicia máis verde, máis dixital, máis feminista, máis cohesionada social e territorialmente e sen que ninguén quede atrás. Son uns orzamentos que non aproveitan as nosas capacidades e as nosas potencialidades para colocarnos na vangarda económica, social e industrial.

Vostedes novamente erran na diagnose, e voltan presentar as mesmas receitas, amosando ese esgotamento do ciclo do Partido Popular no Goberno de Galicia.

Señor Corgos, despois de catorce anos con gobernos do Partido Popular na Xunta, coas súas políticas e cos seus orzamentos, somos 105.000 habitantes menos, temos 11.800 persoas ocupadas menos que en 2009, temos unha taxa de actividade de case seis puntos menos que para o resto do Estado, e con estes datos, no que vai desta lexislatura, deixaron vostedes sen executar case 585 millóns de euros en políticas de emprego.

Despois de catorce anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, seguen a presentar un proxecto de orzamentos que non ten en conta a nosa mocidade. Seguen sen contemplar as medidas e os recursos necesarios para reverter esa saída de mozos e mozas de Galicia, as xeracións máis e mellor formadas, que non atopan en Galicia as condicións laborais de acceso á vivenda, de conciliación e de calidade nos servizos públicos que lles permitan desenvolver aquí o seu proxecto vital.

Póñolle outro exemplo, señor Corgos: a vergoñenta execución orzamentaria en políticas de vivenda. No ano 2022, vostedes deixaron sen gastar case 7 de cada 10 euros orzados, cando o 90 por cento deses fondos finalistas veñen do Goberno do Estado. E tampouco, señor Corgos, nestes orzamentos, foron vostedes capaces de reverter os recortes e a precarización dos servizos públicos. O orzamento é o instrumento político máis potente, no que ten que configurarse a folla de ruta galega para avanzar cara ao futuro, coñecendo o presente, aproveitando as nosas fortalezas e corrixindo as nosas debilidades.

Pero resulta curioso que vostedes, na elaboración destes orzamentos, despois de catorce años, manteñan a mesma nefasta planificación orzamentaria e que nada máis aprobar os orzamentos, en xaneiro, vostedes xa fagan as primeiras modificacións; algunhas que se repiten ano tras ano, como empregar o Fondo de Continxencia para o Sergas, cando é un dato coñecido de antemán cando se están elaborando os orzamentos. Unha mala planificación orzamentaria, señor conselleiro, que pon de manifesto tamén o Consello de Contas nos seus informes de fiscalización ano tras ano. É unha cuestión que desdebuxa esa fotografía das contas que vostedes presentan e que van aprobar hoxe novamente aquí.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu pregúntolle, señor conselleiro, se sempre son uns orzamentos tan bos para Galicia, tal e como se aproban, tal e como van saír hoxe aprobados deste Parlamento, ¿por que non tardan nin un mes en modificalos? ¿E por que non son capaces de executalos na súa totalidade, tal como os presentan? Gustaríame que despois me respondese.

Mire, señor Corgos, hoxe van aprobar uns orzamentos para 2024 que voltan anunciar como históricos por cuarto ano consecutivo, cuns ingresos non financeiros que acadan os 13.326 millóns de euros; é dicir, 3.225 millóns de euros máis que en 2020 e uns orzamentos que no sistema de financiamento acadan os 10.206 millóns de euros, que son 2.500 millóns de euros máis que cando gobernaba Mariano Rajoy.

Polo tanto, si, señor Corgos, voltan ser uns orzamentos históricos; o que esquece dicir é que son debidos aos recursos que transfire o Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, e os fondos Next Generation; eses que vostedes intentaron boicotear para que non chegasen a España, *(Aplausos.)* e que se están mostrando como esenciais para a recuperación e a transformación do noso país. *(Aplausos.)*

Señor Corgos, xa que vostede lle dá tanto á cabeza, dígame cal foi o esforzo do Goberno galego nestes catro anos para loitar contra as consecuencias da pandemia ou da guerra de Ucraína. Dígame cal foi o esforzo do Goberno galego, máis alá de executar eses fondos que veñen do Estado e que veñen da Unión Europea. Tamén me gustaría que vostede nos contestase.

Mire, señor Corgos, con estes orzamentos para o 2024, se vostedes os tivesen que xestionar, sería novamente unha oportunidade perdida, sen que os resultados fosen os necesarios para o avance social e económico que precisa a nosa comunidade. Porque vostedes seguen enrocados no seu programa de goberno: recortar, pintar e colorear. *(Aplausos.)* Catorce anos recortando en persoal e en servizos, pintando orzamentos que non executan, coloreándoos de azul para darlle un toque galego e, iso si, cunha Televisión de Galicia que lle pon un lacito. É dicir, un caixón baleiro de contido, pero, si, con moita publicidade e con moita propaganda.

Hoxe vostedes van aprobar os orzamentos para o 2024 sen ningunha sorpresa, ao igual que en anos anteriores, tal como entraron neste Parlamento, con pequenas incorporacións que lles serven para dicir que son un goberno de diálogo e de consenso. Os socialistas si temos un proxecto de país, si que estamos preparados, e gobernaremos esta comunidade en colaboración co Goberno do Estado, en colaboración cos concellos e coas deputacións e dentro do respecto institucional para, entre todos xuntos, acadar a mellor Galicia posible.

Mire, señor conselleiro, os e as socialistas presentamos 73 emendas ao articulado e 715 emendas ao estado de gastos; 788 emendas das que o PP nos aceptou 3; exactamente as mesmas tres, señor conselleiro, que o ano pasado. Porque a verdade é que é bastante curioso que se vostedes admitiron tres emendas o ano pasado non as incorporen no texto deste ano; supoñemos que será para dicir que volven admitirnos tres ao Partido Socialista. A verdade é que, señor Corgos, se non estivésemos nun debate tan serio, realmente pareceríame unha tomadura de pelo. En calquera caso, aínda supoñendo que volvan aceptar esas tres, estamos

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a falar do 0,38 por cento das emendas presentadas polos socialistas galegos; unha mostra máis dese diálogo e consenso do Partido Popular na Xunta de Galicia que podemos cifrar nun 0,38 por cento de diálogo e de consenso.

E volvo anticiparme a esa escusa habitual do Partido Popular na que nos din que a maioría das emendas presentadas polo noso grupo son similares ás dos anos anteriores. Evidentemente, señor conselleiro, ¡evidentemente!, porque se realmente as incorporasen —incluídas esas tres— este ano non terían ningunha para incorporar, señor conselleiro. ¡É realmente unha auténtica tomadura de pelo! Ademais, mire, señor conselleiro, os socialistas si que somos coherentes, e por iso as nosas emendas van sempre na liña política do noso partido, na liña que, como socialistas, defendemos; nese camiño van esas 778 emendas presentadas polo noso grupo.

Pois ben, o articulado da lei é a columna vertebral, é a columna que marca a actuación dun goberno, o proxecto das políticas públicas que se van desenvolver durante o exercicio. E nós a este articulado presentamos 73 emendas; as 2 primeiras son para axustar o contido da emenda transversal presentada polo noso grupo, na que propoñemos movementos en partidas por unha contía global de 467 millóns de euros, o que representa unha variación de sobre un 3,53 por cento sobre o total do gasto non financeiro consolidado presentado polo Goberno galego, ata acadar os 13.724 millóns de euros. É un incremento orzamentario que permitiría atender axeitadamente as necesidades actuais da nosa cidadanía e do noso territorio; unha situación que aínda está marcada polas situacións extraordinarias vividas nos últimos anos, pola pandemia e polas consecuencias da guerra en Ucraína. Son unhas emendas que, non sendo as contas que os socialistas presentaremos cando gobernemos esta comunidade, pensan no presente e no futuro de Galicia, pensan no presente e no futuro dos galegos e das galegas; unhas emendas que reforzarían os fogares máis vulnerables, as clases medias e traballadoras, as empresas, os servizos públicos, nomeadamente, educación, sanidade e protección social, a industria, o emprego, a vivenda, a cultura, a mocidade, as persoas maiores e o deporte. E hoxe, señores e señoras do Partido Popular, aínda teñen a oportunidade de rectificar, de votar a favor das nosas emendas e así de acertar.

Estas emendas que presentamos ao articulado pretenden, por unha banda, mellorar a transparencia e o bo goberno da Xunta de Galicia, establecendo para cada un dos beneficios fiscais que establece a Xunta de Galicia os obxectivos que se perseguen, os indicadores de cumprimento e a quen están beneficiando máis. Noutra pedimos que se limite o importe máximo desas transferencias de crédito, salvo en determinados casos; ou que se poida facer un seguimento transparente dos fondos europeos para que toda a cidadanía poidamos coñecer exactamente cal é o grao de cumprimento e execución dos fondos que recibe a Xunta de Galicia na liña que propón tamén o propio Consello de Contas; ou que os contratos de colaboración público-privada non se empreguen para financiar investimentos no ámbito dos servizos públicos básicos que teñan un prazo máximo de vinte e cinco anos; ou que se elabore un estudo sobre a sostibilidade das finanzas públicas que determine onde están os límites para esa colaboración público-privada.

Tamén lle pedimos —remato xa, señor presidente—, señor conselleiro —señores e señoras deputados, aínda están a tempo de votar a favor—, que se elabore un plan de publicidade e

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comunicación institucional cun orzamento anual asignado que reflicta todos os gastos en información, divulgación, propaganda ou publicidade que realice o Goberno galego, e que non se faga como nos teñen acostumados, que agochan en partidas, como no inmobilizado inmaterial, contías que adican a esa gran publicidade e propaganda.

Como non teño máis tempo, seguirei na miña segunda quenda.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día de novo a todas e todos.

O 20 de outubro de 2023 comezaba nesta Cámara a tramitación dos orzamentos que hoxe votaremos. Ese mesmo día, o 20 de outubro, morría asasinada na Franxa de Gaza a poeta feminista e bioquímica palestina Hiba Abu Nada. Horas antes de ser asasinada escribiu uns versos que dicían: «A noite na cidade é escura, agás polo brillo dos mísiles; silenciosa, agás polo son dos bombardeos». Dous meses despois do seu asasinato, as noites en Palestina seguen igual ante o silencio cómplice da comunidade internacional. *(Aplausos.)* Silencio e inacción ante o xenocidio que está cometendo Israel, coa complicidade dos Estados Unidos e da Unión Europea. Por iso hoxe desde o BNG facemos novamente un chamamento a non normalizar ese masacre e reivindicamos —como xa fixeron milleiros de galegos nas últimas mobilizacións dos últimos días— o cesamento do fogo, que o Estado español rompa relacións con Israel e leve a Netanyahu e ao seu gobernante á Corte Internacional polos seus crimes contra a humanidade e tamén o recoñecemento do Estado palestino.

Analizar a situación do mundo, de enormes tensións xeopolíticas e de crises cruzadas, inmerso niso que as persoas expertas chaman xa «policrise» porque vai do ambiental ao económico, pasando polo enerxético e o social, é un exercicio necesario para ver a complexidade do contexto no que temos que sacar adiante Galiza; un exercicio necesario e un exercicio de responsabilidade. E analizadas as contas e vistos os debates destes dous últimos meses, é evidente que o Goberno galego non fixo e non quere facer, porque cada vez é un goberno máis pechado en si mesmo, que non quere mirar o mundo e que non quere mirar tampouco as propostas que lle fai a oposición, que non escoita a ninguén máis que a si mesmo.

E así chegamos á tramitación dos cuartos e últimos orzamentos desta lexislatura, e a única boa noticia que traen é esa, que son os últimos orzamentos da lexislatura. Porque do resto ofrecen máis do mesmo: o programa repetitivo e esgotado dun goberno nos estertores e que xa non sabe cara a onde mirar.

Onte o señor presidente da Xunta, o señor Rueda, insistía en convencernos de desmentir o vicepresidente Calvo e en dicirnos que non están inquietos; que non teñen preocupacións e que non están inquietos. Pois, miren, eu creo que si que deberían estar inquietos, porque vostedes van ir a un exame e non deberían ir coa conciencia tranquila. Porque son vostedes

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

como ese alumno ou alumna que non fixo os deberes, que non estivo aplicado na materia e que, desde logo, non debería ter a conciencia tranquila respecto do que fixo. Porque saben vostedes —sabe vostede perfectamente, señor Corgos— que fallaron, saben vostedes que non fixeron os deberes nestes anos e que non aproveitaron o tempo que tiveron. Desaproveitaron estes catro anos e desaproveitaron a oportunidade, ademais, de aprender as lecciónns da pandemia, de emprender unha transformación económica ou de solventar as debilidades nos servizos públicos que puidemos ver nestes momentos tan duros nos que comezou a andar esta lexislatura. Pero vostedes decidiron deixar pasar a oportunidade, cando, ademais, tiveron fondos extraordinarios para acometer esas transformacións e tiveron a flexibilización, ademais, do marco do déficit e do gasto.

Había consensos sociais aparentemente maioritarios, como que non se podía facer negocio coa vellez, como que había que coidar a quen nos coida ou como que a innovación e a investigación eran o futuro dos pobos, pero o Partido Popular decidiu nos orzamentos destes anos, especialmente destes catro últimos anos e deste orzamento que hoxe se debate, ir na dirección contraria: drenarlle recursos á privada nos servizos públicos e seguir precarizando o persoal, como o amosan as mobilizacións que hai nestes últimos días. Hoxe mesmo ás portas deste Parlamento vai haber persoal sanitario e persoal da Administración pública. Pero é que hoxe —está ben que estea aquí a conselleira de Política Social— as traballadoras das escolas infantís fan a súa sexta xornada de folga nun ano —¡sexta xornada de folga!—; privadas ás que vostedes lles drenan recursos públicos. ¡Algo terán que facer! Como algo tería que facer a señora conselleira de Emprego e Igualdade ante o conflito da limpeza que segue aínda aberto, *(Aplausos.)* ou como algo tería que facer o conselleiro de Educación ante a segunda folga que houbo en todo un ano neste pouco trimestre que levamos de ensino no ensino público. Pero vostedes prefiren mirar para outro lado, como miraron para outro lado no ámbito da innovación e da ciencia. E non só non apostaron por ese ámbito, senón que nestes orzamentos practicamente conxelan o investimento; un investimento que despois ademais hai que recordar que non executan.

Polo tanto, a conclusión é que Galiza non parou; con vostedes, efectivamente, non parou, pero non parou de retroceder, porque deixan vostedes unha Galiza á cola das estatísticas no ámbito económico e cuns servizos públicos máis debilitados ca nunca; unha Galiza que perdeu poboación, que perdeu poboación activa, que perdeu nos índices de competitividade e que perdeu músculo industrial. En definitiva, mentres o mundo enteiro está cambiando, mentres hai cambios en todos os escenarios, o único que non cambia é o programa orzamentario da Xunta de Galicia; e para mostra, este articulado, un articulado absolutamente repetitivo e mimético que outros anos. E o articulado é —por así dicilo— o manual de instrucións dun orzamento, o manual de instrucións de como se vai aplicar a política —a letra que aparece nas leis e nos orzamentos— á realidade, de como o van facer e de cales son as súas normas de funcionamento.

E no lugar de ter un programa novo ante un contexto novo e buscando un horizonte novo, vostedes presentan aquí máis do mesmo. É algo así como un traxe pasado de moda que ten furados por todos os lados, que é cada vez máis apertado e no que vemos como se remexe un goberno atrapado nas súas contradicións. Porque o certo é que ¿como non van estar vostedes inquietos? Vostedes teñen que estar equilibrando constantemente entre o seu discurso a prol do autogoberno e logo a realidade dos feitos, que é que son vostedes o goberno máis

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dependente de Génova da historia deste país. Nunca houbo un goberno do Partido Popular tan obediente aos ditados do Partido Popular de Madrid, incluso nin cando gobernaban vostedes no Estado. *(Aplausos.)*

E mire, para mostra, o da semana pasada. Levabamos meses escoitando o Goberno galego que eles eran dialogantes e diplomáticos e que o que querían era un consello de política fiscal e financeira. Convócanlles un e, primeiro, enfurrúñanse. *(Risos.)* Estaban pedindo un consello de política fiscal e financeira, convócanllo e despois enfurrúñanse e din que non vai valer para nada. Se non ía valer para nada, ¿para que o pedían? Porque non querían facer nada realmente, por iso o pedían. *(Aplausos.)*

En todo caso, hai dous debates fundamentais que poñer enriba da mesa nese ámbito de negociación, que teñen que ver, ademais, directamente con este articulado, coas primeiras emendas que presentamos a este articulado, porque determinan a nosa capacidade de gasto, determinan o noso financiamento e determinan a situación do noso endebedamento. Polo tanto, vostedes deberían ter ido a ese debate con dúas cuestións importantes enriba da mesa: o sistema de financiamento que merece este país e a negociación da redución da débeda.

Ben, pois saen dese debate e temos que escoitalo a vostede, señor Corgos, dicir que da débeda non hai nada que dicir e que o importante agora é o debate do sistema de financiamento. ¡Benvidos!, ¡benvidos!, porque levan vostedes dende 2014 sen presentar unha proposta neste Parlamento. Houbo unha comisión a impulso do BNG nesta lexislatura. Pois bloquearon o ditame, non fan negociación bilateral co Estado, como lle pedimos reiteradamente desde o BNG, e agora o problema é centrarse no sistema de financiamento e non hai que falar da débeda. Son vostedes uns irresponsables, porque, miren, o ano que vén, cando sexa outro goberno o que faga o orzamento, vai ter máis marco de déficit restritivo e centralista... Por certo, señores do Partido Socialista —vólvoo dicir nesta Cámara—, os galegos e galegas non lle debemos nada ao Goberno do Estado. *(Aplausos.)* Pagamos os nosos impostos, e xa o que facía falta era que non nos transmitisen a parte correspondente deses impostos.

En todo caso, imos ir *a futuro* a un contexto de restrición de gastos, e temos que escoitarlle ao Goberno da Xunta que, claro, como foi o BNG quen puxo enriba da mesa que Galiza tivese un trato xusto por parte do Goberno do Estado respecto da débeda, agora, por sectarismo político, o Partido Popular non quere negociar co Estado e non quere pedirlle ao Goberno do Estado que cumpra con Galiza e negocie a concreción desa débeda. ¡É que é un escándalo! ¡Simplemente por sectarismo político! ¡É unha irresponsabilidade, señor Corgos!

E mentres, ¿que pasa? Que unha vez máis o Partido Popular de Galiza é o máis «dependentista» da historia, do señor Feijóo e das súas ordes, porque o resto de comunidades están negociando bilateralmente*: «Los barones del Partido Popular avalan la negociación bilateral con Sánchez para la financiación autonómica». (Aplausos.)* É dicir, van estar todas as comunidades do Partido Popular negociando bilateralmente co Estado o financiamento e a débeda, menos a Xunta de Galiza, que estará mirando para outro lado.

Mire, eu só lle atopo unha explicación a tanta desidia: vostedes xa deben dar por asumido que van perder as eleccións e pensan que para facer oposición será mellor que o Goberno liderado

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por Pontón teña menos orzamento. ¡Pero, por favor! ¡Sexan un pouco serios, pensen en clave de país e defendan este país ante o Estado! ¡É que, de verdade, isto nin *A vida de Brian!*

Miren, en todo caso, este articulado, señores do Partido Popular, amosa os problemas para Galiza do centralismo estatal, efectivamente, amosa os problemas para Galiza do limitado autogoberno que temos en materia económica e financeira; pero, aínda así, aínda con este limitado marco, sería posible facer as cousas doutra maneira, e iso é o que demostramos coas 32 emendas ao articulado do BNG: que se poden facer as cousas doutra maneira, apostando por blindar os servizos públicos e apostando por recuperar dereitos roubados coa coartada da anterior crise financeira.

Polo tanto, presentamos emendas que inciden, ante un articulado repetitivo, nas liñas dos anos anteriores e que son tamén coherentes coas restantes emendas parciais e tamén co debate de totalidade que pechamos no mes de novembro. En todo caso, gustaríame salientar algunhas delas. Por exemplo, a emenda ao artigo 9, na que unha vez máis eximos un compromiso moi claro: que, se hai que facer axustes de gasto, se hai que facer algún tipo de axuste no gasto, se blinden os servizos públicos; é dicir, que non se faga o que se fixo no ano 2009 e de aí en diante e que non se recorte dos servizos públicos esenciais. E facémolo conscientes, ademais, de que ante novas limitacións de gasto a partir do ano 2024, de que ante o remate de recursos extraordinarios, vostedes poden poñer o traxe de cordeiro, pero sabemos o lobo que hai detrás e sabemos o que fixeron en anteriores ocasións, e pedimos un compromiso de país de que, pase o que pase, non se vai recortar nos servizos públicos, porque xa sabemos o que fixeron, e temos datos do Consello de Contas, non do Bloque Nacionalista Galego nin dese sindicato maioritario no ensino público en Galiza que tan pouco lles gusta a vostedes no Partido Popular. ¿E que nos din eses informes do Consello de Contas? Por exemplo, que ata o ano 2019 recortaron 2.000 profesores e profesoras no ensino público deste país. Dío o Consello de Contas, non o BNG. Non queremos que repitan a historia e, polo tanto, poñemos enriba da mesa propostas ao respecto.

Polo tanto, sexan valentes. Se é o que queren facer, díganlles aos galegos e galegas que, se hai que recortar algún euro no orzamento público, que o volverán facer no ensino, na política social e na sanidade deste país.

Presentamos tamén unha batería de emendas destinadas a blindar e mellorar as condicións dos traballadores públicos deste país e dos traballadores e traballadoras que serven empresas que subcontrata o Goberno galego, porque a situación é absolutamente escandalosa e seguen vostedes sen recuperar dereitos roubados na década de 2010. Por exemplo, manteñen inexplicablemente a suspensión do artigo 19 do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta, e tamén presentamos emendas que limitan a contratación de persoal temporal nos servizos públicos, porque vostedes abusan da temporalidade.

É unha pena que acabe de ausentarse o señor conselleiro de Educación, porque podemos ver, por exemplo, o que nos din os datos da Consellería de Educación. Acaba de sacar a Confederación Intersindical Galega —o sindicato, repito, maioritario do ensino deste país— un estudo con datos da Xunta, con datos da Consellaría de Educación, nos que se demostra que a taxa de temporalidade está no 9,2 por cento, non no 3 ou no 2 por cento, que chegou a in-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sinuar o señor Rodríguez nesta Cámara, e que hai temporalidade e hai que atallala. Tamén hai escasas semanas, con datos do Sergas, o sindicato Enfermeiras en Loita demostraba a alta taxa de temporalidade que teñen as enfermeiras deste país. Seis de cada dez —máis da metade— son traballadoras temporais; 6.000 persoas —na súa maioría mulleres— están absolutamente precarizadas no noso sistema público de saúde. ¡É un escándalo que non se pode consentir, señores do Partido Popular! E as emendas que presenta o Bloque Nacionalista Galego buscan atallar este tipo de cuestións.

E tamén, por suposto, incorporamos unha batería de emendas para poñer couto a ese escándalo tamén do aumento constante das colaboracións público-privadas deste país; unha forma de traballar mediante a que vostedes non só privatizan elementos do noso sistema público, senón que nos fan perder cartos. É que xa non é que non defendan o sistema público, que xa o sabiamos, é que, por riba, son malos xestores. E ese mito dos bos xestores é un animal de fantasía, señor Corgos, por moito que se remexa no seu asento. E dío o propio Consello de Contas: 44 millóns de euros que perdemos neste país cada ano pola inutilidade do exconselleiro e expresidente da Xunta, *(Aplausos.)* o señor Feijóo, que foi quen asinou do seu puño e letra eses convenios de colaboración público-privada.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto —remato con isto, señor presidente—, estas son algunhas das emendas que presentamos, que, en conclusión, amosan que hai outra maneira de facer as cousas e que hai unha alternativa posible a favor das melloras sociais, a favor da redistribución da riqueza e dos servizos públicos; un proxecto a favor de construír outra Galiza posible, esa Galicia que vén.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos. *(Pausa.) (Murmurios.)* Rectifico, entón. Aquí tiña o señor Pazos, pero é a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

O debate que celebramos hoxe aquí é un debate de máxima importancia, porque con el culmina a tramitación parlamentaria dos orzamentos de Galicia para o ano 2024. Culmina a tramitación, e daremos luz verde aos orzamentos galegos máis elevados da historia. Uns orzamentos pensados para seguir investindo en estabilidade, nas persoas e no futuro, sen recorrer ao endebedamento por primeira vez en dezaseis anos e reforzando un ano máis o gasto en sanidade, en educación, en políticas sociais e en fomento de emprego.

Son uns orzamentos que por décimo quinto ano consecutivo son aprobados en tempo e forma e cos que Galicia se converterá na primeira comunidade autónoma de España en ter

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aprobadas as súas contas para o próximo ano; uns orzamentos que demostran que Galicia non para e que máis que nunca a nosa comunidade é unha illa de estabilidade no panorama nacional marcado polo bloqueo; un bloqueo que se traduce, sen ir máis lonxe, en que mentres en Galicia, a partir do 1 de xaneiro, contaremos cun orzamento, España comezará o ano sen iniciar sequera a tramitación dos seus presupostos xerais do Estado. E aí está o motivo que explica que Galicia é unha illa de estabilidade. Mentres os galegos e galegas teñen en Alfonso Rueda un presidente centrado en xestionar para as persoas dende o «sentidiño» e o rigor que caracteriza aos gobernos do PP, o conxunto dos españois vemos día a día como Pedro Sánchez non ten máis intereses que os seus persoais e os dos seus socios, como está disposto a supeditar o interese xeral ao beneficio duns poucos e como está levantando un muro entre el mesmo e a nación de cidadáns libres e iguais que consagra a mesma Constitución, que queiman os seus compañeiros de lexislatura.

¡Alá o socialismo e o independentismo coa súa deriva! Nós, en Galicia, e con Alfonso Rueda á fronte, seguiremos defendendo a igualdade, a estabilidade, a responsabilidade e o «sentidiño» *(Aplausos.)* que os galegos e galegas levan anos referendando nas urnas e que se materializa en medidas reais e pensadas para as persoas.

Por iso é importante o debate de hoxe; un debate no que non só aprobamos uns orzamentos, senón que permitimos que sexa posible, a partir do próximo ano, que as persoas con dependencia que son coidadas no seu fogar poidan beneficiarse dunha axuda de 5.000 euros ao ano e as que están nunha residencia, cun complemento de 1.200 euros ao ano; que as persoas maiores de 65 anos poidan viaxar gratis en transporte público; que as familias con fillos e fillas que practican deporte federado poidan contar con 120 euros nun bono deporte para ese material deportivo que tanto precisan; que os autónomos que se dean de alta no ano 2024 teñan a cota cero durante o seu primeiro ano de actividade; que quen queira mercar unha vivenda usada ou un vehículo de segunda man se poida beneficiar da nova rebaixa dos impostos de transmisións patrimoniais; que os usuarios de autoestradas autonómicas sigan beneficiándose, por segundo ano consecutivo, da conxelación das peaxes; que os universitarios e as universitarias galegas sigan tendo conxeladas as taxas de matriculación, que son as máis baixas do Estado español; que todos os galegos dende os máis novos ata os máis maiores sigamos tendo á nosa disposición o calendario de vacinación máis completo do mundo; ou que as familias sigan contando cun sistema educativo que favorece a conciliación con medidas pioneiras como a gratuidade das escolas infantís de 0-3 anos. E todo isto porque estes orzamentos son, en definitiva, a clave e a chave para blindar os servizos públicos dos galegos de hoxe e para seguir dando paso na construción do mellor futuro para os galegos de mañá.

Señora Presas, a vostede parécelle que estamos inquietos. ¿Como estarán vostedes, que hoxe pretenden modificar a lei electoral a uns meses dunhas eleccións para que voten os menores de 18 anos? ¡Parece que non lles saen as contas dos maiores de 18, señora Presas! *(Aplausos.)* Pero, iso si, é moi curioso, vostedes queren que lles voten os menores de 18, pero non que se presenten ás eleccións. Vostedes só queren os votos dos de 16, pero non queren que os de 16 se presenten ás eleccións. A verdade é que son vostedes moi simpáticos, señora Presas, por chamarlles dalgunha maneira. Pero, miren, os rapaces non son parvos, ¡eh!, non son parvos.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu pregúntome: ¿que futuro lles ofrecen aos galegos os grupos da oposición? Imos ver as súas emendas: o BNG. ¿Que lle pode ofrecer a Galicia o BNG cun partido liderado por unha persoa que leva vinte anos na oposición, perdendo eleccións unha tras outra, unha tras outra? Viven inmersos no «Día da Marmota», señorías do BNG. Xa o vimos cos pactos cos que os independentistas galegos fixeron presidente ao señor Sánchez en 2020 e en 2023. Pasan os anos e, como se de Bill Murray se tratase, a señora Pontón segue espertando todos os días coa esperanza de que algún día o Goberno de España cumpra o que lle prometeu: esa transferencia da AP-9, que temos que volver propoñer no Congreso por cuarta vez, señorías —¡por cuarta vez!—, porque o PSOE os seus socios levan anos bloqueando a súa tramitación en Madrid; *(Aplausos.)* esa creación dos xulgados de violencia de xénero nas cidades galegas que o Ministerio de Xustiza lle nega a Galicia porque ten outras prioridades; esa mellora das infraestruturas ferroviarias que levan anos prometendo e que só se traduciu en continuos incumprimentos dos prazos de entrega dos trens AVRIL e nuns servizos cada día peores nas liñas de media distancia, e especialmente nos trens do eixo atlántico; ou as transferencias das competencias, que, en realidade, foi a presentación dun recurso contra unha lei, como foi a do litoral, para suplir precisamente a negativa do Goberno de España a transferirnos as competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre, como si teñen outras comunidades autónomas.

E para non perturbar ese idilio hoxe volve ser o Día da Marmota e volven vostedes presentar exactamente as mesmas emendas ao articulado da Lei de orzamentos que levan anos presentando, e o que é peor, incorrendo nos mesmos erros e mostrando o seu total descoñecemento en materia de xestión e incluso de lexislación.

¿Cantas veces, señora Presas, lle temos que dicir que pedir á Xunta o aumento das retribucións do persoal ao servizo da Administración é pedirlle ao Goberno galego que vaia en contra da Administración básica do Estado? ¿É que non o saben ou é que fan oídos xordos? ¿Ou é que queren dicirlles aos funcionarios: non, non, nós presentamos estas emendas para subirvos o soldo? ¡Claro! Pero vostedes saben que iso vai en contra da lei estatal. E, bueno, vostedes saben que nestes orzamentos se aplica a subida máxima permitida na lei. Díganlles vostedes ao seu deputado, ao señor Rego, que alí, no Congreso, cando presente os orzamentos o Goberno de España —se é que ten a ben presentalos nalgún momento—, igual lle fan algo de caso e, xa que el ten superpoderes, igual consegue esa subida que tanto piden aquí, pero que en Madrid non son capaces de conseguir.

E logo volven tamén os clásicos de sempre: subidas de impostos a todos, cargarse a colaboración público-privada, acabar coa educación concertada..., e así ata un total de 32 emendas, das que unha metade van en contra da normativa básica do Estado e a outra metade son exactamente igual que as que levan presentando nos últimos anos. Vostedes rexeitan toda a colaboración público-privada da Xunta, que non hai no Concello de Pontevedra, porque aí somos nacionalistas «indepes», pero menos, ¡menos!

Polo menos, sexan coherentes. A señora Pontón pasou de criticar a Amancio Ortega por explotador a enxalzalo como referente mundial no que... *(Murmurios.)* Si, si nós no PP cremos que si que é referente mundial. Vostedes pasaron de chamarlle explotador a dicir que era un referente mundial. Pero crémolo agora e crémolo sempre, e non podemos desprezar toda a

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

riqueza, os postos de traballo e a colaboración que lle presta á súa terra con equipamento para maiores, para nenos e nenas, alta tecnoloxía nos centros hospitalarios... E vostedes desprezando... ¿Ou non, señorías? Non sei moi ben, depende do día.

Do mesmo xeito que hai uns días visitou Finsa e cualificou esta empresa como exemplo de innovación e sustentabilidade, cando hai tan só uns anos a criticaba por ser parte do que os nacionalistas chamaban «a oligarquía da madeira en Galicia». ¿Non lles cheirou a eucalipto, señorías? *(Risos.)* ¿Non?, ¿non lles cheirou a eucalipto? *(Aplausos.) (Risos da señora Prado del Río.)* ¡Non lles cheirou a eucalipto! ¡Que ben! ¡Que ben! ¡Como avanza o BNG! ¡Quédalles moi ben a pel de cordeiro que están poñendo, señorías! ¡Quédalles moi ben! *(Aplausos.)*

Estas son as actuacións que demostran que o BNG xa non é que non teña un proxecto de futuro para os galegos, senón que vostedes non teñen nin principios, señorías. Deixáronos colgados coa pel de lobo que teñen aí preparada para saír cando toque. *(Murmurios.)* ¡Cando toque! ¡Non se preocupen, xa tocará! Xa llelo direi.

Mentres Galicia non para, o BNG directamente é incapaz de botar a andar, e non porque eles non queiran, senón porque os galegos e as galegas non lles dan o empurrón que precisan. E así pasan os anos, pero estamos como a primeira vez.

¿E que é o que ofrece o Partido Socialista? Un partido totalmente servil a Pedro Sánchez, disposto a antepoñer os intereses do seu líder por riba dos intereses dos galegos e que permite e consente que as cesións do independentismo vaian custar a cada galego 400 euros. Di a señora Presas que non lles debemos nada ao Estado. Non, señora Presas, ao Estado non lle debemos nada, porque nós pagamos os nosos impostos, pero agora, con esa negociación que fixeron vostedes, xunto co negociador do Partido Socialista —que agora é o líder do Partido Socialista—, aos galegos nos vai custar 400 euros por cabeza pagar a débeda de Cataluña, señorías, ¡400 euros por cabeza! Un socialismo galego inmerso en continuas liortas internas —hoxe vimos unha máis— e sumido na incoherencia, tal e como se pode comprobar nas emendas que presentaron aos orzamentos.

Por exemplo, logo de anos coa cantilena de que a Xunta non financia adecuadamente os concellos e aínda sabendo que ata a chegada de Feijóo ao Goberno galego os concellos galegos non tiñan garantida unha participación fixa dos orzamentos e que o Fondo de Cooperación Local aumenta ano tras ano, agora chegan vostedes cunha proposta estrela, señorías, que consiste basicamente en converter unha repartición de fondos que ata o de agora foi incondicionada e obxectiva nunha repartición condicionada e, polo tanto, subxectiva. Porque imaxino que sería o PSOE o que decidise a quen e para quen se lle dan os cartos, e xa sabemos como reparte os fondos o PSOE.

Isto é o último semestre da Deputación de Lugo. *(A señora Prado del Río mostra un gráfico.)* Miren, Partido Socialista, 44 convenios. ¿Cantos concellos gobernan? 27. ¿Cantos goberna o PP? 31. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non lle gusta, ¡non lle gusta! Á de Burela non lle gusta. Ben, seguimos: BNG, 11 convenios. ¿Cantos concellos gobernan? 4. O Partido Popular goberna 31, 0 convenios, e o resto 3 para os independentes, que son 5 concellos os que gobernan. É dicir, o Partido Popular goberna en 31 concellos de Lugo, da provincia de

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lugo, o PSOE en 27, pero o PSOE ten 44. ¿Esta é, señora Rodríguez Rumbo, a repartición que quere que sexa tamén a da Xunta de Galicia? Pois non, con nós non conte para iso. *(Aplausos.)*

Vostedes pretenden pasar dun modelo que coopera con todos os concellos a un modelo que só coopera con algúns. Vostedes queren pasar de axudar os 313 concellos sen distinción de ningún tipo a priorizar os de menos de 20.000 habitantes. ¿Falaron vostedes cos seus alcaldes de Vilagarcía, de Vigo, da Coruña? ¿Que lles parece a eles isto? A eles non llelo comentaron, seguramente.

En calquera caso, señorías, vostedes pertencen a un partido que permitirá que os fondos que Galicia necesita vaian ir a Cataluña, só polos intereses de Pedro Sánchez...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e o que é peor é que teñen como líder á persoa que negociou precisamente que isto fose posible.

Vostedes tamén piden unha valoración dos beneficios da política fiscal da Xunta, o cal demostra que ou non leron toda a documentación dos orzamentos ou que se lles traspapelou. Como xa non teño máis tempo, explicaréillelo na segunda quenda de intervención.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Saudamos os alumnos de 3º da ESO do centro Salvador de Madariaga, da Coruña, que están hoxe con nós, e están tamén os seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos agora co debate, que é a rolda dos grupos para definirse sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Xa lle digo que non me vai dar tempo. *(Risos da señora Rodríguez Rumbo.)*

A ver, señora Paula Prado, mire, a verdade é que hai bastantes cousas que vostede vén aquí dicir que resultan, cando menos, curiosas; e non me quero enfadar, ¡non me quero enfadar! Vostede resulta que di que presentan uns orzamentos que non recorren ao endebedamento. ¡Home!, señora Paula Prado, exactamente igual que o resto das comunidades autónomas, porque é unha regra fiscal. Pero ¡vamos ver! ¿que nos quere vir vender aquí? ¡É que me parece unha tomadura de pelo, señora Paula Prado! *(Aplausos.)*

Vostede fala da débeda pública. Pero, mire, é que en Galicia, nos catorce anos de goberno do Partido Popular, a débeda multiplicouse por 2,5; pasou de 1.752 euros per cápita a 4.565. Iso chámase multiplicar por 2,5 a débeda pública, e iso foi o que fixo en catorce anos de go-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

berno o Partido Popular na Xunta de Galicia, señora Paula Prado. Ese é o seu balance. ¡Ese é o seu balance!

E vostede di que Alfonso Rueda é un presidente centrado. Si, moi centrado, pero en facer exactamente o que lle manda Feijóo e a señora Ayuso, a lideresa do seu partido, ¡a lideresa do seu partido! *(Aplausos.)* O señor Rueda é unha marioneta de Génova, señora Paula Prado. Non veña vostede aquí defender o seu centralismo, porque non o hai, non existe.

E mire, fala de sentidiño. Pois, mire, sentidiño deberan ter vostedes durante catorce anos que estiveron gobernando esta comunidade autónoma ¿vale?, para atender as necesidades das persoas, para atender as necesidades do territorio e para evitar e reverter esa precarización e eses recortes dos servizos públicos que padecemos todos os días os cidadáns deste país. Porque vostede o outro día falaba de sanidade, e eu recordáballe: pregúntelle a calquera, a calquera dos alumnos e alumnas que están hoxe aquí ou a calquera dos profesores que os acompañan a ver se non teñen problemas cada vez que queren acudir a un centro de saúde para que os atendan, a ver se non hai listas de agarda que chegan a 15 días, a ver se hai falla de pediatras, a ver se cando piden unha proba especializada ou unha proba diagnóstica teñen problemas que chegan ata máis dun ano... Esa é a realidade e os catorce anos de precarización nos servizos públicos, e iso é o que queda no haber do Partido Popular da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* ¡Iso é o que teñen vostedes! *(Aplausos.)* E xa non entro en moitas outras cousas, porque non me dá tempo o debate; por iso lle dicía ao señor presidente que non me ía dar tempo.

E mire, señora Paula Prado, sentidiño sería esa vergoñenta política de vivenda que vostedes incrementaron durante estes anos cos fondos que veñen do Goberno de Pedro Sánchez —aínda que non lle guste ao BNG—. Si, do Goberno de Pedro Sánchez. E, se non, fagan a comparativa. Eu ínstoos a que fagan aquí a comparativa dos fondos que viñeron en moitas das políticas sociais, nomeadamente en vivenda, dende que está o señor Pedro Sánchez respecto de cando estaba o señor Mariano Rajoy. Se quere, facemos un debate aquí soamente dese tema e facemos a comparativa, pero seguro que non a queren facer porque quedarían avergoñados, ¡avergoñados! E, aínda así, con eses incrementos tremendos en vivenda, ¿sabe que fixeron? Sete de cada 10 non foron capaces de executalos, porque vostedes non son capaces nin sequera de executar, aínda que lles transfiran os fondos, señores e señoras do Partido Popular.

Ten bastante graza que vostede me veña falar aquí de financiamento das corporacións locais. Ou sexa, que vostedes levan catorce anos co Fondo de Cooperación Local base conxelado —ese que é incondicionado e que se reparte entre todos os concellos cuns criterios acordados coa Fegamp— e resulta que agora vostedes son os que máis diñeiro transfiren aos concellos. Pero ¡vamos ver, señora Paula Prado!, vostedes levan 112,9 millóns de euros cada ano para repartir entre todos os concellos de forma incondicionada, e despois o que teñen é un fondo adicional co que vostedes reparten segundo os seus criterios aos concellos que vostedes queren; por exemplo, a aqueles fusionados. E ¡que casualidade!, porque tamén son concellos do Partido Popular. Esa é a realidade que teñen vostedes para os concellos.

E o que nós pedimos nas nosas emendas, señora Paula Prado —¡e non minta, e non minta!—, é que se incremente o Fondo de Cooperación Local base para todos os concellos, para repartilo

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

partilo con eses criterios acordados coa Fegamp para todos os concellos, e que pase de 112,9 a 152 millóns de euros, para reverter esa precarización e esa conxelación que tiveron vostedes...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...durante catorce anos. E tamén poñer a maiores un fondo adicional dotado con 45 millóns de euros, que tamén sexan acordados coa Fegamp.

Mire, señora Paula Prado, vostedes aquí de repartición caciquil non teñen nada que dicir. Recórdolle que unha señora que se senta aquí detrás, en tempo de desconto, repartiu 2,9 millóns de euros nesa deputación á que vostede aludía hai un momento, e foron todos do Partido Popular. *(Aplausos.)* Así que aquí vostedes, lecciónns de igualdade e de repartición caciquil, ningunha, ¡ningunha! *(Aplausos.)*

Mire, os socialistas si temos un proxecto de país, estamos preparados...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... —remato xa, señor presidente— e gobernaremos esta comunidade. Vostedes foron, durante estes catorce anos, un mal pesadelo, e xa é hora de que Galicia esperte do seu sono e aposte polo cambio político, que a nosa comunidade o necesita.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pois nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moi ben, rematou moi ben, ademais.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Falou o Partido Popular, adiantándose ao seguinte debate, de que cousas van ter os galegos e galegas grazas a estes orzamentos. ¡Só faltaría que con máis de 10.000 millóns de euros non tivesen nada ao día seguinte da súa aprobación! Pero omite o Partido Popular que cuestións non van ter e poderían ter, se non fosen vostedes un muro de cemento co que é imposible dialogar e pactar nin unha soa das máis de seiscentas propostas que presentamos ao estado de gastos, porque poderiamos entender incluso que nas do articulado —que é como se van xestionar eses orzamentos— o grao de consenso fose menor.

Pero, miren, grazas a vostedes, os galegos e galegas non van ter, por exemplo, a recuperación da Tarxeta Básica, que pide non só a oposición, senón tamén o terceiro sector; non van ter nin unha soa praza máis de residencias públicas xestionadas polo capital público neste país, porque outra vez máis van ir cero euros para ese ámbito, señores do Partido Popular; non van ter bolsas anticrise, así os estudantes dos que vostede falou non van ter unhas bolsas

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anticrise como as que propón o BNG; non van ter unha empresa pública de enerxía, porque prefiren vostedes drenar recursos ás empresas do IBEX 35; non van ter unhas rías saneadas; non van ter un plan especial de recuperación das zonas queimadas para poñer o monte a ser recuperado; non van ter, por exemplo, apoio ao relevo xeracional; non van ter un fondo para as empresas en crise —total, só se cargaron vostedes arredor de cincocentas, durante os seus últimos anos de goberno—; e non van ter, por exemplo, as e os nosos pensionistas, unha suba de pensións non contributivas. O ano pasado aprobouse subir un euro e medio; ao final subiron 1 euro, este ano, 0. É dicir, en catorce anos subiron 1 euro as pensións non contributivas. Iso é o que van ter cos seus orzamentos.

Porque, efectivamente, dixo vostede unha verdade, son unha illa, pero son unha illa sobre todo mental, que só se escoita a si mesma, que non escoita as propostas da sociedade nin dos grupos da oposición.

Claro, volven vostedes dicir como gran crítica que as propostas son repetidas. ¡Home!, é que ante un articulado absolutamente mimético ao doutros anos, entenderá vostede que as críticas sexan as mesmas.

E despois hai cuestións baleiras de contido. Por exemplo, dinnos que, claro, pedimos aumento retributivo para o persoal. ¡Pois claro que si!, entre outras razóns porque cando se rexistraron estas emendas non estaban negociadas no ámbito do Estado. ¡Negocien vostedes! Ademais, ¡terán medo vostedes agora ao Tribunal Constitucional!, ¡se son o Goberno que máis sentenzas do Constitucional acapara! Ao final, van ser vostedes os que rompan España e non os demais. ¡En fin...! *(Aplausos.)*

Mire, non sei se me gusta máis que dea por feito que a mocidade apoia masivamente o Bloque Nacionalista Galego ou que siga con tanto entusiasmo a axenda da señora Pontón.

Hoxe está vostede un pouco acatarrada, está vostede damnificada tamén polo clima e polo aire acondicionado do señor Santalices, pero, mire, a próxima vez que pase polo Tambre baixe a ventanilla a ver se así cheira mellor, porque non cheira a eucalipto, cheira a piñeiro. Hai que vir coa lección un pouco máis estudada. *(Aplausos.)*

O que lles molesta é que a señora Pontón faga o que non fai o Goberno, que é reunirse con todo o mundo, coas traballadoras da limpeza en conflito, cos traballadores e traballadoras que o están pasando mal neste país e con todas as empresas, as pequenas, as medianas e as grandes, para falarlles do noso proxecto político, da alternativa que temos para darlle un futuro a este país. ¡Claro que falamos co sector madeireiro!, ¡como non o imos facer! E explicámoslle que é unha anomalía democrática que o 50 por cento das cortas se fagan neste país e que só quede o 13 por cento do emprego e da transformación. *(Aplausos.)* ¡Claro que si! Porque nós temos unha alternativa de futuro para ese sector tamén, como para todos e cada un.

E gustaríanos visitar algún deses proxectos tractores que ían estar impulsados nesta lexislatura, o problema é que non hai ningún. Non temos onde ir, señora Prado, e como sigan vostedes gobernando, a este paso, non imos ter empresas que visitar.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, dúas cuestións telegráficas. Respecto da débeda, é que é unha irresponsabilidade pola súa parte. Vostedes triplicaron a débeda. Os galegos non deben 400 euros, deben máis de 4.000 euros, e a culpa non é nin de Cataluña, nin de Nafarroa, nin do cha, cha, cha, é do Partido Popular; e son vostedes uns irresponsables se non negocian esa redución de máis de mil millóns de euros que poderán conseguir grazas ao BNG. Logo poñen o ventilador. Están tan nerviosos que xa non lles chega, que xa case Rueda... Eu quedei tranquila o outro día porque vai presentar as campanadas Gayoso e non Rueda; xa pensei que ía saír el... *(Aplausos.)*

Xa non lles chega co tema da TVG, senón que agora din que temos liortas. Mire, señora Prado...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—con isto remato, señor presidente—, non intente confundir a xente, non hai liorta ningunha. Este é o Bloque Nacionalista Galego máis cohesionado, máis unido da historia e máis preparado ca nunca para impulsar un cambio político e lideralo nese país. *(Murmurios.)* Iso é o que lles preocupa e iso é o que lles dá medo, pero non é o tempo do medo, é o tempo dun cambio neste país, e estou convencida de que vai chegar.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, señorías... Señora Rumbo, o problema da sanidade, como vostede ben sabe, está, entre outras cousas, nunha falta de médicos, e o Goberno de España sábeo porque, ¿sabe o que están facendo? Privatizando a sanidade penitenciaria. ¿Por que? Porque non hai médicos, señora Rodríguez Rumbo, e aí quen ten as posibilidades para resolver iso é o Goberno de España.

E, mire, de tempos de desconto saben vostedes moito. ¿Sabe o que pasou o 31 de decembro de 2005? Pois que o 1 de xaneiro do 2006 entraba en vigor a Lei do solo, e houbo unha persoa que fixo unha xunta de goberno un sábado, festivo para a Administración, co concello pechado, ás 11 da noite, para darlle licenza ao Garañón *(Aplausos.)* E iso, señorías, si que é facer política en tempo de desconto; ¡en tempo de desconto!, señoría.

Fálame vostede de vivenda. Mire, esta é a política de vivenda de Pedro Sánchez. *(A señora Prado del Río mostra unha fotografía.)* Estas son as vivendas da Sareb que Pedro Sánchez pretende que en Galicia utilicemos. *(A señora Prado del Río mostra outra fotografía.)* ¿Esta é a política de vivenda do señor Pedro Sánchez da que vostede veu aquí sacar peito, señora Rodríguez Rumbo? ¡Por favor!, un pouquiño de decoro e un pouquiño de seriedade.

Mire, eu dicíalle que, efectivamente, as valoracións dos beneficios da política fiscal da Xunta —que vostede non leu toda a documentación—... Mire, nesta lexislatura a política de rebaixa

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de impostos da Xunta afórralles aos galegos 1.300 millóns de euros. Na última campaña da renda, os galegos pagaron unha media de 476 euros menos de IRPF que en 2009, cando vostedes gobernaban; máis de 800.000 galegos se beneficiaron dende 2016 da rebaixa do imposto de sucesións, e máis de 158.000 da rebaixa do imposto de transmisións patrimoniais. Galicia é hoxe a terceira comunidade co mellor tratamento fiscal para as rendas inferiores a 20.200 euros.

Gobernar para as persoas é isto, señora Rodríguez Rumbo, e nisto tradúcese contar cun goberno centrado; centrado no que realmente importa: axudar e non crear máis problemas.

¿E vostedes que piden? Pois piden que as pensións contributivas se paguen mediante unha tarxeta monedeiro. Sabe vostede que iso non é posible, porque a propia normativa estatal obriga a que sexa vía transferencia bancaria, pero, bueno, ¡alá vostedes coa súa teima! E vostede pide que, se soben os demandantes de axudas sociais, que suba porcentualmente a contía destinada a estas axudas. Vostede esquece que no ano 2016 aprobamos nesta Cámara unha modificación da Lei integral contra a violencia de xénero, para que a partida destinada ás axudas ás vítimas de violencia de xénero fose unha partida ampliable de por si. ¿Saben que pasa? Que vostedes daquela non apoiaron esa modificación, e hoxe veñen aquí cunha emenda aos orzamentos para pedir que se suba esa partida se soben as persoas que precisan esa prestación. Esa é a incoherencia do Partido Socialista, e esa é a súa forma de facer política, señora Rodríguez Rumbo. *(Aplausos.)*

Eu ao BNG o que lle teño que dar é a benvida á defensa dos empresarios e das empresarias. ¡Benvida, señora Presas! Nós levamos anos defendendo que os empresarios e as empresarias xeren emprego, xeren riqueza e xeren a actividade económica. Vostedes acaban de darse conta. Bueno, pois, oia, ¡benvida, señora Presas! É que non é ningunha novidade. Vostedes, cando lles chamaban explotadores aos empresarios... E todas esas pancartas que teñen alí, na sede do BNG, ¿que van facer con elas? ¿Que van facer con todas esas pancartas agora? Eu pregúntomo, porque, claro, se agora os empresarios son bos e xenerosos, pois todas esas pancartas lles quedan un pouquiño desfasadas, señora Presas.

Eu doulles a benvida, porque, efectivamente, as empresas xeran riqueza, as empresas xeran actividade económica e, por tanto, postos de traballo, señorías, e emprego, e iso lévao defendendo moitos anos o Partido Popular, ¡dende sempre!. Pero, claro, daquela vostedes dicían que nós estabamos cos ricos, cos empresarios, cos explotadores. Agora, ¿que pasa?, ¿que son vostedes os que están cos ricos, cos empresarios, cos explotadores...? ¡Home, benvida, señora Presas!

Eu, alégrome tamén de que lles guste *Luar*, que tamén o criticaron, e de que tamén lles guste *Land Rober,* e queren levar á súa lideresa, cando dicían que era un programa machista. Pero agora queren ir a *Land Rober.* Eu, alégrome. Pois, nada, entreviste o señor Gayoso nese *tour* que está facendo a señora Pontón, no que entrevista a xente que os galegos e galegas teñen como referentes.

E din que están moi unidos. Si, xa sei, xa din que están aí buscando adhesións. Están intentando que o señor Noriega volva á casa por Navidad. Pero, bueno, parece que o señor Lobeira

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non está moi contento, que marchou; así que moi unidos, moi unidos, non parece que estean.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora PRADO DEL RÍO: Ben, eu remato señor presidente.

Ano tras ano veñen a este Parlamento con propostas pouco rigorosas, demostrando que non teñen capacidade de xestión de cartos públicos. E, fronte a iso, o Goberno do Partido Popular, co presidente Rueda, aprobará este mediodía o primeiro orzamento de todas as comunidades de España deixando claro que os galegos seguen confiando en nós. Galicia non para, e nós tampouco podemos parar para seguir ofrecéndolles aos galegos e ás galegas medidas que melloren as súas vidas e uns servizos envexa de moitas outras comunidades autónomas, e todo isto grazas a uns orzamentos que hoxe aprobaremos coa maioría do Partido Popular, porque Galicia non para.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Eu informo. Segundo teño aquí, a temperatura está en 22 graos e 40 de humidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu digo o que mide aquí. O que mide aquí é 22 graos e 40 de humidade. Os catarros son doutra cousa, ¡eh!, non son de aquí. Os catarros veñen de fóra, que aí vai máis frío. *(Murmurios.)* ¡Claro, claro!

Continuamos co debate conxunto do capítulo II, que é o dos estados de gastos.

Debate conxunto sobre os estados de gastos

O señor PRESIDENTE: Imos alá co debate. Esta é a ronda para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e defender as emendas mantidas.

Comezamos co Grupo Parlamentario Socialista, e para iso ten a palabra o seu portavoz, don Luis Manuel Álvarez Martínez, por un tempo de trinta minutos.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Efectivamente, a dinámica de fluídos, particularmente no que ao aire se refire, e ao aire quente en concreto, ten as súas complexidades á hora de manexalo dentro do hemiciclo.

¡Curioso debate este previo!, ¡curioso debate! Téñenlles vostedes un pánico difícil de controlar á figura do señor Gómez Besteiro, e nótaselles, porque cada vez que teñen oportunidade, veña ou non veña a conto, falan da súa figura e da súa traxectoria. *(Aplausos.)* Francamente, creo que é unha falla de respecto a este trámite orzamentario que estamos a

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

levar a cabo hoxe, neste Parlamento, falar de cousas que non veñen a conto. En todo caso, eu agradézolle, señora Prado, que obviase algún dos seus tópicos clásicos. O que non me quedou claro é: ¿ao final, Galicia non para, entón? Porque soamente o dixo seis veces. Entón, necesitaba contrastar ese dato. *(Murmurios.)*

Tamén me parece pertinente ese argumento que vostedes esgrimen perfectamente e continuamente de que imos pagar cada galego non sei cantos euros para a condonación da débeda de Cataluña. ¿Fan vostedes esa conta, por exemplo, coa condonación da parte da débeda de Galicia, dividindo entre o número de habitantes que ten calquera comunidade autónoma? Porque é dunha trivialidade argumentativa francamente preocupante.

Pero o certo é que hoxe rematamos a tramitación parlamentaria dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2024, os últimos deste goberno; uns orzamentos que serán aprobados en termos basicamente idénticos aos que entraron neste Parlamento e que, polo tanto, manteñen as mesmas carencias que ao inicio. En realidade ten algunhas modificacións que introduce non o Grupo Parlamentario Popular, senón o Goberno da Xunta de Galicia utilizando de forma vicaria o grupo parlamentario, como consecuencia dalgúns erros ou cambios de posicionamento con respecto a algúns ámbitos. E o feito de que se debatesen intensamente ao longo destas últimas semanas, tanto no Pleno como na Comisión 3ª, non forma parte máis que do procedemento establecido, unha especie de liturxia parlamentaria reducida, polo tanto, a un procedemento repetitivo ao que a maioría parlamentaria do Partido Popular reduce esta tramitación. Pese a todo, o Partido Socialista de Galicia considera que este é o debate máis relevante do ano e presentamos alternativas a uns orzamentos que non cremos que vaian dar resposta ás necesidades de Galicia, porque nada novo vemos que nos faga pensar que a Xunta de Galicia vai reorientar as súas políticas pese ao evidente fracaso que puxeron de manifesto os últimos anos. Presentamos 70 emendas ao Proxecto de lei de orzamentos, máis de 700 emendas parciais e 32 ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. Custa traballo, de verdade, crer que ningunha delas estea acertada ou que non recolla actuacións necesarias.

E contamos certamente cuns orzamentos históricos. Pero non é nada que non pase no resto das comunidades autónomas. Non hai ningún milagre galego nestes orzamentos, non hai ningún prodixio, non vaiamos concluír que, efectivamente, existe un goberno milagroso do Partido Popular. Non vemos nestes orzamentos as respostas que Galicia precisa para afrontar unha Galicia máis verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente sen que ninguén quede atrás. Todo isto xa o argumentamos no debate orzamentario anterior, e poderiamos repetir a intervención posto que nada das nosas propostas se aceptou. Polo tanto, debatemos o mesmo novamente.

Non vemos onde quedan garantidas as liñas orzamentarias destinadas a protexer a maioría social cun sistema de benestar e protección social robusto que fortaleza a clase media e traballadora, que actúe como locomotora da economía e manteña o compromiso da responsabilidade fiscal. E non o vemos porque tampouco podemos esquecer, señor conselleiro e señores do Grupo Parlamentario Popular, que dende o ano 2009 ata este 2023 os sucesivos gobernos populares xestionaron —ou, mellor dito, xestionaron mal— nada menos que 170.701 millóns de euros. E, froito desa mala xestión, hai unha Galicia que sae mal parada

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en multitude de indicadores comparados cos doutras comunidades autónomas —disto tamén falaremos nestes días—.

É un modelo de execución orzamentaria —o que teñen— que levou a que no ano 2022 —o último, evidentemente, que coñecemos por completo— se producisen as seguintes baixas con respecto aos orzamentos aprobados neste Parlamento. É dicir, veñen aquí defender e aprobar uns orzamentos que despois non cumpren. Recortaron vostedes 150 millóns de euros en dinamización económica do medio rural, 101 millóns de euros en actuacións ambientais, 70 millóns de euros en conservación e construción de estradas, 81 millón de euros en pesca, 110 millóns de euros en investigación, desenvolvemento e innovación, ou 54 millóns de euros en vivenda. E podería seguir, ¡claro que podería seguir!, pero só eses 566 millóns de euros aos que me acabo de referir son moi elocuentes e moi indicativos da seriedade e solvencia das súas propostas como xestores —sobre todo no que se refire a ámbitos clave—.

Estou seguro de que cos orzamentos para o ano 2024 vai pasar o mesmo se vostedes seguen no Goberno. Aínda que é moi probable que non sexa así e que sexa un goberno presidido polo Partido Socialista de Galicia, polo señor Gómez Besteiro, o que teña que modificar isto que hoxe imos aprobar. Sabemos todos que os orzamentos son o elemento crucial co que se orientan as actuacións dun goberno e por iso temos que rexeitar este proxecto. Sobran motivos para facelo. Con respecto aos do ano 2024, teño que sinalar —coa brevidade necesaria tendo en conta o tempo dispoñible— as grandes eivas que persisten logo da tramitación á que foi sometido o proxecto presentado. E, como algún criterio hai que seguir, vou facelo por seccións e tal e como aparecen no orzamento.

En materia de turismo, a Xunta de Galicia ten que facer unha fonda reflexión sobre os modelos máis acaídos para o sector turístico para que sexa un importante apoio para o conxunto do sistema produtivo galego e axude a xerar desenvolvemento na nosa terra. O obxectivo da Xunta de Galicia tería que ser atraer cantidade e calidade turística, pero para iso é imprescindible impulsar a transformación dos nosos destinos turísticos cara á sustentabilidade e á dixitalización. E a forma de facelo sería incrementando os orzamentos neste ámbito.

En materia de xustiza non se resolveu ningún dos problemas que se atopan enquistados dende hai anos. Quedan por facer no territorio moitas actuacións de infraestruturas xudiciais previstas nun plan que remataba no ano 2015, hai oito anos, e que aínda están pendentes —en Padrón, Muros, Sarria, Cambados, Vilagarcía, A Coruña ou Viveiro—.

En materia de seguridade, a Xunta de Galicia debería asinar co Goberno de España o convenio da unidade adscrita da Policía Nacional, que está caducado dende hai anos e sen o cal non se pode convocar o concurso que permita completar as prazas vacantes ata chegar aos 500 efectivos. É a súa responsabilidade, señores do Goberno galego, saír desta parálise e reclamar efectivos sen poñer nada cambio.

En materia de Administración local —que daría para un pleno monográfico—, o Goberno da Xunta de Galicia volta mostrar a falla de aposta polos gobernos locais. Mantén conxelado, como xa se dixo, o Fondo de Cooperación Local base, —sendo o único financiamento incondicionado do Goberno galego—. Incumpren deste xeito a Constitución española —esa que

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto aman e deciden defender proposta tras proposta neste Pleno—, a Carta europea de autonomía local, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei reguladora das bases de réxime local.

En materia de deporte demandamos unha partida específica para a promoción do deporte feminino e adaptar todas as infraestruturas deportivas ás mulleres e mellorar a súa accesibilidade.

En materia de medio ambiente, catorce anos despois, estamos aproximadamente na metade dos fondos que se dedicaban a medio ambiente no ano 2009; unha cifra que amosa o absoluto desleixo medioambiental da Xunta de Galicia —que é, de feito, o *farolillo rojo* do Estado nunha materia tan importante—. E isto acontece nun contexto de aposta verde europea e española, tanto a nivel político como orzamentario, do cal a Xunta de Galicia queda unha vez máis descolgada.

En materia de vivenda —digan o que digan—, as partidas consignadas por parte da Xunta de Galicia para o acceso á vivenda correspóndense na súa gran maioría cos fondos achegados polo Goberno do Estado. Isto demostra o nulo compromiso do Goberno galego, que non achega ningunha partida significativa de fondos propios. É unha situación que contrasta enormemente coas cifras da nosa historia recente. Se nos anos noventa do século pasado se finalizaban en Galicia unha media de 3.000 vivendas protexidas ao ano, na década seguinte —a primeira deste século— a media anual foi superior ás 2.700. Pero durante os gobernos do señor Núñez Feijóo —e agora do señor Rueda— as cifras de vivenda protexida caeron en picado ata chegar a apenas 300 rematadas de media anual —con casos extremos, como no ano 2019, con só 4 vivendas protexidas rematadas, ou ano 2015, con 2 vivendas rematadas—. Finalmente, hai unha gran parte de galegas e galegos que residen en vivendas arrendadas e pagan rendas excesivas en comparación cos seus ingresos. Polo tanto, a liña de axudas para asumir os custos de alugueiro que se prevé nestes orzamentos —especialmente se falamos da mocidade e das persoas en situación de exclusión— é totalmente insuficiente.

En materia de transportes e infraestruturas levamos toda a lexislatura avisando sobre o mal funcionamento do Plan de transporte público da Xunta de Galicia, de que non se cobren as necesidades de mobilidade das galegas e galegos e de que non se trata de problemas puntuais nos autobuses interurbanos —como alegan permanentemente dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade—. É un problema estrutural que se dá en todos os territorios de Galicia e especialmente no rural. E non vemos nestes orzamentos medidas que sirvan para mellorar as deficiencias, eivas e fallos detectados. No relativo ás infraestruturas recollidas nestes orzamentos amósase que este Goberno ten un proxecto esgotado, sen ideas, sen planificación, sen obras novas. Seguimos a falar de infraestruturas que ano tras ano aparecen nos orzamentos da Xunta de Galicia pero que non avanzan.

E no relativo a Augas de Galicia —ademais da repartición á que nos teñen acostumados, con fondos cara aos concellos que chegan máis a uns cá outros en función de criterios da cor política que está a gobernar esas entidades locais— a inmensa maioría das obras de depuración e saneamento que se prevén para o vindeiro ano proveñen de exercicios anteriores, de fondos que non foron executados.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En materia cultural e lingüística, se no exercicio pasado —no debate do ano pasado— manifestabamos o noso descontento, este ano só cabe dicir que imos a peor. Na área de cultura, en termos relativos, temos unha diferenza negativa do 0,03 por cento. Estas cifras evidencian claramente o que levamos denunciando dende hai xa demasiados anos: o escaso interese que ten o Goberno da Xunta de Galicia cara á nosa cultura. E o mesmo acontece no destinado á política lingüística, que experimenta un absurdo incremento dun 1,3 por cento e no que —indo á letra miúda— se aprecia como, nunha perversión manifesta do discurso habitual do Goberno galego, detraen centos de miles de euros precisamente das campañas de normalización lingüística ou de actividades de dinamización.

En materia de educación —outro monográfico—, a oportunidade que representa contar cuns orzamentos expansivos nun momento de crise polo aumento de prezos debería ser aproveitada para garantir a igualdade de oportunidades e a equidade, e estar ao carón das familias galegas. Pola contra, neste proxecto de orzamentos non se dá resposta ás necesidades que existen nos ámbitos educativos, tanto no non universitario como no universitario. A preocupante perda de poboación e a crise demográfica é a escusa para recortar e pechar unidades en lugar de aproveitar esa ocasión para facer unha análise do que está a acontecer nas zonas rurais e o drama que supón para todo o país. A única solución por parte da Xunta de Galicia é pechar centros. O descontento e a desconfianza de docentes e familias ante un ensino público mal xestionado están cada vez máis presentes. Temos necesariamente que mencionar que a partida de transporte escolar se mantén, pero cómpre lembrar que os recursos millonarios investidos neste servizo básico non se ven acompañados coa fiscalización ás empresas e coa exixencia por parte do Goberno galego dun funcionamento minimamente aceptable en termos de calidade.

Pasemos á materia de política social —outro monográfico—. En materia de pobreza e exclusión social temos que insistir en que nestes orzamentos non atopan resposta problemas tan graves como —soamente enumero algúns— un proxecto galego potente e debidamente orzado contra a pobreza infantil; o reforzo dos equipos técnicos de menores, así como crear equipos de infancia nos servizos sociais comunitarios; un plan de apoio ás familias monoparentais con base no artigo 40 da Lei de impulso demográfico; a reformulación da Lei de inclusión para eliminar o veto que ten a risga simultánea con outras axudas para as familias e menores en risco de exclusión e así poder complementala co ingreso mínimo vital; ou a recuperación da tarxeta básica.

En materia de dependencia, o balance dos últimos tres anos non é positivo para o Goberno galego, xa que, a pesar de contar con máis orzamento ca nunca —grazas, de novo, ás transferencias estatais— e a pesar de que a aportación estatal para dependencia por parte do Goberno de España se duplicou, en Galicia continuamos con problemas e carencias significativas das persoas con dependencia. De feito, nos últimos tres anos, diversos informes e estudos sobre dependencia a nivel estatal —como o do Observatorio Estatal de Dependencia, de directores e xerentes de servizos sociais, o balance anual da Valedora do Pobo ou o do Consello Económico e Social— revelaron problemas graves e persistentes nas axudas á dependencia en Galicia. E nese ámbito tan sensible non se atopan solucións nestes orzamentos aos problemas enquistados que sufrimos, problemas que teñen uns claros responsables, que son os sucesivos gobernos do Partido Popular.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En materia de xuventude, a mocidade galega é das que máis tarda en emanciparse do país e, paradóxicamente, das máis preparadas para o mercado laboral. O Goberno galego carece da coordinación necesaria que se precisa entre todas as áreas da Xunta de Galicia para fomentar o equilibrio entre a oferta e a demanda laboral á disposición da mocidade. De seguir nesta liña, e tendo en conta o contexto social complexo no que estamos inmersos, podémonos enfrontar a outro pico migratorio como o que vivimos hai aproximadamente unha década coa xuventude galega que tivo que soportar precariedade laboral ou ben facer as maletas —algunhas delas pagadas polo Goberno da Xunta de Galicia— e marchar a outra comunidade autónoma ou a outro país.

En materia sanitaria, en termos globais sobre a aplicabilidade, o orzamento sanitario segue a presentar unha baixa porcentaxe da atención primaria con respecto ao conxunto do orzamento. Galicia segue a situarse entre as comunidades autónomas de España con peor dato dende hai unha década, e o orzamento para este nivel asistencial increméntase aínda por debaixo do conxunto do orzamento sanitario —un 3,6 por cento fronte a un 4,4 por cento xeral—, o que sitúa este programa aínda con menor peso relativo con respecto ao resto de programas e servizos orzados. E previsiblemente seguirá mantendo a Galicia nunha posición débil en termos comparativos con outras comunidades autónomas.

En termos máis específicos de cuestións procedementais orzamentarias, vólvese incorrer no erro sinalado polo Consello de Contas: que lles dá igual o que diga o Consello de Contas ano tras ano, neste ámbito e en todos. Temos o Consello de Contas como un órgano que garante a correcta xestión dos orzamentos pero ao que non lle facemos caso cando nos advirte dos erros que se están a cometer; neste caso, co fondo de continxencia, dentro das partidas asistenciais —a partida de atención hospitalaria e a partida de atención primaria—, non como unha partida propia, como ocorre nas restantes consellerías. Esta cuestión non é menor no que ten que ver coa técnica orzamentaria. Repítese de maneira sistemática sen que —como dicía— as apreciacións do Consello de Contas sexan valoradas e tidas en conta. E faise porque o fondo de continxencia está plenamente dedicado de maneira sistemática ao plano asistencial e á contratación eventual de persoal. Esta circunstancia altera absolutamente a súa condición e natureza, ademais de evidenciar unha errática planificación en termos de persoal que ve alterada tamén a súa planificación orzamentaria para esquivar un correcto deseño.

En materia de emprego Galicia leva anos ancorada nun modelo que non funciona. As organizacións sindicais falan do pouco dinamismo do emprego en Galicia. E agora súmanselle novos desafíos que se deben ter en conta, como unha transformación do sistema económico coas tres transicións —dixital, enerxético-climática e sociodemográfica—, que inciden directamente no emprego con modificacións que se están a realizar e que se van realizar de forma inmediata no mercado laboral. Non obstante, o Goberno galego vive alleo ao desafío de conseguir que a poboación activa adquira competencias acordes cos novos perfís profesionais. Vexamos algúns datos —só algúns—: co goberno de Feijóo e Rueda Galicia perdeu un 10,1 por cento do seu volume de traballo, e no conxunto do Estado esa perda foi de 7,4 puntos menos; no sector industrial, Galicia perde unha de cada catro horas existentes en 2008, cando a media estatal é dunha perda de unha de cada seis; dentro das industrias manufactureiras que forman parte dos sectores estratéxicos galegos, moitas teñen perdas su-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

periores á media estatal; a industria alimentaria perde un 10,8 por cento en Galicia fronte a un incremento do 1,1 por cento estatal; e así sucesivamente.

En materia de igualdade lamentamos seguir vivindo un estancamento a pesar do incremento global da secretaría xeral competente. A realidade é que a suba orzamentaria que experimentan os tres programas desa secretaría obedecen á recuperación do dedicado a un deles, de accións de promoción de protección da muller, que no exercicio 2023 presentara unha forte caída; é dicir, non hai un incremento neto con respecto ao que ocorreu no ano 2022. Sorprende moi negativamente a minoración do programa de apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección. E o que debería ser hoxe unha prioridade deste goberno, igual que acontecía nas contas de 2023, depende unicamente das achegas do Estado.

En materia de medio rural, nos derradeiros orzamentos desta lexislatura seguimos sen atopar esa discriminación positiva que necesita o 95 por cento do territorio galego para frear o despoboamento e o envellecemento das nosas vilas e aldeas, que continúa a ser moi preocupantes. Despois de catorce anos continuados de gobernos do Partido Popular e a falla de políticas de discriminación positiva cara a ese medio, a posta en escena de proxectos, plans estratéxicos e novos textos lexislativos para a recuperación da terra ou de calidade alimentaria non serán de utilidade sen iniciativa, planificación e xestión que vaian acompañados dun orzamento axeitado para que os textos non sexan máis ca un papel mollado. O Consello Económico e Social de Galicia, no seu informe do ano 2022, dinos que dende o ano 2008 en Galicia se perderon 30.000 postos de traballo no sector agrario, un 31 por cento dos postos de traballo que existían nese sector no 2008. E alertaba dunha perda de 60.000 habitantes de poboación rural. Os sectores produtivos de Galicia seguen á espera de instrumentos que acompañen a reformada Lei da cadea alimentaria para asegurar que os produtores de todos os sectores primarios cobren por enriba dos custos de produción, poñendo énfase no sector da carne —con numerosas explotacións en dificultades polos elevados custos que soportan, os baixos prezos percibidos e as limitacións nas terras dispoñibles—. O medio forestal e natural necesita coordinación entre departamentos —de modo especial entre esta consellería e a de medio ambiente—. Pero esta coordinación segue a ser inexistente. Galicia necesita un dispositivo de extinción de lumes forestais único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da Consellería. Pero neste orzamento non aumentan a partida para o persoal, que teñen contratado durante seis meses, nin formulan o modelo de brigadas preventivas, constituídas polos concellos e conveniadas coa Consellería. Ese orzamento tampouco soluciona a necesaria e urxente planificación e ordenación dos recursos forestais da nosa comunidade, que poña orde nos actuais distritos forestais partindo da base de que, de case 2 millóns de hectáreas forestais, o 97 por cento son de propiedade privada —das cales o 30 por cento son de propiedade colectiva e o 70 por cento de propiedade individual—.

En materia de mar estes orzamentos o que fan é repetir as mesmas políticas doutros exercicios que vemos que non deron os seus froitos, e que, ademais, volven vendernos como novidades algúns proxectos e mesmo axudas que xa foron anunciados en orzamentos anteriores; por exemplo o servizo de asesoramento aos posibles beneficiarios de fondos europeos, que xa foi anunciado en 2021, ou as axudas para paliar as consecuencias económicas da invasión de Rusia sobre Ucraína, que xa foran anunciadas pola anterior conselleira cando

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presentou os orzamentos do ano 2023. A gravísima situación que está a atravesar o marisqueo é extraordinariamente preocupante e a Xunta de Galicia mira cara a outro lado agardando que os problemas se resolvan sós. Os sectores da pesca, a acuicultura e o marisqueo están atravesando grandes dificultades e a Consellería do Mar presenta uns orzamentos que apenas medran o 1,2 por cento con respecto a 2023 e que, ademais, ante os mesmos problemas, seguen a propoñer as mesmas receitas que nos últimos catorce anos —que, como sabemos, non serviron para axudar o sector—. E non podemos esquecer o gran problema estrutural que ten amosado esta consellería durante os últimos anos, cunha baixísima execución orzamentaria.

E debo facer unha especial referencia —ou, mellor dito, unha especial consideración— á falla de consideración que estes orzamentos teñen coa Administración local. Porque esa administración é a que día a día presta servizo aos 2.690.464 galegas e galegos que vivimos nesta comunidade autónoma. Hai escasos días, a Federación Galega de Municipios e Provincias destacou que as entidades locais galegas recibirán en 2024 sobre 1.600 millóns de euros do Estado, 300 millóns de euros máis que este ano. E esta realidade contrasta coa conxelación da base do Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia, que leva desde o ano 2010 sen subidas. Ou sexa, o órgano de representación no que tamén hai alcaldesas e alcaldes do Partido Popular cifra en 1.600 millóns de euros o financiamento estatal para repartir entre todas as entidades locais galegas, concellos e deputacións, despois do anuncio que fixo o Ministerio de Política Territorial na Comisión Nacional de Administración Local de subir ese financiamento. Desa cantidade estímase que os concellos van recibir 900 millóns de euros fronte aos 747 do ano anterior; e as deputacións, uns 700 millóns fronte aos 590 do ano 2023. Din dende a Fegamp que non ten ningún sentido que os concellos estean a ver como os ingresos que chegan do Estado medran cada ano dunha forma extraordinariamente importante mentres que os que dependen da Xunta de Galicia levan conxelados desde o ano 2010. E isto é así porque o Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, unha vez máis, non adecúa a súa asignación aos concellos de Galicia; non a adecúa, cada vez con máis frecuencia, ao custo das competencias que a normativa autonómica lles atribúe. Porque estes orzamentos non apostan pola autonomía na toma de decisións dotada de recursos económicos suficientes e manteñen a tutela e a repartición arbitraria mediante convenios ou subvencións de moi difícil xustificación obxectiva. Tampouco queda garantida a prestación dos servizos públicos en igualdade de condicións fronte á quebra da igualdade como consecuencia duns servizos públicos minguados. E porque non aproveitan a oportunidade para establecer un novo marco normativo —longamente demandado pola Fegamp— que garanta a irrenunciable obxectividade no financiamento das administracións locais.

En definitiva, sobran os argumentos para que manteñamos as nosas emendas. Estes orzamentos históricos, que malgastan recursos públicos en dádivas ou, se o prefiren, en beneficios para quen non os necesita, que reciben aportacións históricas procedentes tanto dos fondos europeos como do sistema de financiamento autonómico, non van dar as respostas que Galicia necesita nin no enfoque macroscópico nin no enfoque microscópico. Non van resolver nin as carencias sanitarias nin educativas, nin as carencias nos servizos sociais nin en materia de vivenda, pero tampouco se van resolver os problemas industriais nin os do sector agrario nin os do sector pesqueiro nin os do comercio. E non é que o diga eu. É que esa afirmación que tanto lle gusta dicir de vez en cando ao señor Rueda —mentres non

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para— de que se poden ter máis servizos públicos con menos impostos é simplemente falsa. É unha ocasión tristemente perdida para Galicia.

Para ir rematando, e como dicía antes, o noso grupo parlamentario presentou máis de 700 emendas parciais ao estado de gastos, das que ningunha foi admitida polo Partido Popular. Creo que hai que asumir, dende o punto de vista estatístico ou de probabilidades, que resulta moi complexo asumir que ningunha desas emendas era correcta. ¿Por que non é necesario —pregunto— rehabilitar ningún equipamento deportivo o cultural? ¿Tampouco é necesario construír novos equipamentos culturais ou deportivos? ¿Non é necesario mellorar ou construír novos saneamentos ou abastecementos nos concellos non favorecidos no sorteo anual da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda? ¿Non é necesario habilitar novas sendas peonís? ¿Tampouco hai estradas nas que mellorar o estado de conservación ou seguridade? ¿Ningunha das actuacións propostas para a creación ou ampliación de superficie industrial era necesaria, ou ningunha das actuacións propostas en centros de ensino? ¿Non hai necesidade de mellorar ningún dos centros de saúde propostos? Por suposto, non son necesarios nin novos centros de día nin residencias para maiores porque nos sobran prazas ¡a esgalla! Se necesitan nalgunha comunidade autónoma, aquí temos capacidade para recibir. Non se precisan plans de rexeneración de zonas pesqueiras e marisqueiras. Non hai nada que mellorar en concentracións parcelarias. E, para rematar, nada hai que mellorar en orientación laboral ou información para desempregados nas comarcas galegas. E podería seguir así ata o infinito e máis alá, e non parar, como fai Galicia.

E non, non son estas nin outras as mesmas emendas de sempre, como lle temos oído ao Partido Popular. O que si hai son argumentos que se repiten, porque seguimos a padecer os mesmos problemas sen solución, e aos que lamentablemente engadimos outros novos, uns deles conxunturais pero outros que son consecuencia dunha longa concatenación de erros que estamos a pagar e dos que, por certo, este grupo parlamentario leva anos advertindo.

Remato.

Aprobar, aprobaranos; pero modificar, modificarémolos nós.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día, de novo.

Somos porque foron. Hoxe Galiza debate os seus orzamentos porque antes ca nós outros homes e mulleres do noso país construíron un autogoberno, que, aínda que limitado, é tre-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mendamente valioso. É tremendamente valioso porque decidir sobre o orzamento é unha das vías máis importantes que pode ter un goberno para intervir no presente e para intervir, sobre todo, no futuro do seu país. As cifras son o que fan posible que as cuestións que poñemos nas leis e nos plans poidan trasladarse á realidade dos galegos e das galegas e mellorar así as súas condicións materiais de vida.

Un orzamento permite, en definitiva, facer política; facer política, esa frase que tanto escoitamos neste Parlamento, esa frase tan deostada pola dereita, coma se o noso mandato aquí fose fabricar camións ou camisas e non impulsar melloras no ámbito lexislativo e no ámbito da xestión pública. É una frase que, en definitiva, agocha unha forma de gobernar que desde o BNG entendemos que hai que cambiar se queremos avanzar, e que agocha á fin e ao cabo —como o viamos no debate anterior— un goberno absolutamente parapetado en si mesmo, un goberno que cre que, por ter de momento maioría, ten xa só por iso absoluta razón das cousas pese a que haxa datos obxectivos que amosen o seu fracaso, como perder máis de 200.000 mozos e mozas en catorce anos que marcharon fóra buscar un futuro mellor, ou como indica, por exemplo, o retroceso nos indicadores de competitividade. É un goberno parapetado en si mesmo e que cre ser posuidor da razón pese a que ten, por exemplo, protestando a todo o seu persoal a cargo, esgotado pola temporalidade e pola precariedade, tal e como vemos na sanidade ou no ensino, pasando pola política social, os servizos de incendios ou o ámbito da xustiza. É un goberno que cada vez está máis nervioso, que se sabe esgotado, que sabe que estamos nun momento de cambio de ciclo que é imparable e que responde, ademais, á desesperada. Vímolo neste trámite orzamentario de anuncios fantásticos, de aprobación de cambios lexislativos profundos sen pasar por informes, a través da Lei de acompañamento —que debateremos despois—, e vémolo tamén no día a día da CRTVG, que, se antes era o NO-DO, agora directamente parece o Tik Tok persoal do presidente Rueda.

En todo caso, estes orzamentos son unha boa mostra desa forma de facer política absolutamente inútil para Galiza dun goberno instalado non só na rutina senón tamén na soberbia. Vémolo co balance de emendas. Debatemos agora 604 do Bloque Nacionalista Galego, das que non foron aceptadas nin negociadas nin unha soa. Pero, se ampliamos o foco á lexislatura, foron 2.104 propostas de actuacións concretas —que en moitos casos non eran nin sequera do Bloque Nacionalista Galego senón de colectivos e de institucións sociais— que foron directamente vetadas.

E veremos hoxe aquí novamente como desprezan e minusvaloran estas propostas, coma se isto fose un debate técnico e non un debate político, cando saben que o problema que hai, o problema de fondo, non é a nosa habilidade para presentar suxestións ao proxecto de orzamentos senón que diante hai un muro absoluto por parte do Goberno galego, que non ten capacidade de escoita e que está instalado na autocompracencia; un goberno que nin exerce o autogoberno nin o desenvolve, máis ocupado e preocupado pola axenda de Génova que polo que pasa nos case 30.000 quilómetros cadrados que ten este país, este gran país, que teñen vostedes que gobernar; ata tal punto —viámolo no debate anterior— que, sendo a débeda un dos principais problemas deste país, non a negocian por sectarismo político. O BNG fai o seu traballo e, mentres outras comunidades van negociar bilateralmente, a Xunta de Galiza baixa os brazos e non fai o seu traballo porque o único que fan e para o único que le-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vantan os brazos é para facer de *palmeros* do señor Feijóo e para aplaudirlle unha e outra vez.

Esa é, en definitiva, a súa forma de facer política e tradúcese nuns orzamentos que, como se viu nestes dous meses, non dan resposta aos enormes desafíos que ten a Galiza de 2024 e a Galiza que vén. Non hai alternativas aos desafíos que teñen que ver coa crise de prezos nin coa deterioración dos servizos públicos nin coa crise climática nin coa necesidade de transformar a economía. Son uns orzamentos que son o contrario do que precisa este país. E neste trámite, ademais, e polo seu sectarismo, non os melloran nin nunha coma nin nunha décima. Son —como diciamos antes— unha mala noticia. E a única boa noticia é que pronto os galegos e as galegas poderán votar e poderán decidir se referendan ou non estes orzamentos.

Nós o que podemos dicirlles aos galegos e ás galegas hoxe é que, diante destes orzamentos, se viu tamén que hai unha alternativa. A través das máis das 600 propostas que presentou o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sinalamos que hai outra forma de facer as cousas, que hai outra forma de facer política, unha política útil, construtiva, que parte do coñecemento e da confianza neste país, doutra maneira de xestionar os recursos públicos a favor da maioría e desde a confianza nas nosas capacidades. Porque si, somos un proxecto político con historia, con experiencia e —volvémolo dicir— que estamos preparados e preparadas para os retos que veñen por diante.

E, miren, este debate dáse acabando o 2023, que foi, ademais, o ano do centenario do Seminario de Estudos Galegos. O Seminario de Estudos Galegos foi unha ferramenta deste país que aglutinou o mellor da xeración dese momento e que soñou unha Galiza posible. Unha das persoas máis brillantes desta xeración, que axudou, ademais, a redactar o Estatuto do 31 —grazas ao que podemos ter hoxe este debate orzamentario—, foi Valentín Paz-Andrade. Valentín Paz-Andrade —que foi absolutamente todo, desde poeta a avogado, político, empresario e tamén ensaísta económico— dixo nun dos seus discursos que o feito económico é a base fundamental dos problemas sociais. Facemos nosa esa reflexión. Efectivamente, hai moitas cuestións do feito económico que explican os problemas sociais que temos hoxe. Por iso hai que atallar todo o que non funciona no ámbito económico —a comezar por este proxecto de orzamentos que non dá respostas nas súas propostas de gasto—. A crise demográfica, a crise de prezos, o éxodo xuvenil, a situación das rías, o abandono do medio rural, a desigualdade territorial, a crise climática, a situación da sanidade e a atención á vellez son desafíos aos que non se responde. Coas máis de 600 propostas que presentamos facemos noso ese mandato, ese espírito do Seminario de Estudos Galegos, e soñamos a Galiza posible enviando unha mensaxe clara de que temos a alternativa que se precisa; unha alternativa de goberno para reforzar os servizos públicos e as políticas de igualdade, unha alternativa de goberno comprometida con impulsar os sectores produtivos, apostar pola ciencia como un eixo transversal, preservar o medio e impulsar a transformación enerxética e a loita contra a crise climática.

Desde logo, o primeiro gran eixo é o dos servizos públicos, porque son o máis importante que ten unha sociedade para facer que sexa máis xusta e máis igual. E, desde logo, somos conscientes de que a tarefa máis urxente que se vai ter que acometer na próxima lexislatura

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vai ter que ser o rescate da sanidade pública. Rescate, si. Empregamos a palabra «rescate» conscientemente porque deixan vostedes o sistema sanitario do noso país, despois de catorce anos, nunha situación absolutamente crítica, despois dunha folla de ruta planificada para favorecer a privatización e a precariedade. Milleiros de profesionais marcharon, non se planificou o relevo xeracional e normalizaron vostedes que un galego ou unha galega poida esperar ata quince días para ter unha consulta de atención primaria que hai uns anos era case dun día para outro. E os datos falan por si propios: 210.000 persoas esperando unha consulta hospitalaria, 47.000 esperando unha operación, 119.000 agardando por unha proba diagnóstica, miles de persoas agardando e xogando co tempo en contra da súa curación. E é que estamos falando da vida da xente, señorías.

E ¿que fai, mentres, o presidente da Xunta? Vímolo hai uns días: «*Con esta situación, el presidente de la Xunta pide «sentidiño» a los gallegos para que no colapsen los hospitales*». ¿Que sentidiño? ¿Pensan que a xente vai por vicio aos hospitais? ¡Teñan un pouco de vergonza! *(Aplausos.)* Esta é a forma de facer política do Partido Popular.

Esta é a forma de facer política do Partido Popular. ¿Hai un problema? Busquemos un culpable. Se non é Néstor Rego, será Ana Miranda. Se non é o Bloque Nacionalista Galego, será a xente que vai por vicio aos hospitais. Tamén se lles dá ben, ademais de buscar culpables, dar titulares. O tema dos titulares dáselles ben. Ademais, como teñen un medio exclusivamente traballando ao seu servizo, xa practicamente a correlación entre gabinete da Xunta e televisión é directa. En todo caso, cando hai un problema anuncian un plan pantasma que non se negocia con ninguén, que non se negocia laboralmente, que non se publica e do que non se sabe nada.

Pois iso tamén o fixeron coa sanidade. Hai menos dun ano a Xunta pon en marcha un programa de intensificación asistencial para acabar coas listas de espera e reducilas. Ían reducilas a niveis prepandemia e, como di o *clickbait*, *lo que pasó después te sorprenderá.* Nas listas de consulta hospitalaria hai 43.000 persoas máis agardando que no 2019, 11.000 máis esperando por unha operación, 34.000 máis esperando por unha proba. Señorías do Partido Popular, a culpa non é da pandemia, non é do pico da gripe e a culpa non é dos galegos e das galegas que van ás urxencias. A responsabilidade vén da política neoliberal e de demolición do sistema público do Partido Popular, ¡así de claro! E neste grupo de emendas presentamos propostas para corrixila. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, si, non se alporicen, a responsabilidade é súa.

Seguimos á cola en investimento sanitario no ámbito do Estado. A Consellería incrementa menos que a media do orzamento; recortaron máis de 2.000 millóns de euros en atención primaria; non impulsaron un só cambio estrutural. ¿De quen é a responsabilidade?, ¿de quen é a competencia sanitaria? É do Partido Popular. E vese ben o abandono en algo tan importante na nosa sociedade no día de hoxe como é a saúde mental. Trescentos catro galegos suicidáronse no ano 2022 e vostedes confórmanse con que haxa 9.082 persoas esperando a súa primeira consulta de psiquiatría. Tomen isto en serio e escoiten as propostas, porque poden falar vostedes de sentidiño, de Cataluña, de Navarra, do Espírito Santo ou do chachachá, pero é unha responsabilidade do Goberno galego coa que teñen que cumprir e deberían

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facer un pouco de autocrítica e aceptar propostas que hai nesta batería de emendas para atallar isto; propostas como dotar con 21 millóns de euros un verdadeiro plan de atención á saúde mental —porque poden facer un plan, pero sen orzamento non é nada—; propostas como impulsar un novo modelo de atención primaria con máis persoal, con equipos multidisciplinarios que incorporen, por exemplo, psicoloxía clínica, terapia ocupacional, odontoloxía, que amplíe servizos; propostas como a eliminación da precariedade, a cobertura das substitucións ou o aumento de prazas de formación; propostas para reducir as listas de agarda e garantir tamén a igualdade territorial, garantir a igualdade territorial no acceso aos servizos públicos, porque debe ter os mesmos dereitos garantidos unha persoa de Xinzo que de Monfero, unha persoa da Fonsagrada que de Ribadeo, e teñen que ter o mesmo dereito que calquera persoa que viva nunha cidade.

Pero ao Partido Popular non lle vale nin unha soa proposta das máis de 600 porque son vostedes o goberno da soberbia e do «non». Vémolo claramente co que está a pasar no ensino. Tivemos ¡dúas!, dúas folgas de profesorado. Nos tres meses que levamos de curso escolar somos a única comunidade do Estado que non recuperou os dereitos recortados a partir do ano 2010, ¡a única! ¡É que lles pasou a señora Ayuso pola esquerda! *(Murmurios.)* Si, si, somos a única que segue sen recuperar eses dereitos.

Están vostedes tan a monte que a maioría sindical deste país lles pide unha reunión e non lla dan. O Goberno galego non se reúne coa maioría sindical. Está moi preocupado por con quen se reúne ou non o BNG, pero a maioría sindical do ensino público pídelle ao señor Rodríguez unha reunión e non lla dá. Péchase na Consellería a maioría democraticamente escollida polos docentes deste país para ser atendida e trasladar o que necesitan. E ¿que fai o Goberno galego? Chamar a policía para que os desaloxen, chamar a policía para que os desaloxen. ¡Caramba para o diálogo social! Miren, señores do Partido Popular, están vostedes absolutamente bunkerizados, directamente metidos no seu propio embigo. Pero, ata que nos pidan que desaloxemos a tribuna —que todo se andará—, van ter que escoitar as propostas que temos para o ensino público; propostas como, por exemplo, o aumento do profesorado —acaban de anunciar unha OPE vestida de grandes titulares pero que nin sequera cobre a taxa de reposición—; propostas como o reforzo dos comedores escolares ou propostas como as bolsas anticrise.

Tamén no ámbito da política social vimos nestes dous meses de debate como hai dous modelos, o dos fogos de artificio do Partido Popular —que en realidade son parches para seguir individualizando os problemas de política social e para seguir drenando recursos para a privada— e o do BNG, no que apostamos por garantir dereitos a través dos servizos públicos.

O modelo do Partido Popular é basicamente máis diñeiro para o *lobby* das residencias mentres as sete residencias públicas prometidas, que ían estar no 2017, seguen sendo ciencia ficción. Non só non destinaron un só euro público a construír residencias públicas de maiores, senón que, cando llelas constrúen outros, o que fan é privatizar a xestión, como estamos vendo. É un absoluto escándalo.

E os fogos de artificio do Partido Popular non resolven a escaseza de servizos públicos, non resolven a escaseza de prazas para a atención a dependentes ou persoas con discapacidade,

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por exemplo. E xa non é que o diga o BNG, xa non é que o diga o Consello Económico e Social ou xa non é que o diga o Consello de Contas, incluso esta mesma semana puidemos escoitar como puña o acento nesta cuestión o Colexio Oficial de Traballo Social do noso país. Faltan prazas públicas de residencias e de centros de día públicos, como amosan as nosas emendas. Falta tamén un verdadeiro soporte de atención á dependencia, como o que se propón nas nosas emendas coa Estratexia Fogar. E tamén, malia a demagoxia demográfica que exerce o Partido Popular aprobando leis baleiras de contido, tamén faltan servizos públicos para favorecer a conciliación. Un dato: se en Galiza hai máis de 63.000 crianzas menores de 3 anos, ¿canto cobre a oferta pública? O 17,6 por cento. E ¿que fai o Goberno galego? Poderiamos pensar que o Goberno galego está facendo un grande esforzo en construír novas escolas infantís, en dotar o sistema público. Non, non, en seis anos, ¡dúas! En seis anos construíron dúas escolas infantís, dúas galiñas azuis. Quedaron vostedes herniados.

Polo tanto, hai que preguntarse: ¿o problema é que a oposición non facemos boas propostas, non sabemos emendar os orzamentos, ou o problema é que en realidade vostedes o que non queren é fortalecer os nosos servizos públicos e que levan vostedes catorce anos dilapidando dereitos sociais neste país? Pois cremos que está bastante claro. E, ademais, isto é grave, porque —falabámolo no debate anterior— nestes catorce anos vostedes triplicaron a débeda, ¡triplicaron a débeda! É a terceira consellaría, é a terceira gran partida de gasto destes orzamentos. E, polo tanto, se esta é a diagnose dos servizos públicos, se estas son as debilidades da sanidade, do ensino, da política social, da atención aos maiores, aos máis pequenos, ¿para que triplicaron esa débeda? Esa é a pregunta que hai que facerse, porque amosa o seu fracaso, un fracaso nos servizos públicos e tamén un fracaso no que ten que ver cos dereitos sociais. Por iso desde o BNG entendemos e temos claro que é necesario un xiro de 180 graos, porque a Galiza que vén debe dar prioridade tamén ao avance en dereitos e solidariedade nun momento de crise.

A semana pasada coñeciamos outra vez os datos do IPC, que novamente son maiores en Galiza que no Estado. E temos que ver tamén a foto máis ampla. Vemos como somos a segunda comunidade na que máis medraron os prezos desde a covid, e vemos como, pese a sermos unha potencia alimentaria, neste país no último mes aumenta o IPC sobre os alimentos seis veces máis que no conxunto do Estado. E ante iso, ¿que fai o Goberno galego? ¿É un goberno empregando o seu autogoberno para protexer a quen peor o está pasando? Pois vemos que o que fai o Goberno galego é vetar propostas mentres aumenta neste país a privación material severa ou o número de persoas que non poden permitirse comprar peixe ou carne dúas veces á semana. E ¿que fai o Goberno? Vetar. Vetan a recuperación da Tarxeta Básica ou unha verdadeira renda galega de inserción; vetan propostas como compensar a suba de xuros nas hipotecas e axudar a xente; propostas como subir as axudas de violencia machista cando menos o equivalente ao IPC —unha partida de 5 millóns que non é nada no total do orzamento—; propostas como subir as pensións non contributivas —que subiron vostedes un euro en catorce anos—.

A verdade é que a unha lle dan ganas case —non sei— de darlles os parabéns, porque á parte de ter o título de goberno máis *palmero* de Feijóo, de goberno máis *palmero* das directrices do Partido Popular no Estado, teñen vostedes tamén a dubidosa honra de ser vostedes a dereita máis neoliberal e máis insolidaria de todo o Estado. *(Aplausos.)* E o noso modelo, o que

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reflicten as nosas emendas, é o contrario, é a alternativa de avanzar en dereitos; por exemplo, a unha vivenda digna. Hoxe sabemos que a vivenda é o principal factor de exclusión social da nosa sociedade. ¿Que fai o Goberno galego? Xa vimos na primeira parte deste debate orzamentario, no mes de novembro, o fracaso absoluto da súa política de vivenda, o dunha consellaría que nin planifica nin executa. Pero tamén neste debate orzamentario vetan vostedes, por exemplo, un plan de garantía de acceso á vivenda para persoas en situación de precariedade económica ou vulnerabilidade social. E vétano cando saben que a súa política nese ámbito son simplemente parches, tiritas que non serven. E un exemplo que se ten debatido neste Parlamento ducias de veces é o do bono de alugueiro social, que está pensado para os titulares e para que a xente non se poida acoller realmente a el porque exixe un contrato.

E, miren, nos últimos meses vimos situacións moi graves neste país. O caso de Rosana —veciña de Vigo— e os seus fillos foi o máis extremo. Pero casos como ese hai milleiros, nos que non conseguen unha alternativa habitacional e que subsisten a base de solucións temporais e precarias, ou vivindo na rúa. E iso é gravísimo. Por iso tamén nesta fase de emendas propoñemos una reforma completa no ámbito da vivenda e da súa política, porque temos unha Xunta que se puxo de perfil e do lado dos *lobbys*, como amosan tamén esa vergonza de autoemendas que presentaron vostedes á Lei de acompañamento. Fronte a iso, nós propoñemos un xiro de 180 graos, igual que hai que darlle tamén un xiro a todo o que ten que ver coa política económica.

Desde logo, no BNG temos claro que a Galiza que queremos ten que construírse apostando polos seus sectores produtivos como un eixo de desenvolvemento. E hoxe sufrimos as consecuencias dun goberno que abandonou o medio rural e que abandonou o mar. Temos 600.000 hectáreas con potencial agropecuario abandonadas, unha superficie agraria útil en Galiza que é dun 21 por cento fronte ao 47 por cento estatal, e desde o 2009 destruíronse 27.000 explotacións entre leite e carne. A nada diso dan resposta estes orzamentos, uns orzamentos absolutamente rutineiros fronte aos que propoñemos un impulso que aposte polo relevo xeracional, pola multifuncionalidade do monte, pola diversificación e polo peche de ciclos produtivos.

E temos que atender tamén con urxencia a situación do sector do mar. Miren, eu son de secano. Aprendín nestes anos moito do sector do mar grazas ás miñas compañeiras do Parlamento galego, e grazas tamén ao señor Bieito Lobeira, co que aínda estiven reunida onte. Entón, como vexo que o Partido Popular está inquieto por se marcha ou non marcha, pero non se preocupen que o señor Lobeira está vivo, está presente, está activo e pode asesoralos se queren. Creo que se están confundindo coas fugas que hai no Partido Popular, creo que están nerviosos un pouco polas declaracións ante o Tribunal Supremo do día de hoxe, pero non se preocupen.

En todo caso, falando da cuestión do sector do mar, é a consellaría espello do que fai o Partido Popular na Xunta. Está centrada na propaganda, sen capacidade de execución e sen atender cuestións que levan enriba da mesa anos, décadas —como a rexeneración das rías—, e ocupada en buscar culpables e responsables por outros lados cando non fan o que poñen nos seus propios orzamentos. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, miren, habería que preguntarse se leron vostedes o Estatuto, porque, claro, mañá imos ver outra *oda a la Constitución* nesta Cámara. Estupendo, traian vostedes *la oda a la Constitución* todas as veces que queiran, pero repasen un pouco o Estatuto —o artigo 27.15, competencias exclusivas en marisqueo—. Non hai nin catro días que vetaron neste Parlamento galego, coa que está caendo no sector do marisqueo, axudas específicas para axudar as persoas que peor o están pasando. *(Aplausos.)* E, como iso, todas as propostas que incluímos no ámbito do mar; sobre todo no ámbito da rexeneración das rías, que son urxentes e que vostedes van vetar outra vez. Polo tanto, nós pedímoslles que rectifiquen, que paren de vetalas, ou que convoquen eleccións. Se vostedes non queren facer ese traballo, que o fagan outras.

En todo caso, a Galiza que vén —parécenos importante insistir noutra cuestión— debe situar a ciencia como eixo transversal, preservar o medio e impulsar a transformación enerxética e a loita contra a crise climática. O Goberno galego renunciou a ese camiño. A proba é —na foto longa— a evolución da porcentaxe de investimento en I+D+i ou —na foto máis curta— ver cal foi a execución de ámbitos tan importantes como o Plan galego de innovación. Nin cumpren o que poñen nin apostan tampouco por alternativas como as que situamos nós, como un fondo de rescate para as empresas en crise ou propostas para reindustrializar o país —reindustrializar despois de que vostedes ou desindustrializasen—. Perdemos emprego industrial, perdemos empresas e perdemos músculo.

Nós entendemos que no futuro será clave a transición enerxética e a loita contra a crise climática, e hai que facela —dicímolo con todas as letras— ao servizo de Galiza e non ao servizo do *greenwashing*, dos grandes intereses económicos, como están a facer vostedes impulsando empresas privado-públicas *ad hoc* ou outras medidas absolutamente lamentables. Para mostra, tamén a evolución da Consellería de Medio Ambiente, capitaneada por unha falta de execución e de cumprimento que é clamorosa.

Fronte a un Partido Popular, en definitiva, que transformou o Consello da Xunta nunha xestoría ao servizo do Ibex 35, nós darémoslle a volta. E propoñemos facelo nestes orzamentos arredor de tres eixos: ampliar a protección, apostar pola rexeneración e liderar tamén a loita contra a crise climática con programas innovadores. En conclusión, máis de 600 emendas que sinalan un camiño alternativo, un futuro que é posible, que sinalan carencias, que sinalan eivas pero que sinalan tamén algo moito máis importante, que é un horizonte, un horizonte de alternativas e de posibilidades.

Pasaron cen anos desde que en 1923 homes e mulleres deste país soñaran un país mellor ao abeiro dese instrumento que foi o Seminario de Estudos Galegos. Pasaron décadas desde que Andrade asinou o seu libro *Galiza como tarefa*, no que abordaba unha contradición esencial deste país que desafortunadamente segue vixente. E é que somos unha poboación empobrecida dentro dun contexto absolutamente excepcional, cunha potencia e uns recursos naturais absolutamente excepcionais que están ou abandonados ou xestionados por intereses alleos. Paz-Andrade dixo entón que entendía Galiza como algo que temos que facer ou refacer todos os días. Nós entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que esa tarefa de construción dun país mellor segue absolutamente vixente. E é hoxe absolutamente necesaria e urxente, porque estamos nun momento de transformacións en que Galiza xoga gañar ou seguir perdendo. E para iso entendemos que non serven neste contexto nin localismos es-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

térileis nin obediencias caducadas a forzas estatais, que é preciso pensar Galiza desde e para Galiza.

Por iso, con modestia, con humildade pero tamén con traballo e con esforzo, levamos a cabo este debate orzamentario, e entendemos que estamos en condicións, ademais, de continuar esa tarefa e de liderar un cambio político neste país para poder construír a Galiza que vén. E, si, a vostedes moléstalles, pero estamos preparados e estamos en condicións de facelo. Temos un proxecto, temos as persoas, temos a mellor candidata, e amosamos nesta 600 emendas que é posible outro futuro, que é posible un futuro que é imparable, señorías do Partido Popular. E por nós non quedará ata facelo posible, no inmediato ou máis alá.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Ben, moitas grazas, presidente.

Señorías, á parte de congratularnos de que o señor Lobeira siga vivo e coleando, pois tamén nos gusta saber que teñen vostedes proxecto, que teñen equipos, que teñen todo, todo, señoría, menos o apoio dos galegos.

Señorías, eu confeso que hoxe é un día moi feliz para este deputado, porque, despois de moitas semanas de intenso traballo, de innumerables debates en comisións e de analizar polo miúdo un importante número de emendas, estamos en disposición de aprobar o Proxecto de lei de orzamentos para 2024, o primeiro no que teño a honra de participar como portavoz do grupo maioritario. E penso que é de ben nacido encomezar esta intervención agradecendo a todos a súa participación no debate e na elaboración desta lei, ao persoal da Cámara pola colaboración prestada, aos letrados pola asesoría e pola paciencia, aos deputados da oposición polas súas achegas e tamén polo voto en xeral durante estas longas semanas de debate. E, señorías, permitiranme un agradecemento especial a todos e a cada un dos meus compañeiros de bancada, porque, sen vós, sen o voso compromiso e apoio, para min tería sido moi complicado abordar a responsabilidade que me tocou asumir hai catro meses e, en particular, tería sido moi difícil completar a tramitación parlamentaria deste proxecto orzamentario con éxito e case que con vida. E por iso vos pido que non tomedes isto como unha frase feita nin como unha fórmula de cortesía, senón como o agradecemento sincero dun compañeiro que se sente en débeda con todos vós. De corazón, moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

Señorías, é certo que hoxe imos rematar o longo proceso que sempre precede á aprobación definitiva dun orzamento. E a piques de culminar podo dicir que nos sentimos profundamente orgullosos de presentar estas contas aos galegos. Non faltan motivos para sentirmos ese orgullo, comezando polo feito de que Galicia se converte hoxe na primeira comunidade autónoma de España en poñer á disposición dos seus cidadáns as contas públicas para o ano 2024. E penso que este feito obxectivo e non suxeito á controversia amosa con gran claridade un dos piares fundamentais nos que se sustentan os importantes avances que acadou este

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

país durante os sucesivos gobernos do Partido Popular de Galicia: a estabilidade, unha estabilidade social, institucional e política que este goberno tentou garantir sempre de maneira case compulsiva, convencido de que esa estabilidade supón por si mesma un valor que aporta grandes beneficios ao conxunto da sociedade galega. E, froito dese convencemento, o Goberno galego asumiu o reto de elaborar o seu orzamento nos prazos habituais a pesar das evidentes dificultades técnicas derivadas da inacción dun goberno do Estado que eludiu de maneira flagrante o cumprimento das súas obrigas orzamentarias máis básicas.

Señorías, resulta evidente que Galicia vai aprobar estes orzamentos en tempo e forma a pesar dun executivo central incapaz de facilitar en prazos razoables a previsión de entregas á conta ou a capacidade de endebedamento das comunidades autónomas. Nin sequera foi quen de convocar un Consejo Interterritorial de Política Fiscal e Financeira ata a pasada semana, unha cita na que nos facilitaron eses datos básicos para a elaboración de calquera orzamento —apenas oito días antes de que Galicia aprobe definitivamente a lei económica máis importante do ano—. Foi unha convocatoria, por certo, vergoñenta, vergoñenta por moitos motivos. Primeiro, porque ten lugar con ano e medio de atraso, cando o Consejo Fiscal debería convocarse alomenos dúas veces ao ano. Parece evidente que o Goberno —ese goberno que tanto presume de dialogante— non amosa demasiado interese polo diálogo coas comunidades autónomas —alomenos non con todas—. En segundo lugar, porque é unha convocatoria coas cartas marcadas, cunha orde do día de mínimos establecida unilateralmente polo Goberno, que se negou a incluír nela cuestións de enorme importancia, como os criterios de repartición de fondos europeos ou a condonación da débeda autonómica a todos prometida pero só a Cataluña concretada. En terceiro lugar, e por último —aínda que non menos importante—, porque da convocatoria se ausentou precisamente a conselleira de Facenda da Generalitat, a señora Mas, que segundo as súas propias declaracións xa negocia un financiamento singular para Cataluña. Polo tanto, a convocatoria do Consejo de Política Fiscal tan só serviu para evidenciar, unha vez máis, a España de dúas velocidades creada polas cesións do señor Sánchez ao independentismo —coa bendición, por certo, da señora Pontón e do señor Besteiro, máis preocupados en pelexar polo encadramento dunha foto que polas necesidades de Galicia—.

Señorías, Galicia ten un goberno fiable, responsable, que respecta o marco institucional; e por iso continuará participando nos órganos de diálogo coa máxima intensidade e con total vontade de acordo. Pero a lealdade institucional debe ser compatible coa lealdade aos galegos. E non seriamos leais co noso pobo se non lle contásemos o que está ocorrendo: que unha parte importante do noso futuro se está negociando cun delincuente fugado da xustiza nunha mesa en Ginebra e coa presenza dun mediador internacional. Esa é unha triste realidade da que nacionalistas e socialistas galegos son cómplices e que nós non imos deixar de denunciar. *(Aplausos.)*

E namentres en Suíza se negocia en secreto para garantir privilexios a uns poucos, en Galicia debatemos en público para garantir os dereitos de todos. Froito deste debate presentamos a esta Cámara o orzamento máis alto da historia de Galicia: 13.257 millóns de euros adicados exclusivamente a atender as necesidades das galegas e dos galegos. É un orzamento que adica o 75 por cento dos seus recursos a atender os catro piares básicos do Estado do benestar: 5.165 millóns de euros a sanidade, 2.858 millóns de euros a educación, 1.303 millóns de

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

euros a políticas sociais e 448 millóns de euros a políticas de emprego. Non atoparán neste orzamento nin un só euro adicado a crear unha futura república galega. Non atoparan nin un euro adicado a pseudoembaixadas internacionais. Non atoparán nin un só euro dedicado a ensoñacións independentistas nin a disparates secesionistas, nin tan sequera atoparán un só céntimo adicado a pagar cruceiros a ninguén, por moito que nacionalistas e socialistas intenten enganar e confundir a xente. Non, señorías, tan só atoparán neste orzamento un compromiso firme coa saúde de todos, un compromiso coa educación dos nosos fillos, un compromiso co benestar dos nosos avós e co futuro das familias galegas; en definitiva, un compromiso cunha Galicia mellor. *(Aplausos.)*

E imos materializar esa aposta polo benestar social sen abusar da paciencia nin abusar dos bolsillos dos galegos; apostando por manter unha presión fiscal razoable; consolidando todas as rebaixas fiscais implantadas nos últimos anos; acordando novas rebaixas de impostos, como o de transmisións patrimoniais para a compra de inmobles ou de vehículos usados, ou a súa total exención no caso de vehículos de baixas emisións; e, si, señorías, mantendo importantes bonificacións fiscais de carácter eminentemente social que benefician fundamentalmente os galegos que máis o necesitan, e que sempre nos atoparán ao seu carón cando atravesen dificultades. Son políticas, señorías, que nos levaron a ser a terceira comunidade autónoma que máis creceu en PIB per cápita dende a fin da pandemia e a segunda con maior nivel de converxencia coa media nacional de riqueza dende o ano 2009 ata hoxe.

Señorías, a prudencia e o sentidiño consolidaron a Galicia como esa illa de estabilidade que tan claramente contrasta coa situación convulsa que vive o conxunto do Estado. Apenas basta facer memoria do acontecido nas últimas semanas para entender a diferenza entre a estabilidade dun goberno sólido e a total inconsistencia dunha ensalada de siglas que non ten aliño posible. Durante as últimas semanas nas que tramitamos este orzamento, o goberno de Alfonso Rueda tomou moitas decisións, e foron decisións importantes: gratuidade do transporte autonómico para maiores de 65 anos; renovación do convenio de transporte metropolitano na área metropolitana de Vigo; a sinatura do concerto social; a creación da brigada móbil de axentes medioambientais; a convocatoria de tres ofertas públicas de emprego —1.102 na Administración xeral, 1.207 no Sergas, 1.750 no ensino público galego—; un plan contra o acoso escolar e o ciberacoso; a restrición do uso do móbil en centros educativos; a incorporación de 72 médicos de atención primaria; a conxelación de peaxes nas estradas autonómicas; medidas para facilitar o acceso á vivenda e a rehabilitación; 24 vivendas de promoción pública en Compostela; a licitación da terminal de autobuses da intermodal de Lugo e a posta en marcha do bono de 5.000 euros para persoas con dependencia atendidas no seu fogar. Todo isto só durante a tramitación deste orzamento. Sen dúbida, son medidas importantes que atenden necesidades reais dos cidadáns galegos.

E namentres o Goberno galego se ocupaba da discapacidade, da saúde, da infancia, das infraestruturas, ¿en que estaba ocupada a suposta alternativa? Pois, miren, os máis orixinais adicaron o seu tempo a organizar *performances* nas que saltar a deusas de cabelos enroscados, a convencerse de que Ana Pontón ten un corte de pelo chulísimo e de que o poderío do BNG ..., ¡bum! Son cousas importantes que, sen dúbida, lles preocupan moito ás galegas e aos galegos. *(Murmurios.)* E o novo vello líder socialista pasou este tempo ocupado en exercer de figurante nos actos do delegado do Goberno ou de calquera cargo socialista que tivo a ben

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pasar por Galicia. A verdade é que correu o rumor de que Ferraz quería editar unha versión socialista de *¿Onde está Wally?* Pero tiveron que renunciar porque don Xosé Ramón é incapaz de agocharse nunha foto. E, claro, a cousa non tiña graza. Ensinábanlles as fotos aos nenos e atopábano de inmediato. Dicían: Está aquí; non sei quen é pero esta aquí, aquí, aquí e aquí. E ben o sabe iso, por certo, a señora Pontón, que até intentou borralo da foto da sinatura do pacto e nin con Photoshop conseguiu botar a don Xosé Ramón. Iso si, entre foto e foto tivo aínda tempo de negociar unha lei de amnistía, un mediador internacional e unha condonación de débeda de 16.000 millóns de euros. Iso si, para Cataluña. Para Galicia don Xosé Ramón apenas conseguiu unha pedrea, o recurso de inconstitucionalidade para a Lei do litoral e a exclusión da nosa comunidade autónoma da rede europea de hidróxeno verde. ¡Que gran servizo a Galicia, señorías!

E, como todo banco necesita tres patas, non podía esquecerme da versión galega de Sumar, que presentou o seu proxecto dividindo: ruptura con Podemos, a marcha ao Grupo Mixto e acusacións de transfuguismo. Pois ¡vaia tarxeta de presentación, señorías! Eu confeso que xa perdín a conta das rupturas protagonizadas por dona Yolanda Díaz, pero estase a converter na Elizabeth Taylor da política nacional, aínda non secou a tinta do seu divorcio cos morados e xa está a propoñer unha *ménage à trois* á galega. E, iso si, polo medio, Podemos anuncia que veta a Yolanda porque Sumar vetou antes a Irene. E Beiras vétaos a todos vostedes porque antes todos vostedes o vetaron a el. *(Risos.) (Aplausos.)* En fin, señorías, este é o revoltallo incomprensible ao que a oposición chama «alternativa», e ao que os galegos chaman «lío», un enorme lío. *(Aplausos.)*

Señorías, unha das críticas que máis me sorprendeu ao escoitar os meus interlocutores é a suposta falta de diálogo por parte do Partido Popular. Resulta estraña esa permanente incoherencia de quen, por unha banda, nos acusa de extremistas, nos tacha de ultras e defende a necesidade de levantar un muro para apartarnos do resto da sociedade pero que, ao mesmo tempo, nos exixe pactar —iso si, só o que a eles lles interesa— e nos piden diálogo. Señorías, eu creo que deberían de aclararse: cordón sanitario, si, cordón sanitario, non; ou, alomenos, cordón sanitario ¿a quen? Porque eu escoitei recentemente un ministro de España presumir de apoiar unha moción de censura contra Unión del Pueblo Navarro para entregar o goberno de Pamplona a Bildu baixo o argumento literal de que «*en pocos días habrá en España otra alcaldía progresista más y una menos de derechas*» —Óscar Puente *dixit*—. Señorías, se no escalafón da lexitimidade da preferencia política vostedes antepoñen a esquerda herdeira do terrorismo antes que calquera partido de dereitas, podemos dar por certificada a morte do espírito da Transición. E eu creo que iso non sería unha boa noticia.

Nós imos continuar defendendo a necesidade e a conveniencia de alcanzar acordos, porque, como nos recordaba o presidente Suárez, o diálogo é sen dúbida o instrumento válido para todo acordo. Pero tamén recalcaba Suárez que hai unha regra de ouro que non se pode conculcar: nin se debe pedir nin se pode ofrecer o que non se pode entregar. E precisamente foi a conculcación desa regra de ouro a que está a dificultar un diálogo normalizado neste país. Non se pode entregar a gobernabilidade de España a un prófugo da xustiza e pretender un diálogo normalizado. Non se pode vulnerar o principio de legalidade aprobando amnistías que días antes se cualificaban de inconstitucionais e pretender un diálogo normalizado. Non se pode acusar de prevaricación os xuíces e pedir un diálogo normalizado. O bochorno que

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estamos a vivir nas últimas semanas parece non ter límite, pero a paciencia de moitos españois si que o ten, señorías. Non podemos asumir con normalidade que desde a tribuna do Congreso se sinale a xuíces e periodistas con nomes e apelidos ante a impasibilidade da presidenta da Cámara, porque iso non é propio dunha democracia. Nin podemos asumir con normalidade que un presidente acuda a Estrasburgo a utilizar o vergoñento comodín do nazismo contra un representante democrático de Alemaña, un país que contribuíu como moi poucos ao desenvolvemento democrático e social de España. Pero, despois de anos aleccionando ao Partido Popular sobre como parecerse á dereita europea, parece que o señor Sánchez sucumbiu á tentación de aleccionar tamén ao Partido Popular Europeo sobre como parecerse á dereita europea.

Señorías, afortunadamente nada disto está acontecendo en Galicia. De feito, aínda que a maioría e a minoría parlamentaria nos atopemos nas antípodas políticas, son moitos os acordos que se alcanzan acotío nesta Cámara. E case sempre a premisa para alcanzar eses acordos é a mesma: deixar de lado ideoloxías e prexuízos para centrarnos na resolución das realidades concretas, exactamente o contrario do que fan vostedes cada vez que afrontamos o debate orzamentario.

Señorías, ao longo desta lexislatura observamos unha importante evolución nos argumentos esgrimidos pola oposición contra a xestión do Goberno. Tras a habitual fase da asunción do seu enésimo fracaso electoral —unha fase que no caso da oposición galega soe durar pouco— as bancadas da esquerda comezan coa súa habitual letanía apocalíptica tentando convencer a propios e estraños de que Galicia é un desastre absoluto no que absolutamente nada funciona. O problema desta estratexia é que choca frontalmente coa realidade percibida maioritariamente polos galegos. Por moito empeño que poña a oposición, contamos cunha das sanidades mellor valoradas do país, o noso sistema educativo cada día conta con maior recoñecemento internacional, os nosos programas sociais espertan enorme interese alén das nosas fronteiras —falemos da gratuidade das escolas infantís, das casas niño, das casas do maior— e, por certo, os informes de pobreza e os datos do paro presentan mellores resultados que a media nacional. Negar esa realidade supón tamén negar o bo facer de miles de traballadores públicos que poñen o mellor de si mesmos para acadar estes resultados. Ante esta evidente realidade, a oposición tiña dúas alternativas: recoñecerlle algún mérito ao Goberno ou mudar o seu discurso introducindo algún argumento novidoso. E así foi como naceu a nova idea forza da oposición galega: Galicia vai ben, pero a pesar do Goberno.

Temos unha magnífica sanidade pública, grazas aos profesionais sanitarios, e a pesar do Goberno. Temos bos resultados educativos, grazas ao bo facer do profesorado, e a pesar do Goberno. Os nosos fillos, os nosos avós, as persoas con discapacidade melloraron moito a súa situación, grazas ao esforzo dos profesionais, pero a pesar do Goberno. E calquera problema que padece Galicia é culpa de Alfonso Rueda, e calquera cousa que funciona funciona, a pesar de Alfonso Rueda, co argumento infalible, señorías. Os excelentes datos do turismo, a pesar do señor Rueda. Que temos garderías gratuítas, a pesar de Alfonso Rueda. Temos o calendario de vacinación máis completo do mundo, pero a pesar de Alfonso Rueda. Pasamos de 14.000 a 73.000 dependentes atendidos, a pesar de Alfonso Rueda. O bono de 5.000 euros para persoas con dependencia atendidas no seu fogar, ou o de 1.200 para facilitar a elección de residencias ou as axudas aos enfermos de ELA, son grandes medidas, a pesar de Alfonso

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rueda. E, por suposto, temos as axudas escolares máis cuantiosas de España ou as taxas universitarias máis baixas do país, a pesar de Alfonso Rueda.

Señorías, Galicia é unha gran Terra con magníficos traballadores públicos, un tecido empresarial fantástico, con sectores produtivos exemplares e cun futuro esplendoroso por diante, pero, iso si, todo isto a pesar de Alfonso Rueda. *(Aplausos.)*

Señorías, non é a primeira vez que eu escoito este disparate. Por exemplo, eu creo que calquera afeccionado ao fútbol recordará que un argumento moi parecido se utilizou hai moitos anos contra un tal Vicente del Bosque, un grande entrenador, un gran seleccionador, cun palmarés deportivo que poucos poden presentar, e entrenando o Real Madrid durante catro anos acadou dúas Champions e dous campionatos nacionais, pero foi cuestionado pola directiva ao día seguinte de conquistar a súa última Liga. Había que mudar o libreto, había que apostar pola modernidade, porque é certo que se gañaban moitos títulos, pero era a pesar do entrenador. Así que aquel tipo normal, carente de glamur e sen ínfulas de estrela, pois xa forma parte da historia do fútbol, simplemente porque facía ben o seu traballo. E os que anhelaban a modernidade pois pasaron tres anos en branco, ficharon un carrusel de modernísimos entrenadores e viviron a crise máis grave da institución na súa historia.

E, por iso, eu creo que de cando en cando debemos reivindicar a figura do bo xestor, desas persoas que foxen do estrelato, das extravagancias e das ideas peregrinas para centrarse no que realmente importa: facer que as cousas funcionen e mellorar a vida da xente que confía en ti.

Así que, se mo permiten, eu voulle agradecer tres cousiñas hoxe a don Vicente: voulle agradecer o Mundial de Sudáfrica, voulle agradecer a Eurocopa de 2012 e voulle agradecer unha lección que os galegos deberiamos ter sempre moi presente: ningún equipo consegue éxitos sen contar cun director brillante. E nós temos o mellor, señorías, o mellor. *(Aplausos.)*

Señorías, hoxe imos aprobar un grande orzamento, unhas contas públicas centradas en investir en Galicia, en potenciar as nosas fortalezas, en axudar a quen máis o precisa. Confeso que me gustaría ter aceptado máis achegas da oposición, pero vostedes preferiron centrar as súas emendas máis na demagoxia que na busca de solucións, elixiron antepoñer a ideoloxía ao sentido común e un mínimo rigor.

Señora Presas, propuxeron vostedes enormes recortes en concertos sanitarios, sociais e educativos, pero sen adicar un só euro a garantir que se sigan prestando eses servizos esenciais. ¿Quen vai atender a eses pacientes que quedan sen médico? ¿Quen vai facer esas probas diagnósticas que vostedes deixan de financiar? Non sei se pretende vostede colapsar a sanidade pública. ¿Onde van ir os maiores aos que deixan vostedes sen residencias ou sen centro de día? ¿Pechamos as casas niño? ¿Pechamos as casas do maior?

Recorta tamén vostede 150 millóns de euros en educación concertada, pero non nos conta onde van acudir aos 33.724 alumnos que quedarían sen escolarizar se aceptásemos a súa proposta. Tampouco ten nada que dicir aos 2.305 docentes que quedarían sen traballo, porque vostedes os condenan ao paro, pero ao mesmo tempo, e nun exercicio de hipocrisía

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nunca visto, tamén presenta unha emenda para subirlles o soldo; déixanos sen traballo pero prométenlles máis soldo. Señoría, ¿por que se burlan vostedes do profesorado?

Presentaron vostedes unha emenda, por certo, para adicar 130 millóns de euros a violencia de xénero e supostamente alcanzar así o 1 por cento do orzamento, como se non se adicara orzamento a esta cuestión. Señora Presas, ¿sabe vostede de que partidas sacaron esa cantidade? Se me permite, detállolla. Rebaixaron en 65,6 millóns de euros a partida que financia os centros públicos de atención a maiores, rebaixaron en 46,1 millóns a partida que sustenta a Risga e tamén rebaixaron en 13,8 millóns de euros a partida de loita contra a pobreza e a exclusión social.

Señora Presas, eu non sei se a súa proposta obedece ao descoñecemento ou a mala fe, pero deben de saber que este goberno, o que agora está gobernando, multiplicou por catro o orzamento que adicaban vostedes a violencia de xénero, igualdade e conciliación, 214,5 millóns de euros que adicamos actualmente nunha partida por certo que xa de por si é ampliable. E aínda máis importante, señoría, fixémolo sen necesidade de rebaixar o compromiso na loita contra a pobreza nin de rebaixar a Risga nin de privar de recursos os nosos maiores. *(Aplausos.)* Eu creo que a súa demagoxia debería de ter algún límite, señoría.

Mire, permítame outro exemplo. Entre o seu inaudito paquete de medidas fiscais, que son un auténtico sablazo ao bolsillo dos galegos, pretenden vostedes triplicar o imposto sobre a auga embalsada, queren recadar 24 millóns de euros. Eu creo que a súa obsesión contra calquera empresa lévaos a converter o que é un imposto medioambiental pois nunha ferramenta puramente recadatoria; se me di, por certo, as consecuencias desta voracidade.

Mire, señoría, nesta mesma lexislatura Galicia viviu dous episodios de seca prolongada e a súa resposta a esta realidade ¿é castigar fiscalmente que se garanta o abastecemento de auga? ¿Que farían vostedes se chega un novo período de restricións? ¿Van convencer os galegos de que se duchen con billetes ou talvez pretenden que reguemos a horta con moedas? ¿Vostedes son conscientes do disparate que plantexan? Eu, sinceramente, quero pensar que non.

E estas, señorías, son só dúas mostras das súas emendas. Así que se estas son as súas emendas e se esta é a súa disposición ao diálogo, permítanme que utilice unha expresión que a vostedes lles gusta moito: diálogo si, pero non así.

Señor Álvarez, aínda que, a diferenza da señora Pontón, eu seguín con grande atención na súa intervención, permitirame adicar algo menos de tempo ás propostas realizadas polos socialistas galegos, non porque as considere menos demagóxicas ou faltas de rigor; o certo é que non faltan disparates nas súas emendas, pero debo de dicirlle que son disparates pouco novidosos. Habitual retahíla de centros de día, de escolas infantís, de centros de saúde, orzados a prezos de saldo, sen facer unha mínima previsión do aumento do gasto corrente que suporían en anos vindeiros e por suposto sen que nin sequera sexan necesarios terreos ou proxectos para abordar a súa construción. Unha oda ao populismo, que merecería ser desnudada se non fose porque a día de hoxe a palabra dos socialistas está tan devaluada que nin sequera merece a pena o esforzo. Confeso que no que ao Partido Socialista Obreiro Es-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pañol se refire eu xa non sei que causa maior desazón: se o temor de que xa non crean vostedes en nada ou a seguridade de que en nada podemos crerlles.

Señorías, seguro que me escoitaron dicir moitas veces que o Partido Popular é o partido que máis se parece os galegos; é algo que repito con bastante frecuencia, porque estou convencido de que esa é a realidade. Hai poucas datas coñeciamos un estudo do Banco de España que concluía que Galicia é a segunda comunidade autónoma con menor número de fogares que gastan máis do que ingresan; apenas un 16 por cento dos galegos incorre en déficit no seu fogar. Outro dos datos que aportaba o estudo é que o 74 por cento dos galegos conseguiron aumentar no período estudado os seus aforros. A min paréceme que eses son datos que reflicten moi ben o xeito galego de entender a vida: gastar o que se pode, pagar o que se gasta e gardar algo no peto por se veñen mal dadas ou por se hai que botar unha man á familia.

Pode parecer unha lección sinxela, pero tamén é unha lección moi valiosa, unha ensinanza que os galegos levamos pasando de pais a fillos xeración tras xeración. Hai moitos responsables políticos que cren que eses principios básicos que aplican os galegos no seu fogar non son aplicables á xestión pública e afirman que nada ten que ver a xestión orzamentaria pública coa xestión dunha economía familiar. Alá eles.

Eu síntome moi orgulloso de militar nun partido que xestiona os recursos dos galegos do mesmo xeito que os galegos xestionan os recursos da súa familia. E por iso, señor conselleiro, eu quero hoxe tranquilizalo, porque é por iso que imos prestar apoio a estas contas e que imos seguir prestando apoio a este goberno, porque nós sabemos que este goberno investirá os recursos dos galegos nas cousas que importan aos galegos, porque nós sabemos que este goberno non vai deixar buratos nas contas nin dos galegos de hoxe nin dos galegos de mañá e porque nós sabemos que para construír a Galicia que merecen os nosos fillos os galegos sempre van poder contar con este goberno.

Por todo iso, daremos un enorme si a estes orzamentos, porque estou seguro de que moi pronto serán o conxunto dos galegos os que dean un si aínda maior aos orzamentos e ao Goberno que hoxe os trae aquí.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Saudamos os alumnos de 4º da ESO que están con nós, do centro Manuel García Barros, da Estrada, e tamén os profesores que os acompañan hoxe.

Continuamos xa co debate. Agora corresponde a rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas. Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bo día de novo, señorías.

Bo día tamén ás alumnas e alumnos da Estrada e aos profesores e profesoras que os acompañan. É unha oportunidade de asistir a un debate desta importancia, porque é a aprobación dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Señor Pazos, tanto tanto se alegrou o señor conselleiro de saber que ían aprobar estes orzamentos que tivo que saír para conter a emoción que tiña e por iso non está neste momento no seu escano. *(Aplausos.)*

Señor Pazos, a verdade é que me sorprendeu o inicio da súa intervención, porque me soou un pouco como a despedida, ¿non?, ese agradecemento ao Grupo Parlamentario Popular, a confianza na súa figura como portavoz; vostede dirá, eu non sei que vai pasar aquí. *(Murmurios.)*

Di vostede que os sucesivos orzamentos do Partido Popular contribuíron ao avance de Galicia. Eu tratei de poñer en evidencia —vese que con moi escaso éxito— que eses avances non se produciron na nosa Comunidade Autónoma, como vostedes defenden permanentemente. Claro, non podían faltar algúns dos clásicos navideños deste ano: o delincuente fugado, a República galega...; faltoulle algún, pero tampouco lle vou dicir eu cales lle faltaron, porque seguramente os ten gardados para a súa seguinte intervención.

Fala vostede dun goberno sólido versus unha ensalada de siglas noutros gobernos. Espero que estea vostede recuperado da emoción de saber que se van aprobar os orzamentos. Ensalada de siglas. O señor Tellado —a quen todos lembramos con cariño e non admiración uniforme dentro deste parlamento— pediulle chorando a Vox que non se presentase ás eleccións autonómicas en Galicia, porque está en xogo unha maioría absoluta que custa moito traballo reter. Vostedes saberán, porque, para chegar a facer pública esa petición, é que as contas lles andan mal ¡de coidado!, ¡de coidado! *(Aplausos.)*

E din vostedes que o señor Gómez Besteiro é un figurante. Para ser un figurante, estanlle vostedes atribuíndo un rol de protagonista na película. *(Aplausos.)* Moito medo lle teñen ao señor Gómez Besteiro.

E dicía vostede, dentro dese panexírico ao señor presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, que había certas similitudes entre a figura do señor Rueda e a figura do entrenador Del Bosque. E a min, que de fútbol sei o seu xustiño como para saber que hai once de cada lado, dous dos cales están quietos debaixo das porterías, e que é unha pelota pola que pelexan todos, o coñecemento do meu compañeiro señor Torrado lévame a poder afirmar que, efectivamente, hai unha diferenza importante, e é que no caso do señor Del Bosque falaba todo o mundo ben del menos os seus e no caso do señor Rueda fala todo o mundo mal menos os seus, que falan ben. *(Aplausos.)*

E dime vostede que as nosas emendas son disparates, que son unha oda ao populismo e que a palabra dos socialistas está devaluada. Mire, voulle refrescar a memoria, porque é certo que a memoria é fráxil, pero afortunadamente contamos con medios de documentación para saber

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que é o que pasou. ¿Saben que fixeron vostedes no ano 2009 cando estaban na oposición con respecto aos orzamentos que se aprobaron aquel ano? Miren, presentaron 900 emendas, que sumaban 200 millóns de euros, e algunhas delas, algunhas delas, señor Pazos, eran a eliminación de funcionarios na Consellería de Medio Rural, na de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, na de Sanidade, na de Vivenda e Solo, etc., etc. Pero é que, ademais, a cousa non queda aí. Había outras 256 emendas que se referían ás cotas, prestacións e gastos sociais con cargo ao empregador, que propoñían eliminar 5 millóns e medio de euros; é dicir, nin contrataban os funcionarios ou se os contratabamos non lles pagabamos, cousa que a vostedes lles parece normal; tampouco aboabamos as cotas sociais, porque vostedes propoñían eliminalas.

E isto dígollo soamente a título informativo, non é exhaustivo nin moitísimo menos, porque botariamos aquí ata mañá pola tarde. Pero ocorrencias pódolle asegurar que había moitas máis. E desde aquela ¿melloraron a súa técnica para a presentación de emendas parciais? Pois mire, todo apunta a que non, porque, por exemplo, no Proxecto de orzamentos do Estado para este ano 2023 presentaron vostedes 2.758 emendas parciais no Senado e no Congreso presentaron algunhas xoias orzamentarias como esta: ¿que había que facer un novo edificio administrativo no Puerto de Santa María? Pode ser. ¿Canto custaba iso? 2 millóns de euros. ¿De onde o eliminaban vostedes? De gastos correntes en bens e servizos, materiais, subministracións do Ministerio de Facenda e Función Pública. O mesmo que critican con respecto ás nosas emendas facíano vostedes.

¿Que había que crear unhas bolsas para traballos de investigación sobre a mellora da regulación do sistema xurídico español? Pois nada, eliminamos 150.000 euros de dixitalización e investimento en innovación da Administración xeral do Estado. ¿Que había que incrementar en 50 millóns de euros a partida de transferencias do Estado ás comunidades autónomas para o programa de cobertura de libros de texto e material didáctico? ¿De onde o eliminaron? Voullo dicir: de formación profesional para o emprego; como non fai falta, quitamos 50 millóns de aquí; pero non lles chegou con iso; quitaron outros 50 para formar titores de empresa de formación profesional. E ese, señor Pazos, é o seu rigor na elaboración de emendas.

E miren, as súas políticas orzamentarias, esas que vostedes practican, teñen consecuencias, claro que as teñen, ¡como non as van ter! Algunhas delas son que no ano 2022 a variación do PIB en España experimentou un incremento do 10,2 por cento; en Galicia, do 8,9 por cento, pese a ter unha caída inferior no ano 2020. Ou que a renda per cápita en España fose de 13.008 euros e que en Galicia fose de 12.352 euros. E iso ¿de que é consecuencia? ¿De que os galegos merecemos ter unha menor renda per cápita ou de que as políticas que aplica o Goberno galego levan a que iso ocorra? Creo francamente que a resposta é evidente. É consecuencia da ausencia de actuacións ben orientadas. E, como sabemos todos, os orzamentos son un elemento crucial no que se orientan todas as actuacións dun goberno. E a situación das galegas e dos galegos empeora. Somos unha comunidade autónoma menos dinámica economicamente e máis empobrecida.

E podería seguir así. Pero tamén son vostedes responsables de que no ano 2009 a débeda pública sobre o PIB fose do 8,6 por cento e no ano 2022 do 17 por cento. É un dato distinto ao que citou a miña compañeira señora Rodríguez Rumbo anteriormente. Falo dunha diferenza dun incremento inadmisible da débeda sobre o PIB.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E ¿que pretenden conseguir as nosas emendas parciais? Pois corrixir parte desa problemática, porque trasladan necesidades que existen nos concellos, necesidades de distintos ámbitos e tamén, ata se queren, de distinta importancia, claro que si, pero son carencias que existen e que nós non inventamos para encher un cadro logo de moitas horas de traballo. Son necesidades que coñecemos todos e que vostedes —os que van votar en contra delas— tamén coñecen en moitos casos.

Emendas que proveñen, por certo, de máis do 40 por cento dos concellos galegos, e por algo será, e por iso resulta complexo entender como é posible que non acepten ningunha desas máis de 700 emendas que presentamos ao estado de gastos.

Voulles facer un pequeno exercicio de cálculo de probabilidades. ¿Como se explica isto: que non acertemos con ningunha?, asumindo que todas elas están equivocadas de entrada, e, polo tanto, como teñen probabilidade cero de estar acertadas, a probabilidade de que haxa algunha nese *totum revolutum* de emendas é cero, e vostedes poden votar en contra.

Saben, por certo, que estas actuacións son competencia da Xunta de Galicia e saben que son unha fotografía da Galicia real, a que necesita as actuacións da Xunta de Galicia que nunca chegan, pese a anuncios reiterados, promesas nas campañas electorais e tamén algunhas nos orzamentos.

Pero tamén sabemos que o motivo real, o motivo último do rexeitamento non é que as emendas parciais sexan incorrectas, innecesarias, estean mal orientadas ou o motivo que queiran. O motivo real é que vostedes pretenden resolver eses problemas cun traballo que consiste en facer unha asignación arbitraria ou *ad hoc* dos recursos.

Miren, o ano que vén este debate vai ser totalmente distinto, e vai ser totalmente distinto porque quen vai presentar as contas para o ano 2025 vai ser un goberno progresista encabezado por ese ao que vostedes tildan, descualificativamente, como figurante.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, menos mal que estamos no Parlamento galego, no debate dos orzamentos da Xunta, porque nin así fan vostedes un esforzo por equilibrar, señor Pazos, un pouco, non sei, un 50 por cento a actualidade do Estado, o 50 por cento do seu proxecto político, do que en teoría están tan orgullosos. En fin, nin ás portas das eleccións galegas podemos centrar os debates de Galiza en Galiza. É francamente desolador.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu falaba na miña primeira quenda da débeda histórica que temos coa xeración do Seminario de Estudos Galegos, do que neste final de ano celebramos o seu centenario. Desde logo, menos mal que estiveron antes ca nós, porque, se é por vostedes, non chegabamos nin a ese Anteproxecto do 31 nin desde logo a nada. E a verdade é que con vostedes non teriamos chegado ata aquí.

En todo caso, eu estou convencida de que, no fondo, o que intentan é unha cortina de fume, unha cortina de fume para falar de todo menos da súa xestión, porque despois non son capaces de desmentir a demoledora crise industrial na que nos instalaron, non son capaces de desmentir que empeoran os datos de quen peor está, como a privación material severa; non son capaces de desmentir esas listas de agarda das que ademais os seus datos oficiais son demoledores, pero sabemos que son só a punta do iceberg, porque quen é chamado para ir á privada pasa a un caixón e desaparece desa lista de agarda; non dan os datos íntegros a este parlamento. E un longo etcétera.

É intentar poñer unha cortina de fume tamén sobre cuestións tan evidentes como que non apostaron pola creación de prazas públicas residenciais nin doutros servizos públicos. Iso non interesa, iso é *la ideología*; o do Partido Popular non é ideoloxía. Nós, nada, caricaturizan: *la ideología, lo mal que hacen las enmie*ndas, a demagoxia, ese facer política, ¿non?

Pero, en fin, o que hai detrás é un voceiro que veu aquí dicir que está feliz de non ter aceptado nin negociado coa oposición, a que votaron máis da metade dos galegos e galegas, porque non estamos aquí por inspiración divina nin para que vostedes se entreteñan; estamos aquí porque nos escolleron os galegos e galegas. *(Aplausos.)* Están orgullosos de non aceptar ningunha neste trámite orzamentario nin nos trámites orzamentarios do que vai de lexislatura.

O Bloque Nacionalista Galego, máis de 2.000 propostas concretas nestes anos; vostedes están orgullosos doutra lexislatura máis con cero propostas aceptadas ao estado de gastos. Se engadimos as do Partido Socialista, multiplicamos por dous. Pois ben, se están orgullosos de estar bunkerizados no seu propio embigo, pois parabéns. Pero, desde logo, insistimos: máis que illa da estabilidade, o seu é unha illa mental. Están vostedes no seu propio mundo, non escoitan a oposición, non escoitan os sectores sociais deste país, non escoitan a ninguén que non lles dea a vostedes a razón.

E, mentres, Galiza non para, pero non para de perder: perdemos poboación, perdemos poboación activa, perdemos músculo industrial, perdemos capacidade innovadora, perdemos explotacións agrarias, perdemos nunha chea de indicadores, e vostedes veñen aquí con máis conformismo e, ademais, cunha demagoxia, que a súa si que é absolutamente insultante.

Porque ¿para que nos valeu esa estabilidade? ¿Para acabar a lexislatura sen que reformaran a Lei de inclusión? ¿Cando comezamos esta lexislatura, comeza a promesa e ían vostedes solucionar os problemas entre Risga e ingreso mínimo vital? Non só non reformaron a Lei de inclusión, é que se cargaron ferramentas como a Tarxeta Básica, que se negan a recuperar.

Non están vostedes para presumir, porque esa estabilidade da que presumen só valeu para desestabilizar a quen peor estaba neste país, e non actuaron nese sentido.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E temos que escoitar aquí que nos vimos burlar do profesorado. Pois aproveito, que agora si que temos o señor Román Rodríguez presente no debate. Burlar búrlanse vostedes. Cando a maioría sindical do profesorado deste país lles pide unha reunión, non lla dan, non os escoitan e chaman a Policía para desaloxar os que queren negociar. *(Aplausos.)* E eran vostedes os do diálogo. ¡Caramba para o diálogo social!, ¡caramba! *(Murmurios.)* En fin, falou a CIG, si, si, sindicato maioritario do país ou do ensino; pensei —recordéillelo antes varias veces— que xa lles quedara claro. *(Aplausos.)* En fin...

Logo, para seguir coa manobra de distracción, vén aquí falar de organizacións que nin sequera teñen representación no Parlamento galego, para intentar crear un relato ficticio de que na alternativa ao Partido Popular hai ruído. Miren, non, quedou claro neste debate orzamentario que aquí hai dúas alternativas: o modelo do Partido Popular ou a alternativa liderada polo Bloque Nacionalista Galego. E non hai ruído, señor Pazos, por moito que intenten distraer; hai ruído bastante máis no seu Consello da Xunta, que non se aclaran, se están inquietos ou non están inquietos.

Mire, este é o Bloque Nacionalista Galego máis cohesionado da historia, máis unido da historia, ten unha líder clara e indiscutible, bastante máis clara e indiscutible que a súa alternativa do Partido Popular. Polo tanto, non distraian para non falar dos problemas dos galegos e galegas, que é o que fixemos nós con intensidade neste debate orzamentario. Vostede falou máis de Navarra, de Cataluña, etc., que doutras cuestións fundamentais como as alternativas para a economía e para os servizos públicos.

E mire, póñolle un exemplo. Veu vostede facer aquí unha especie de metáfora de que os galegos somos moi aforradoriños e que o Goberno da Xunta é así de aforrador. Mire os seus datos, ¡eh! Autochamarse aforrador cando vostedes o que fixeron foi hipotecar este país con máis de 14.000 millóns de euros entre débeda e colaboracións público-privadas, que hipotecan futuros gobernos e xeracións ata 2040, é o contrario de ser aforradoriños.

E, desde logo, este país aforra, aforra moito. E así temos —que lle debería preocupar ao Partido Popular e deberían ver emendas do Bloque Nacionalista Galego— un diferencial entre créditos e depósitos brutal, que o que di é que hai aforro galego que emigra para investimentos noutros lados. E citáballe eu a Paz-Andrade na miña primeira intervención. Pois Paz-Andrade, que ademais era empresario —entón igual merece un pouco da súa atención e escoita—, intentou impulsar un banco industrial no seu día, porque xa entón analizaba como un dos grandes problemas deste país é que o noso aforro vai para investimentos fóra. Non o conseguiu. E vostedes o que fan é, cen anos despois, seguir vetando propostas que aposten por ter músculo propio financeiro no país, despois de que permitiran dilapidalo. Por certo, outra lexislatura que acaba sen conclusións da comisión das caixas, que non aprobou nin as súas normas de funcionamento. Ese é o respecto que teñen a este país e a este parlamento, señor Pazos Couñago.

E tampouco quixo falar vostede das alternativas que hai en materia de servizos públicos. Vostedes caricaturizan as nosas propostas, menten, por exemplo, ao falar das casas niño; non tocamos nin un euro. Pero, en fin, non se trata dun debate técnico, é un debate de modelos políticos, e sabe perfectamente, se quixesen ter vontade de diálogo, que podería

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

negociarse ou transaccionarse algunha proposta, pero a cuestión é que non queren escoitalas e non queren rectificar ningunha das súas medidas, e iso é unha mala noticia para os galegos.

Por exemplo, non fixo mención a ningunha das melloras que propoñemos en materia sanitaria, cando sabe que nos seus orzamentos o que seguen facendo é drenar recursos para a privada e non atallar os grandes problemas que relatei na miña primeira intervención.

E, ademais, é que a súa demagoxia chega a tal punto que veñen aquí facer gala outra vez máis dese Consello de Política Fiscal e Financeira. Mire, a primeira cuestión é que vostedes foron alí a facer un postureo de que agora, de súpeto, o Partido Popular está preocupado polas normas de déficit e pola pouca capacidade que lle deixa a Galiza. Benvidos, porque foi o señor Montoro, con «o», do Partido Popular, o que deseñou, co señor M. Rajoy, ese marco. En todo caso, benvida a deriva soberanista do Partido Popular de Galiza.

En todo caso, señorías do Partido Popular, primeiro, non pediron, cando nós llelo pedimos, a flexibilización dese marco; e, segundo, están intentando tapar con escusas peregrinas a importancia de dous debates clave: o do sistema de financiamento e o da débeda. E volvémoslles dicir: desde 2014 bloquearon ese debate do sistema de financiamento e bloquearon a comisión que se creou neste parlamento para ter unha posición de país e sermos fortes. Seguen bloqueando iso, porque en realidade están atrapados na súa contradición do seu centralismo, non lles dan permiso desde Madrid para atender a posición galega, mentres outras comunidades do Partido Popular están clamando por negociacións bilaterais.

Polo tanto, paren de buscar culpables, únanse ao Bloque Nacionalista Galego, busquen solucións para o financiamento e para a cuestión da débeda. Nós xa fixemos o seu traballo, xa garantimos un trato xusto para Galiza. Agora terán vostedes que concretar esa quita, que pode ser de máis de 1.000 millóns de euros para Galiza. É unha irresponsabilidade, por sectarismo político, por non recoñecer o traballo en positivo polo país que fixo o Bloque Nacionalista Galego, que vostedes veñan aquí con esas escusas peregrinas.

En todo caso, hoxe remata sen sorpresas este debate orzamentario; non sabemos se será o penúltimo pleno, xunto co seguinte, do Parlamento galego; en todo caso, o que si sabemos é que aquí se viron dous modelos: o do Partido Popular, de drenar recursos do público, de desmantelar o sistema público, de non apostar pola transformación económica; e o modelo do Bloque Nacionalista Galego, que ten para cada un dos ámbitos importantes deste país unha alternativa, unha alternativa de goberno para a Galiza que vén, e que imos deixar a pel por facela realidade.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Presas, eu creo que lle falla a vostede a memoria. Tamén nos preocupa a nós moito o financiamento autonómico, e tamén o local. Tanto nos preocupa que nós acadamos hai moito tempo un acordo nesta cámara, por certo cun consenso moi amplo, para nomear os expertos que tiñan que facer o traballo técnico para determinar cales eran as bases dese futuro financiamento. Acabaron o seu traballo hai anos. Quen ten bloqueado o acordo é o partido con que vostedes acaban de pactar. E, por certo, non adicaron nin unha soa liña do financiamento no pacto que firmaron vostedes co PSOE; é unha cuestión curiosa, case tan curiosa como que veñan vostedes aquí falar aquí da débeda e criticar o Goberno autonómico que menos incrementou a débeda durante toda a crise. Pero ¿como os imos tomar en serio, señoría? É que é imposible. *(Aplausos.)*

Mire, señor Álvarez, eu entendo que a vostede lle custe comprender que un portavoz poida agradecer ao conxunto do seu grupo —a súa situación evidentemente non llo permite—, pero créame que se pode agradecer ao grupo sen necesidade de que iso supoña unha despedida, do mesmo modo que deberían de aprender que tamén se pode despedir a xente como fan vostedes, e iso non impide facerlles un agradecemento, porque hoxe si que teñen vostedes motivos para despedir moita xente. Eu, cando lle escoito a vostede falar do señor Besteiro..., non lle gustou o de figurante; retiro o de figurante; se prefire nomeámolo *home anuncio*, porque agora dedícase a adicar unha tras outra un montón de obras na súa calidade de deputado. O que estaría escoitando eu se se me ocorre a min ir visitar as obras da Xunta e anunciar iso, sería tremendo. Pero mire, cada vez que lle escoito falar do señor Besteiro, de verdade vénme aquilo do *mío Cid*: «*¡Ay Dios, qué buen vasallo si tuviese buen señor!*»

Mire, o problema do señor do señor Besteiro é que nin o coñecen os galegos nin empezan a recoñecelo vostedes. Mire, é un suposto moderado, que amosou estes días as súas elegantes formas, ¿verdade? Aquilo de *cuando quieras y donde quieras*. En fin, unha cousa curiosa. É un moderado tamén que asegura que quere quedar aquí, que nos dixo que quere quedar en Galicia. É curioso, eu non sei se se acordan vostedes: é que xa estaba en Galicia e marchou, botou dous meses de delegado e marchou para Madrid, e xa lle digo eu que, despois das próximas eleccións, non creo que bote moito máis aquí dos setenta días que botou como delegado. Pero ben, incluso pretenden vendernos un candidato gañador, cando foi o candidato provincial con peor resultado de toda España. Ese é o seu Messi, señorías. ¡Felicidades, felicidades, de verdade! *(Aplausos.)*

Señoría, sorpréndeme que critique vostede as propostas de eliminación de gasto corrente que fai o Partido Popular cando ten que facer emendas; é que son coherentes, si, son coherentes, señoría, porque cada vez que o Partido Popular substituíu un Goberno do PSOE rebaixou ese gasto corrente e eses gastos suntuarios. Xusto o contrario do que pasa cando vostedes substitúen o Partido Popular, onde o gasto se incrementa exponencialmente e onde empezan a contratar un inxente número de asesores, de amigos e demais. Exemplos: Santiago, deputacións... En fin, sobran, sobran, señorías. É difícil colocar máis xente do que colocan vostedes.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por certo, chamoume a atención tamén que falara vostede da renda per cápita. Estamos na mellor da historia de Galicia, *(Murmurios.)* si, si, ¡home si! Pero é que, comparativamente coa media nacional, tamén estamos no mellor momento da historia de Galicia: 92 por cento de converxencia; ten que repasar vostede os datos. Mire, 20.333 euros en 2009, 25.906 en 2022. E aínda máis importante, señoría. Se le vostede con atención o informe Foessa, non só lle dirá que somos os que máis crecemos, senón que somos os que de maneira máis xusta distribuímos esa renda, que se distribúe moi maioritariamente entre o 60 por cento das clases medias galegas. Non son os ricos, señoría, son as familias galegas que están conseguindo o maior incremento da renda da súa historia dende que goberna este partido, señoría. Iso é o que a vostedes non lles entra na cabeza.

Señora Presas, veu aquí explicarnos como se defende o interese de Galicia. O interese de Galicia deféndense en Galicia, por suposto, pero tamén hai que defendelo fóra. E nós claro que nos escandalizamos cando se toman algúns acordos fóra, por exemplo o de rebaixar en 16.000 euros a débeda de Cataluña. Vostede di: é que a Galicia lle poden rebaixar moitos millóns. Pero non os concretaron. Non, vostedes non. Vostedes prefiren delegar nos cataláns e a nós que nos apliquen unha medida análoga. Eu enténdoo.

Supoño que defender Galicia pois foi o que fixeron vostedes, que é rebaixar o contido do pacto que asinaron hai catro anos, para agora pois ese pactiño rebaixado, ¿verdade? O do compromiso coa industria galega, que tanto parece preocuparlle hoxe, desapareceu do pacto; a transferencia da AP-9 desapareceu do pacto.

Señoría, a min o que me chama a atención é que mo diga vostede, porque eu recoñezo que vostede hoxe ten aquí un papel complicado: vén defender os logros do Bloque Nacionalista co pacto co Partido Socialista cando foi a súa familia política dentro do Bloque a que dixo que non había que asinar ese pacto, porque os socialistas hai catro anos lles tomaron o pelo.

Señora Presas, ¿de que lado está vostede hoxe? ¿Dos arribistas aos que pertence e que din que non hai que asinar o pacto ou dos que teñen que vir aquí facer o papelón para salvarlle a cara á señora Pontón? *(Aplausos.)* Pero ¡quen vén aquí dar lecciónns de coherencia! Eu lamento que lle tocara a vostede facer este papelón, pero, ben, xa entendo que a señora Pontón hoxe non tiña demasiado interese en debater.

Señora Presas, nós presumimos de diálogo social. Agora, tamén entenderá vostede que cando hai un sindicato que é o único que de maneira continua e permanente é incapaz de asasinar acordos co Goberno... *(Murmurios.)* Non, non, se dá igual, no ensino ou en calquera outro ámbito. Vostedes non teñen un sindicato, vostedes teñen unha brigada de demolición, que activan normalmente cando chegan as eleccións. *(Murmurios.)* Por certo, con moi pouco éxito, señorías, con moi pouco éxito. *(Aplausos.)*

E ben, vostede insiste nisto, na alternativa liderada pola señora Pontón. Mire, eu non o vou discutir, isto queda para vostedes, a señora Pontón, a señora Díaz, queda o señor Besteiro, e nisto do liderado xogan vostedes ao chinchimonis. Porque, de verdade, é que non pode ser, é que é moi pouco crible. É moi pouco crible que cada un que suba a esta tribuna veña presumir de que vai liderar a seguinte alternativa. Porque todos e cada un de vostedes saben

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quen vai liderar esa alternativa; a alternativa ao Partido Popular de Galicia chámase Partido Popular de Galicia, señorías.

Hoxe viñeron aquí vender ilusión os mesmos que levan quince anos —¡quince anos, eh!, xa se fai largo— falando mal de Galicia, trasladando esa visión escura, ceniza, pontoniana —que sei que lles gusta o termo—. Levan oito anos prometendo cousas e facendo xusto a contraria.

Mire, prometeron converter Galicia nunha potencia eólica, pero boicotean calquera instalación eólica no país. Prometeron acabar cos concertos sanitarios, e aumentaron e bateron todos os retos de concertos de Galicia. Prometen vostedes residencias públicas, e privatizaron o cen por cento das que abriron na Deputación de Lugo. Prometen defender o emprego, pero atacan calquera iniciativa empresarial. Prometen unha sanidade de calidade, e propuxeron contratar médicos *low cost*. Prometen a defensa do ensino público, e ningún goberno pechou máis aulas neste país que o que formaron o Bloque e o Partido Socialista.

Falan mal dunha das mellores sanidades do mundo. Falan mal dun dos sistemas educativos máis inclusivo, o máis inclusivo da OCDE. Falan mal dun paraugas social, que debería ser orgullo de todos. Falan mal da industria, criminalizan os emprendedores. Falan de escasa calidade democrática do noso país.

Eu creo, sinceramente, que a maioría dos galegos, a inmensa maioría dos galegos non se sente representada por esa visión negra da nosa Terra que vostedes pretenden trasladar. Creo que somos moitos máis os que nos sentimos orgullosos de todo o que temos acadado ao longo destes catorce anos de estabilidade.

Grazas a un grande esforzo colectivo, Galicia é un país hoxe máis rico, é un país máis xusto e é un país orgulloso do logrado, e un país ilusionado co seu futuro. E non nos tocou xestionar tempos fáciles, pero, cando sufrimos unha crise financeira sen precedentes, este goberno e este partido estiveron ao carón dos galegos. E cando case sen marxe de reacción tivemos que afrontar a pandemia das nosas vidas, este partido e este goberno estivemos ao lado dos galegos. Aí imos seguir, camiñando cara a esa Galicia mellor, e ímolo facer como o fixemos sempre: sen o seu apoio, señorías, pero da man da inmensa maioría dos galegos. Están vostedes máis sós que nunca.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

O señor PRESIDENTE: Ben, pois rematado o debate, procedemos ás votacións.

O esquema das votacións vai ser: primeiro, votamos as emendas de cada un dos grupos emendantes ao articulado; nun segundo bloque, faremos a votación das emendas de cada

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un dos grupos emendantes ás seccións e ás entidades públicas instrumentais; en terceiro lugar, votaremos o articulado; e, en cuarto lugar, será unha votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais.

Votación conxunta das emendas ao articulado

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, empezamos co primeiro bloque, que é a votación das emendas de cada un dos grupos emendantes. E procedemos á votación conxunta das emendas, neste caso, do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto da 1 á 23, 25 á 38 e 41 á 73.

Votamos.

Votación das emendas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 1 a 23, 25 a 38 e 41 a 73 ao articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, tamén de xeito conxunto, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto da número 1 á 32.

Votamos.

Votación das emendas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 1 a 32 ao articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Anteriormente esquecinme eu de votar, creo que fun o que non votei. Ben, dá igual, porque a votación non cambia nada, pero o meu voto gustaríame que quedara recollido. *(Murmurios.)* É que é así e o voto é afirmativo. Entón, ben, tendo en conta que aquí somos flexibles... *(Murmurios.)* Dá igual, pero ben... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O voto, non, pero quero dicir que eu votei.

Votación conxunta das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

O señor PRESIDENTE: Votamos o segundo bloque.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación conxunta de todas as emendas de cada un dos grupos parlamentarios ás seccións e ás entidades públicas instrumentais, agás, se é o caso, as votacións separadas solicitadas polos grupos parlamentarios. En concreto, agora votamos todas as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, toda vez que non se solicitou ningunha votación específica.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, nas que se pediu unha votación separada, que o fai o Grupo Parlamentario Socialista, que, en concreto son: a sección 7, Consellería de Facenda e Administración Pública; a sección 10, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, co número das emendas da 209 á 97, 328 á 330 e 334 á 336; a sección 11, Consellería de Política Social e Xuventude, a través das emendas 342 á 349; e a sección 12, Consellería de Sanidade, coas emendas 363 á 369, 373 á 375, 377 á 379, 381, 382 e 385.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ás seccións e ás entidades públicas instrumentais, agás as emendas solicitadas para votar por separado, do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección 7, Consellería de Facenda e Administración Pública, núm.122; á sección 10, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, núms. 209 a 297, 328 a 330 e 334 a 336; á sección 11, Consellería de Política

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Social e Xuventude, núms. 342 a 349; e á sección 12, Consellería de Sanidade, núms. 363 a 369, 373 a 375, 377 a 379, 381, 382 e 385, do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación do texto articulado do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao bloque terceiro, que é a votación do articulado. Neste caso, sométese a votación o texto articulado do ditame da comisión.

Votamos.

Votación do texto articulado do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto articulado do ditame da comisión.

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao bloque cuarto, que é a votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais.

Sométense a votación os orzamentos de todas elas. E hai unha votación que se pide por separado, que o pide o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que, en concreto, é a sección do Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia.

Votamos.

Votación dos orzamentos das seccións Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 32.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas entidades.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto das seccións e entidades públicas instrumentais. Coñécenas todas, non as vou ler, porque é moi longo isto.

Votamos.

Votación dos orzamentos das seccións e entidades públicas instrumentais, agás as xa votadas, do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Continuamos, tal como se acordou na Xunta de Portavoces. En concreto, imos debater agora textos lexislativos. O primeiro é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A min puxéronme aquí «textos lexislativos». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Son textos lexislativos. O primeiro é o seguinte.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Grazas, presidente.

Presentación do ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 20 de outubro de 2023. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 20 de outubro de 2023, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos. Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e do Partido dos Socialistas de Galicia presentaron emendas á totalidade, que foron

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cualificadas o 13 de novembro de 2023 e rexeitadas na sesión plenaria do 20 de novembro de 2023.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 24 emendas; o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 13 emendas; e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 32 emendas, que foron cualificadas o 24 de novembro de 2023.

A Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 29 de novembro de 2023, designou os seguintes ponentes: por parte do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, dona Raquel Arias Rodríguez, como titular, e dona Marisol Díaz Mouteira, como suplente; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Luís Bará Torres, como titular, e dona Noa Presas Bergantiños, como suplente; e por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, don Gonzalo Caballero Miguez, como titular, e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, como suplente.

A ponencia, reunida o 30 de novembro de 2023, estudou o texto articulado do proxecto, xunto coas emendas presentadas, e rematou o informe que contén as recomendacións que lle fixo á comisión, consistentes en aprobar, por maioría, as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular e rexeitar, tamén por maioría, as formuladas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia. A comisión, reunida o 12 de decembro de 2023, aprobou por maioría o informe de ponencia.

O texto do ditame que se somete hoxe a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos, seguida de cincuenta e seis artigos, cinco disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e tres disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en dous grandes títulos: o título I, referido a medidas fiscais; e o II, relativo a medidas administrativas. O título I, dividido á súa vez en dous capítulos, establece modificacións na normativa que regula os tributos propios e os tributos estatais cedidos. O título II regula aspectos diversos de materias tales como emprego público, vivenda, solo, estradas, caza, pesca, patrimonio natural, montes, medio rural, augas, minaría, patrimonio cultural, saúde, transporte, protección das persoas consumidoras e usuarias, servizos sociais, enerxía, empresa, política industrial, xogo, transparencia e bo goberno, organización administrativa e réxime orzamentario e financeiro. Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicionais, transitorias, derrogatorias e derradeiras.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Gonzalo Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoras e señores deputados, estamos no último pleno de orzamentos desta lexislatura e, probablemente, no último pleno do conxunto da lexislatura. É un momento importante para finalizar este tempo lexislativo. É importante tamén que o Goberno da Xunta de Galicia e o grupo maioritario acerte ao final da lexislatura no que non acertou ao longo da mesma e é importante que entendamos do que falamos, dos orzamentos do ano que vén para o conxunto dos galegos e das galegas e tamén da calidade lexislativa do momento en que se modifican e se aproban máis cambios lexislativos de toda a lexislatura.

Esta Lei de medidas fiscais e administrativas, Lei de acompañamento, volve ser un erro nas políticas do Partido Popular. Volve ser un erro porque amosa a regresividade fiscal coa que vostedes orientaron esta lexislatura e porque amosa tamén a falla de compromiso co autogoberno galego, coa calidade lexislativa, coa exposición e todos os informes necesarios para os nosos proxectos de lei.

É por iso que lle queremos pedir ao Partido Popular que rectifiquen naquilo que non está ben, que lle quiten ao presidente Rueda a mochila coa que está quedando na historia de Galicia, a da maior reforma fiscal para favorecer os máis ricos, e a de ser a sombra dun tempo no que todo o que non foi ben non está sendo mellorado.

E é por iso que dende o Grupo Parlamentario Socialista, como ten dito anteriormente o noso voceiro e tamén a voceira de orzamentos, estes orzamentos para o ano 2024 non poden contar co noso apoio. E cando votamos «non» a uns orzamentos que non dan respostas ao que os galegos e as galegas demandan para o seu día a día, ao que as empresas necesitan, ao que os nosos maiores reclaman, ao que os defensores dos servizos públicos fan defensa continúa, hoxe mesmo ás portas deste parlamento reclamando máis e mellor sanidade pública, tampouco podemos ser cómplices dunha modificación lexislativa e dunha estratexia fiscal que é errada.

Non podemos respaldar a Lei de medidas fiscais e administrativas porque non é un acerto para Galicia, nin para os galegos nin para as galegas, non para todos.

Señores do Partido Popular, vostedes traen hoxe aquí unha Lei de medidas fiscais e administrativas que non favorece a maioría dos galegos e das galegas, pero si favorece os 7.000 galegos que teñen máis de 2 millóns de euros de patrimonio, excluída a súa vivenda habitual. Eses 7.000 galegos están hoxe aplaudindo o presidente Rueda, porque están vendo que o presidente Rueda foi quen de levar a rebaixa do imposto de patrimonio ata o 50 por cento, a onde non se atreveu a levala nin tan sequera o señor Feijóo. E hoxe mesmo, cando vemos que en Baleares ou en Estremadura o Partido Popular ten que agachar a cabeza porque a súa forza de cogoberno —Vox— nesas comunidades lle está exixindo unha rebaixa do imposto de patrimonio, vemos aquí como o Partido Popular puro en Galicia, sen ter que dar conta nin ser mudado na súas posicións pola ultradereita, trae aquí a mesma a axenda de reforma tributaria que fan nesas comunidades onde cogobernan con Vox. Aquí esa axenda marcada pola presidenta Ayuso, por ese neoliberalismo de última xeración, que ten un cinismo e unha hipocrisía absoluta cando soben a este parlamento, a este estrado a dicir que teñen os orzamentos máis cuantiosos da historia de Galicia sen en cambio dicir como teñen vostedes unha estratexia para poder financiar eses orzamentos.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque lles vou dicir: despois desa retahíla continúa que fai o Partido Popular dicindo dende o primeiro día que son os orzamentos máis grandes da historia de Galicia, o PP amosa o seu fallo de coñecemento no que é a política orzamentaria. En calquera democracia do mundo e na medida en que exista crecemento económico e non exista unha rebaixa fiscal ao estilo de Laffer, os orzamentos, en termos nominais, aumentan de forma progresiva en cada período.

Vostedes queren poñerse medallas de algo que é o normal pero do que non teñen ningún mérito. Pero o que non ten por que ser o normal é que á hora de recadar fondos vostedes sempre favorezan os mesmos en vez de favorecer a maioría. E esa é a pegada que deixa o presidente da Xunta de Galicia despois dun ano e medio á fronte do Goberno da Xunta de Galicia. Uns orzamentos que non dan respostas aos galegos e unha Lei de medidas de acompañamento, unha Lei de medidas fiscais e administrativas que non está á altura do que os galegos e as galegas.

Ao longo de tantos plenos veñen vostedes aquí comparar un goberno que foi de progreso en Galicia, presidido por Emilio Pérez Touriño, cos catorce anos dos gobernos do Partido Popular, do señor Feijóo e agora do señor Rueda.

E vostedes sempre agochan a realidade despois desa mantra de propaganda continua que nega a evidencia do que foi un bo goberno para os galegos e as galegas. E vólvoo dicir hoxe aquí: cando en Galicia gobernaba un goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, a Lei de medidas fiscais e de acompañamento era xustamente iso: unha Lei de medidas fiscais que lexisla fiscalmente para acompañar os orzamentos e unha Lei de medidas administrativas que mudan os textos lexislativos naquilo en que pode ser necesario ou imprescindible para levar adiante os orzamentos. E por iso non había esas medidas administrativas que vostedes incorporan hoxe aquí neste texto lexislativo. Vostedes mudan hoxe unha trintena de leis e unha ducia de decretos e decretos lexislativos sen ton nin son, unha lei ómnibus sen ningún tipo de coherencia nin de servizo a Galicia.

Intentan eliminar que os proxectos de lei sigan polo procedemento habitual —a garantía para ter máis calidade lexislativa—, evitan exposicións públicas e participación, evitan os informes de seguridade do Consello Económico e Social, evitan un debate máis profundo e prefiren facer unha lexislación máis naíf, correndo, a toda présa, simplemente intentando mudar todo, sen que se saiba nin se queira saber todo o que vostedes fan.

E por iso non podemos ser cómplices e volvemos levantar a bandeira de como se lexislaba en medidas fiscais e de acompañamento nos tempos en que Emilio Pérez Touriño presidía o Goberno da Xunta. Si, señores do Partido Popular, vostedes viven no seu espello, dicindo a maioría que son e o fermoso que se ven cando se levantan por ter tantos votos e tantos deputados, pero vostedes non ven o espello dos galegos e das galegas. Galegos e galegas que teñen tanta dificultade: máis da metade das familias galegas chega con dificultade a fin de mes; a metade dos pensionistas en Galicia están baixo o umbral da pobreza; máis do 25 por cento dos nenos e nenas deste país están en risco de pobreza; as industrias teñen mil problemas, tantas en quebra, tantas que desapareceron. E vostedes non son quen de darlles respostas, tampouco con estes plantexamentos.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E si, é hipócrita, é hipócrita por parte do Partido Popular dicir que ten os maiores orzamentos e non contribuír á corresponsabilidade fiscal. Porque cada vez que vostedes din que os orzamentos da Xunta son os máis altos da historia, non se debe ao Goberno do Partido Popular. ¿Que fixeron vostedes para conseguir aumentar eses orzamentos, cando vostedes mesmos recoñecen que non tiran da débeda pública, que non poden monetizar o déficit evidentemente, e que polo tanto de onde veñen eses fondos que lles permiten a vostedes estar tan ufanos cando falan de tanto que gastan? Veñen dun Estado do benestar, que recada tributariamente con progresividade e con xustiza fiscal, algo que a vostedes non lles gusta e lles sae sarpullido cada vez que lles dicimos que sen xustiza fiscal non hai xustiza social.

E é por iso que, fronte a ese zarandeo do marco normativo, baseándose nun informe xurídico que di que os cambios que teñen que existir na Lei de acompañamento teñen que ir pegados ao orzamento, vostedes estiran como chicle para mudar todo sen beneficiar en nada positivo os galegos e as galegas.

Vímolo co imposto de patrimonio. O Partido Popular bonifica no IRPF con 34 millóns de euros o 99 por cento dos galegos e das galegas. ¡Ollo!, esa é a mesma contía que rebaixa o Partido Popular no imposto de patrimonio a 7.700 millonarios en Galicia con máis de 2 millóns de euros. A preocupación do PP polas familias, cando a metade das familias non chegan a fin de mes, é exactamente a mesma para todas as familias de Galicia que para a minoría privilexiada que ten máis de 2 millóns de euros. Un 0,3 por cento dos galegos ten as mesmas vantaxes fiscais que o 99,7 por cento restante. Iso é o que fai o Partido Popular coas súas reformas tributarias. Unha fiscalidade de amiguetes que leva o Goberno da Xunta de Galicia a unha falla de rumbo en materia do imposto de patrimonio, que se viu xustamente neste mesmo ano.

Alí onde Rueda dicía que a Xunta recorrería ante o Tribunal Constitucional o imposto de grandes fortunas, porque dicía textualmente que era unha clarísima vulneración, un ataque directo á autonomía galega e que os tribunais ían botar abaixo esa reforma, o presidente, e o seu Goberno, tivo que envainala. Tivo que rectificar porque falou o Tribunal Constitucional e díxolle ao presidente da Xunta que, sendo simplemente un delegado da señora Ayuso, non defendía a legalidade nin a Constitución. E o Constitucional rectificou aquilo que vostedes querían mudar e díxolles que non, porque zarandean o marco normativo ao modificar medio centenar de normas.

Porque vostedes foxen do debate, da participación pública, dos ditames do CES. Hoxe nesta votación van mudar lexislación en sanidade, en política social, en emprego público, en comercio, en consumo, en industria, en economía, en medio ambiente, en territorio, en medio rural, en infraestruturas, en patrimonio cultural, en augas, en transporte, en mar, en pesca..., unha lei ómnibus sen rumbo nin orientación que nin vostedes saben o que votan. Ata tal punto que vostedes mesmos teñen que rectificar o Goberno da Xunta con emendas que meteron na comisión, porque fan tal cantidade de modificacións sen ningún tipo de impulso que se dan conta aos quince días de que están mal feitas, e nesta mesma Lei de medidas traen modificacións de textos lexislativos aprobados neste mesmo ano, ao longo desta lexislatura, e téñense que mudar e rectificar a si mesmos, amosando a súa falla de calidade.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Claro que fan un exceso desa Lei de medidas administrativas. Un uso desaxustado, desproporcionado, que utiliza o Parlamento ao dispor do Partido Popular, non para dar calidade lexislativa. Ata tal punto que incluso modificacións lexislativas que hai que facer, como a da Lei de acompañamento, que inclúe a modificación da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, para dar cumprimento ao acordado na Comisión Bilateral de Cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade de Galicia, algo que hai que facer por legalidade, vostedes tráeno nesta Lei de medidas para acompañar os orzamentos, cando non ten nada que ver. Ou cando modifican tantas cuestións do conxunto lexislativo, da Valedoría do Pobo e de tantos ámbitos.

E é por iso que nós presentamos ao Partido Popular a posibilidade de que limpen a folla de traballo do señor Rueda nesta lexislatura. Non deixen o señor Rueda cometer ese erro terrible de ter unha reforma do 50 por cento de regalo fiscal para os altos patrimonios. Límpenlle a súa cara á política con esta emenda e voten a favor das propostas que fai o Partido Socialista.

En primeiro lugar, para ter máis progresividade no IRPF. E volvo recordar o cinismo do PP, que o ano pasado non facía máis que falar da importancia de deflactar o IRPF —repetírono todos— e agora non o traen este ano. Non seguen nin tan sequera ben as directrices da señora Ayuso, que polo menos é máis eficiente que vostedes e é coherente co que di; vostedes din un ano unha cousa e ao seguinte escóndena. Aproben unha reforma das táboas do IRPF que dea máis progresividade, con máis xustiza fiscal para aquelas rendas do noso país que teñen máis ingresos.

En segundo lugar, eliminen a rebaixa do imposto de patrimonio. É indecente, é regresiva, é inaxeitada, non responde ao que demandan a maioría dos galegos e das galegas, e vostedes non o levaron no programa electoral. Déanlles oportunidade aos galegos e ás galegas de dicirlles que cumpren con eles. *(Murmurios.)* ¿Ou lles van ir á campaña electoral dicirlles que pola porta de atrás o Partido Popular enganou os galegos facéndolles unha reforma fiscal aos altos patrimonios que teñen máis de 2 millóns de euros? ¿Por que o din por detrás?, ¿por que non o publican? E cando vostedes fan as campañas de publicidade do Partido Popular e din «Galicia non para», poñan unhas páxinas en todos os xornais coa reforma do imposto de patrimonio: Galicia non para co Partido Popular de beneficiar os que teñen máis de 2 millóns de euros e de debilitar a sanidade pública, a educación pública, os servizos sociais e o benestar dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Vaian a cara descuberta, díganlles o que fan, non intenten vostedes agocharse.

É tamén que nós plantexamos reformas do que ten que ver nas leis administrativas; unha modificación da Lei 1/2006, do Consello Agrario Galego, que muda sen acordo a representatividade do sector agrario neses ámbitos.

E tamén pedimos, dende logo, suprimir todo ese cambio que fan vostedes en enerxía eólica e en enerxía renovable, que traen aquí pola porta de atrás, en vez de levala por calidade lexislativa en proxectos de lei independentes, ou á hora de fortalecer os concellos de Galicia.

É por iso que o Grupo Parlamentario Socialista emenda unha Lei de medidas fiscais e administrativas que amosa o que non se debe facer dende o Parlamento de Galicia. E o que non

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se debe facer é beneficiar fiscalmente os que máis teñen en momentos de tantas dificultades para tantas familias galegas e á vez lexislar sen ton nin son, nun *totum revolutum* no que nada queda claro.

É por iso que pedimos que acepten as 32 emendas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a esta Lei de medidas fiscais e administrativas. Sería algo bo para os galegos e para as galegas e, sendo bo para os galegos e para as galegas, dígolles tamén que sería bo para un presidente da Xunta de Galicia, que ten no seu legado para este país, como principal decisión —a primeira e de maior calado—, a rebaixa máis inxusta e indecente do imposto de patrimonio en momentos de dificultade.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día ou boa tarde xa.

Estamos, efectivamente, no último debate, polo menos dos orzamentos, e, como é habitual, o BNG vai presentar e defender aquí as súas emendas en materia fiscal, que teñen como obxectivo avanzar cara a outro modelo fiscal: cara a un modelo de fiscalidade máis xusta e progresiva fronte ao modelo do Partido Popular de agasallos fiscais aos millonarios. Fronte a este último modelo, propoñemos a supresión da bonificación ao imposto do patrimonio ou a rebaixa do mínimo exento; tamén propoñemos modificacións no IRPF con criterios de progresividade para que pague máis quen máis teña e cambios na fiscalidade ambiental, tanto no que ten que ver coa modificación do imposto ao dano ambiental dos encoros ou coa modificación do canon eólico para gravar —como xa se fai noutras comunidades e se pode facer aquí— non só o número de xeradores, senón tamén a potencia instalada.

Ao portavoz do Partido Popular chamáballe a atención que quixésemos incrementar estes impostos; e non nos estraña que lle chamase a atención porque son incrementos para recadar máis, para reducir os beneficios das grandes empresas enerxéticas e para incrementar os recursos das arcas públicas. *(Aplausos.)* Para iso son as propostas do BNG, *(Aplausos.)* mentres que as do Partido Popular son para incrementar as arcas das grandes eléctricas que se están forrando á conta das galegas e dos galegos.

Tamén temos que desmontar ese argumento falaz do Partido Popular, segundo o cal menos impostos aos ricos redundan en máis investimentos para dinamizar a economía, porque a realidade e os datos desmenten absolutamente este razoamento. Miren, estamos en mínimos de investimento privado, cando Galiza estaba nos anos 2008 e 2009 á cabeza do Estado en investimento privado. Hoxe en día, no ano 2022, estamos 6,5 puntos por debaixo da media

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estatal e 10 puntos por debaixo da media europea. Ademais, estas cifras, que amosan que estamos á cola en investimento privado, teñen un correlato, que é que estamos batendo récords en expulsión de aforro dos galegos e das galegas. Aí si que teñen vostedes un gran logro e un gran récord, que é de 30.000 millóns de euros de aforro galego que marcha para outras comunidades do Estado para financiar o investimento en actividades económicas. Este é o gran logro do Partido Popular; un gran récord destes catorce anos e medio, que ten que ver, ademais, con outro gran logro do Partido Popular, isto é, o desmantelamento e a privatización das caixas de aforros, que foron rescatadas con fondos públicos —con miles de millóns de euros de fondos públicos—, vendidas a prezo de saldo para o gran negocio dos amigos do Partido Popular, como o señor Escotet, que se forrou ao longo de todos estes anos e que hoxe ten un patrimonio de 2.700 millóns de euros e que se beneficia das rebaixas fiscais do Partido Popular aos millonarios. Isto si que é unha auténtica sociedade. Isto si que é un tándem, o tándem Rueda-Escotet. Isto si que é unha coalición. Isto si que é un bipartito, o bipartito do PP-Abanca; o que pasa é que é un bipartito que non se presenta ás eleccións, *(Aplausos.)* pero que comparte negocios alí onde toca.

Miren, con respecto ás medidas administrativas, é evidente que o BNG rexeita esta proposta tanto por cuestións de forma como de fondo; e temos que insistir e repetir, unha vez máis, que non podemos admitir o abuso —o auténtico abuso— e a prepotencia con que vostedes actúan á hora de modificar, sen ton nin son —dunha maneira absolutamente abusiva e inxustificada—, ducias de leis. Ademais, todo isto agrávase, aínda por riba, coas emendas presentadas, xa despois do peche polo Partido Popular, sen tempo, nin sequera, para poder debatelas e emendalas.

Vostedes converten a Lei de acompañamento nunha especie de lei ómnibus, con que modifican, nada máis e nada menos, 31 leis e 11 decretos pola porta traseira, e convértena nun procedemento que supón unha absoluta rebaixa de garantías democráticas, de garantías de participación e de garantías de transparencia. Ademais, como técnica lexislativa é unha auténtica chapuza; non se pode denominar doutra maneira, porque vostedes fixeron cambios lexislativos á medida de determinados intereses, o cal crea unha absoluta inseguridade xurídica. Isto é o que crea inseguridade xurídica: ese traxe a medida que levan facendo ás eléctricas é o que levou, por exemplo, a unha auténtica parálise no sector, porque esta parálise está derivada da barra libre ás eólicas que vostedes implantaron e aprobaron, e non das sentenzas xudiciais. Vostedes están nunha campaña de acoso e derrubamento, e de coacción aos tribunais de xustiza, cando son vostedes os auténticos responsábeis desta parálise.

Despois, hai outras propostas, outros cambios, que poñen de manifesto un absoluto desbaraxuste, unha absoluta descoordinación e un completo descontrol dun Goberno que é un desgoberno e que pon de relevo un auténtico fracaso no que ten que ver, sobre todo, coa política industrial e que vostedes poñen no negro sobre o branco no documento das medidas administrativas.

Vostedes utilizan a Lei de acompañamento para facer unha auténtica emenda á totalidade en materia de política industrial, señora conselleira. Vostedes eliminan ou reconverten organismos e iniciativas que foron presentadas no seu día como grandes ideas que ían resolver todos os problemas da política económica e da política industrial; por exemplo, dez

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anos despois eliminan a Unidade Galiza Emprende, que non emprendeu nada, que non serviu para nada e que eliminan *(Aplausos.)* —acordáronse agora— dez anos despois. Suprimen vostedes o Plan director da industria de Galiza —tamén oito anos despois de crear esta proposta e esta medida—, que tampouco serviu para nada porque vostedes non foron capaces de facer un auténtico plan industrial, co cal, o que vimos foi un auténtico ermo industrial, coa desaparición e coa destrución de 40.000 empregos industriais nos últimos catorce anos.

E, ¡claro!, a vostedes véselles moi ben a *patita,* porque, despois, ¿para que utilizan a Lei de acompañamento? Para introducir unha medida nos proxectos industriais estratéxicos para, se o prazo de tramitación dura máis dun ano, indemnizar as empresas con medio millón de euros; vostedes, desde o Goberno galego, desde as arcas públicas, poñen cartos para indemnizar as empresas. ¡Ollo!, as grandes empresas son beneficiadas polas políticas do Partido Popular, se se tarda máis dun ano en tramitar un proxecto industrial estratéxico; por certo, todos os proxectos que hai en tramitación levan máis de dous anos así. *(Aplausos.)* ¡¿Vostedes, que nos están dicindo aquí?! Están vostedes incumprindo os prazos sistematicamente; son incapaces de cumprir os seus propios prazos. ¿Queda claro que o Partido Popular goberna para as grandes empresas?

Miren, vostedes modifican de novo, unha vez máis —xa non sei cantas van—, a Lei de implantación de iniciativas empresariais, que tamén ía ser *jauja*. ¿Saben para que a modifican? Entre outras cousas, para crear a Mesa de empresa e innovación; a Mesa de empresa e innovación, que se pode cualificar como a Mesa de humillación, a GAIN, nesa auténtica guerra civil que teñen na Consellería a señora conselleira e a señora directora da GAIN. Isto vai tamén nesa mesma dirección, señora Lorenzana. Despois, neste auténtico superarse a si mesmos, o que fan vostedes con este texto legal é suprimir as iniciativas empresariais prioritarias. Mire que tan prioritarias eran que levan vinte iniciativas aprobadas e ningunha —practicamente ningunha—, despois de dous anos e despois de centos de titulares, conseguiu implantarse; a maioría —a inmensa maioría—, señora conselleira, das iniciativas empresariais prioritarias —e pódolle ler a lista, que a teño aquí— non se implantou. ¡Non é que non se implantasen, é que nin sequera aprobaron os proxectos! Todas as que teñen que ver co ámbito enerxético, que ían crear miles e miles de postos de traballo, aínda non aprobaron os seus proxectos. É un auténtico fiasco, un auténtico *bluf*, tal como eses proxectos tractores, tamén vendidos a bombo e prato pola sociedade Impulsa, en que está o señor Rueda co señor Escotet de ganchete. Deses marabillosos proxectos resulta que ningún, despois de dous anos —¡ningún!—, saíu adiante. Máis que «proxectos tractores» chamarémolos «proxectos chimpín», xa que nin sequera dan arrancado o motor e levan dous anos paralizados.

Igual que as modificacións que fan vostedes na Lei de simplificación administrativa, a que meteron unha emenda para convertela na lei de aceleración. Aquí tamén fan desaparecer outra das grandes ideas dos últimos anos que nos venderon a bombo e prato, como a Oficina Doing Business, e crean, no seu lugar, a Oficina Económica que duplica a Oficina Galiza, empresa que xa existe. Eu creo que vostedes, con tantos cambios que fan, nin sequera saben os organismos que teñen, e teñen un auténtico galimatías de creación e de supresión de oficinas e de organismos, co cal, non saben o que teñen.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por se todo isto fose pouco —esta emenda á totalidade na política industrial—, agora, xa en tempo de desconto, veñen as emendas do Partido Popular aínda a agravar máis as cousas e a favorecer, moito máis aínda, intereses privados de grandes empresas, por exemplo, con todas as modificacións que introducen no apartado eólico —porque vostedes van a tiro fixo— e tamén no que ten que ver coa política de vivenda. No caso da eólica, nas renovábeis, vostedes non se preocupan de mellorar, nin sequera, a normativa sobre o autoconsumo, de mellorar a normativa sobre as comunidades enerxéticas, de mellorar as medidas para as pemes ou de mellorar as medidas para o autoconsumo privado —¡non, non, non!—. O seu interese está claro, déixano aquí negro sobre branco —clariño—, e vai dirixido a facilitar a implantación dos grandes proxectos eólicos depredadores dos nosos recursos e da nosa riqueza para vencer as resistencias que hai no territorio e nos concellos; a resistencia —xa llo dixen moitas veces— de moitísima xente, que é simpatizante e votante do Partido Popular, que se sente autenticamente asoballada por esta política eólica da Xunta do Partido Popular, e para vencer tamén a resistencia dos informes técnicos do seu propio persoal, e tamén para vencer a resistencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E estas emendas están escritas para iso: para interpretar a lei de maneira que se poida vencer esa resistencia.

Miren, introducen vostedes a presunción do interese público superior, por razóns de seguridade e de saúde, por riba de calquera outra razón de interese público e superior. Pero é que tamén é de interese público superior vivir no rural, traballar no rural, ter un proxecto de vida no rural; é de interese público superior a biodiversidade, a riqueza ambiental, a riqueza do patrimonio cultural que temos no noso país, pero iso a vostedes non lles interesa, e o que fan é unha táboa rasa, convertendo todo solo rústico en solo potencialmente aproveitábel para a implantación de grandes infraestruturas de produción de enerxía eólica.

Eliminan o proxecto sectorial, que pasa a ser substituído pola planimetría da infraestrutura —por uns planos—, ou tamén interpretan os efectos sinérxicos e acumulativos ou a fragmentación de proxectos cunha cláusula metida nas emendas do Partido Popular, a que podemos chamar «a cláusula Greenalia», por exemplo, para que Campelo, Bustelo e Toural, que son tres proxectos contiguos da empresa Greenalia e que teñen a mesma infraestrutura de evacuación e a mesma subestación, non se poidan entender como unha fragmentación —e dino literalmente aí—; non lle puxeron o nome de Greenalia, pero pódense chamar «artigos á medida dos intereses de Greenalia, de Naturgy e de tantas outras empresas que se dedican a fragmentar proxectos». Vostedes intentan poñer aquí unha redacción que dificulte que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza poida botalos abaixo. Así de literal, así actúan en todos.

E por se todo isto fose insuficiente, dan auténticos pelotazos lexislativos para favorecer descaradamente os intereses das grandes empresas da patronal eólica; isto é unha auténtica vergoña, unha auténtica indecencia.

Xa para rematar, referireime a dúas modificacións que meteron, no tempo de desconto, mediante emendas do Partido Popular. No caso da lexislación de vivenda, na declaración de zonas tensionadas, esa normativa que vostedes queren aprobar está descaradamente destinada a impedir, a boicotear e a facer oposición aos concellos para dificultar ou para que non poidan declarar zonas tensionadas de vivenda. E poñen vostedes a raposa a coidar do gali-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ñeiro, porque crean unha mesa sectorial en que están obrigatoriamente as empresas inmobiliarias e as empresas promotoras —¡Si, señora conselleira, está escrito así!—. Vostedes non puxeron nesa lei, por exemplo, as persoas consumidoras; non as puxeron, puxeron quen puxeron: puxeron a patronal porque vostedes defenden os intereses da patronal inmobiliaria. ¡Si!, despois van cambialo, pero puxérono así na lei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, si! Vostedes non puxeron as persoas consumidoras; puxeron as que quixeron poñer porque queren que teñan ese control preventivo, que dificulten e que impidan a aprobación desas zonas tensionadas. ¿Por que? Porque as zonas tensionadas son para baixar o prezo da vivenda, e a eses grupos empresariais o que menos lles interesa é baixar...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor BARÁ TORRES: ...o prezo da vivenda; por iso vostedes gobernan para eses grupos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Por último —xa para superarse a si mesmos—, está a modificación que introduciron coa creación da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, mediante unha emenda do Partido Popular, nunha medida deste calado. E xa á marxe do contido desta proposta, que deixa moito que desexar, o que é absolutamente impresentábel é que se fixese público nos medios de comunicación —concretamente nun, en *Praza Pública*— que esta proposta foi acordada entre a valedora do pobo e o Partido Popular nun auténtico chalaneo —se e é así—, e vostedes aínda non se atreveron aquí a desmentilo; isto é absolutamente im-presentábel.

Polo tanto, con esta lei, o que mostran é que estamos diante dun Goberno en descomposición, dun Goberno que está no tempo de desconto, que está á desesperada —como recoñeceu o señor vicepresidente este domingo— e que quere deixar todo atado e ben atado aos seus amigos, isto é, ás grandes empresas, para dificultar o labor dun futuro Goberno alternativo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...liderado polo BNG, pero que quede claro que non o van conseguir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, *(A señora Arias Rodríguez mostra unha imaxe á Cámara.)* esta era a foto que presentaban as pantallas hai aproximadamente media hora; a foto que mostraba que a Xunta de Galicia aprobaba os seus orzamentos para o ano 2024, que cumpría o trámite parlamentario e que Galicia era a primeira comunidade que o facía.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Son uns orzamentos que contaron co voto a favor do Grupo Parlamentario Popular e co voto en contra dos de sempre, dos que só saben dicir «non»; «non» a todo, e, sobre todo, non a Galicia. Son os orzamentos máis altos e máis sociais da historia de Galicia, aos cales PSOE e BNG votaron en contra, e isto o teñen que saber os galegos. PSOE e BNG votaron en contra, por exemplo, da gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos, do bono Coidado no fogar, da creación de máis de mil setecentas prazas no Sergas e da consolidación doutras tantas en Educación; votaron en contra duns orzamentos mediante os cales se conxelan, un ano máis, as peaxes das autoestradas galegas, e que benefician 28.000 galegos cada día, ou mediante os cales se implanta a cota cero para os autónomos durante o seu primeiro ano de cotización. Son uns orzamentos que falan por si sós dunha comunidade —a galega—, cun Goberno —o de Alfonso Rueda— estable e sólido, que está centrado en xestionar con rigor e cun obxectivo único, este é Galicia, para mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Un presidente, Alfonso Rueda, que non para, para unha Galicia que non pode parar, señorías. Se por vostedes fose, Galicia estaría parada, estaría ancorada neses vinte anos que levan na oposición. Mentres o Goberno se ocupa dos problemas dos galegos, outros —en concreto vostedes—, do único que se preocupan e se ocupan é de ver como poden facer para que o Partido Popular non goberne.

Vostedes votaron en contra dos orzamentos, e xa dixeron tamén que ían votar en contra da Lei de medidas, e dixeron que é polo procedemento; votaron en contra dun instrumento básico para que estes orzamentos poidan despregar todos os seus efectos nos ámbitos fiscal e administrativo, e resulta moi chamativo que estean en contra desta ferramenta de técnica lexislativa que serve para mellorar a vida dos galegos e das galegas, avalada non só polos xuristas da Xunta, senón tamén polo Tribunal Constitucional, e, señor Caballero, que non necesita e para a cal non é preceptivo o informe do CES; votaron en contra, ou votarán en contra, desta medida, sobre a cal nos anunciaron que debía contar con todos os informes a favor, sen embargo votaron a favor da Lei de amnistía, que tiña en contra a Asociación de Xuíces, de fiscais, de avogados do Estado, de notarios, de inspectores de Facenda, da Seguridade Social, de corpos de funcionarios, de decanos das universidades, de diplomáticos... ¡Todos, todos! están a denunciar un ataque sen precedentes ao Estado democrático de dereito, e a iso votaron que si. Pois miren, é unha lei tan vergoñenta, á cal vostedes votaron a favor, que o presidente do Goberno nin sequera asistiu. Hoxe, o presidente da Xunta, orgulloso do que vai ofrecer aos galegos, estivo presente e votou a favor destes orzamentos. *(Aplausos.)*

Dixeron estar en contra da Lei de medidas, por un motivo procesual, *(Aplausos.)* aqueles que votaron a favor da lei do só si é si, co informe en contra do Consello Xeral do Poder Xudicial. Vostedes dixeron «si», e por que pasase xa algún tempo non se vai olvidar, porque vai quedar no seu currículo para a historia. A esquerda española e a esquerda galega —PSOE e BNG— dixeron que si á lei máis lesiva para as mulleres, para a liberdade das mulleres, para a igualdade das mulleres e mesmo para a propia vida das mulleres. Unha lei que deixou, rebaixando as súas penas, máis de mil douscentos agresores sexuais e violadores na rúa. Dixeron que si a esta lei e din que non a unha lei que conta con todos os avais.

Señor Caballero, é verdade. É verdade que esta lei modifica algunhas leis —algunhas puntuais— e outras, para adaptalas ás estatais, pero vostedes saben moi ben que Galicia non

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conta coa posibilidade de ter reais decretos, ao igual que teñen outras comunidades que tiveron estatutos posteriores ou que ten o Estado. Miren, vostedes, xa co Congreso disolto, votaron que si uns reais decretos que, en total, modificaban 47 leis e 5 directivas. Iso pareceulles ben; pareceulles perfecto, porque iso era urxente. Miren, para nós esta é a única posibilidade que temos de adaptar as nosas leis para mellorar a situación dos galegos e das galegas e as súas necesidades. Todos os artigos incluídos na lei son para iso: para apoiar as familias, para facilitar a creación de postos de traballo ou mesmo para os avances médicos —aos cales, por certo, vostedes presentaron emendas—, porque iso é o que fan os partidos con vocación de goberno e os gobernos serios.

O BNG di que está en contra da Lei de medidas, señor Bará, pero eu, sinceramente, creo que o que non tiñan eran moitas ganas de traballar, xa que presentaron as mesmas emendas que o ano pasado e que o anterior, e que o anterior. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O PSOE tamén fixo un pouco iso, pero, en honra á verdade —hai que dicir—, algo menos. Agora si, o PSOE dixo que non está a favor da Lei de medidas, pero tamén presentou a modificación de varias leis; ou sexa, non me gusta *que lo hagan otros, pero yo, si puedo, las cuelo* —¡pois non, señor!—. Hai que ser honestos: ou se está a favor *(Aplausos.)* ou non se está. Se tivésemos que resumir nunha frase as súas emendas, diriamos: «As emendas dos socialistas e do Bloque Nacionalista Galego foron: para subir os impostos a todos —aos ricos e aos vulnerables—, *(Murmurios.)* para impedir a produción de enerxía e para dificultar a implantación de empresas en Galicia». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois miren, xusto o contrario do que quere o Goberno de Alfonso Rueda, xa que quere unha Galicia próspera, unha Galicia moderna e unha Galicia dinámica, como son as galegas e os galegos. *(Aplausos.)*

Miren, eu xa sei que isto a vostedes non lles gusta, pero nós estamos moi orgullosos de que coa Lei de medidas sigamos o camiño da consolidación fiscal a favor dos galegos e das galegas porque as catro rebaixas que levamos nos últimos anos supoñen que os galegos pagan de media 476 euros menos que no ano 2009; cartos que quedan nos seus bolsillos nuns momentos de dificultades. Para a renda que se refire ao ano 2023, Galicia será a primeira comunidade que equipare fiscalmente as familias con dous fillos coas familias numerosas; tamén a que equipare fiscalmente as parellas de feito cos matrimonios; ademais de a que fará realidade outros compromisos adquiridos polo Goberno de Rueda, como, por exemplo, as rebaixas na adquisición de vehículos, que pasa do oito por cento ao tres por cento, se son de segunda man, e que queda no cero por cento para os de categoría ambiental cero. *(Aplausos.)* Favorecemos con menos impostos a compra de vivenda para rehabilitar, *(Aplausos.)* que quedaría no seis por cento e nun catro por cento naquelas zonas onde haxa escasa poboación ou no rural; e o imposto sobre transmisións patrimoniais pasaría do nove por cento ao oito por cento. Con todo isto, favoreceriamos a reactivación económica e mellorariamos a situación dos galegos e das galegas. Como as imos votar a favor, ímolo conseguir, porque os galegos saben moi ben —por moito que vostedes lles digan— que aquí hai dous modelos: os que suben os impostos a todos —insisto— e os que os baixan. *(Aplausos.)*

Preguntábame na Comisión o señor Caballero: «¿Vostede pódeme dicir como son capaces de baixar os impostos e manter os servizos da xente?»; «¿como se poden manter os servizos públicos galegos baixando os impostos?»; «¿como o fan?» Bueno, eu entendo que a un socialista lle custe traballo saber como se fai isto porque, dende logo, se fai con rigor e con

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

equidade; faise xestionando, priorizando e reducindo gabinetes e altos cargos. Tamén lle digo como non se fai: non se fai collendo o Falcon para unha viaxe de doce minutos, nin se fai collendo un Falcon e dous helicópteros para vir falar de cambio climático nos incendios de Valdeorras, nin se fai tendo máis de vinte ministerios, nin tampouco se fai tendo eses despachos tan chachis, —modelo luxo asiático— que tiñan vostedes no Bipartito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Así non se consegue; así non, ¿eh? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Señor Bará, eu entendo que os nacionalistas marcan claramente as fronteiras, pero igual debería viaxar un pouco, porque, mire, non se conseguiría baixar o prezo dos alugueiros sacando unha lei ao chou que declarase zonas residenciais tensionadas os concellos do rural de menos de dous mil cincocentos habitantes, como Amoeiro, Coirós ou Rodeiro; unha lei que xa se demostrou fracasada noutros puntos de Europa. Por iso, a Consellería dixo, dende o primeiro momento, que non ía decretar zonas tensionadas en virtude da autonomía e do autogoberno que teñen os concellos, porque tampouco quere poñer trabas. Por iso, o que se fai nesta lei é que, se un concello cre que no seu municipio pode haber zonas tensionadas, o solicite, presente os informes técnicos correspondentes e logo concederáselle.

Falaba da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, e menos mal que hoxe aquí o señor Bará xa non se atreveu a dicir o que dixo na Comisión, na cal chegou a dubidar da independencia da valedora. Hoxe intuíno un pouco; dixo que nalgún medio se falaba que había compincheo e todo iso. Falaba vostede da independencia dun órgano que é aprobado por unha maioría cualificada, e que ten demostrado a través de todos os anos, dende a súa fundación, unha absoluta independencia. E claro que nos pareceu un bo órgano para que se ocupe da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, porque tiñamos tres opcións: crear un novo, sumarnos ao que tivese o Estado —que aínda o terá; sabe Dios cando, porque están ocupados sempre noutras cousas— ou utilizar un organismo como é a Valedoría do Pobo. Isto último foi o que fixemos porque nos parece que iso é avanzar na transparencia e no bo goberno; iso é o que imos facer.

Sobre a regulación en materia de enerxía eólica, vostedes dixeron que non, e xa está. Vostedes non entenden —non queren entender, porque o saben moi ben; pero non queren perder a oportunidade da pancarta— que o que se fai aquí é blindar, precisamente , que a Xunta sempre usará a tramitación ambiental máis rigorosa. Ademais, tamén se quere afondar na seguridade xurídica para que non haxa distintas interpretacións. Aquí se definen con maior detalle e garantía os casos de fraccionamento; aprobamos tamén a execución de infraestruturas comúns para dar medioambientalmente máis valor, e regúlanse os efectos sinérxicos; polo tanto, moi lonxe de reducir as garantías ambientais, o que se fai é todo o contrario, señor Bará: amplíanse e refórzanse. ¡Claro!, neste aspecto eu xa sei que vostedes non están de acordo, e nese hipotético cuatripartito, quintipartito, non sei como farían: un poñería os eólicos polo día e outros, pola noite... É que isto pasou no Bipartito, e, entón, igual terían que falar sobre iso.

Nós témolo moi claro: a produción de enerxía con fontes renovables non é unha opción; é necesaria para os obxectivos de descarbonización, é necesaria para baixar a factura da luz dos particulares e das empresas para facelas máis competitivas. Iso é o que se pretende, pre-

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cisamente, coa Oficina Económica e co impulso de novos proxectos industriais estratéxicos, con que se quere facilitar a implantación de empresas en Galicia; *(Aplausos.)* que non se vaian fóra, que non se vaian a outras comunidades ou a outros países porque unha empresa é unha riqueza para onde se instala *(Aplausos.)* polos impostos, porque aí vai xente para vivir, porque esa xente xera postos de traballo directos e indirectos.

Xa para rematar. Señor Bará, se dependese de vostedes, os do rural aínda andariamos con boinas e zocas e alumeando cunha vela. *(Murmurios.)* Iso é o futuro que vostedes queren para o rural. *(Aplausos.)*¡Non enganen ninguén! Os que vivimos no rural sabémolo perfectamente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Despois de escoitar a defensa do Partido Popular desta Lei de medidas fiscais e administrativas, o Grupo Socialista reafirma a súa posición. Temos un modelo distinto de fiscalidade para os galegos e as galegas e temos un modelo distinto á hora de lexislar e de xerar os mellores proxectos lexislativos con solvencia, con exposición pública e con todos os informes; por iso é que non podemos ser cómplices dos erros do Goberno e do Partido Popular en Galicia.

Dicía a voceira do Partido Popular que este plantexamento de cambios que hai no ámbito das medidas fiscais e administrativas son importantes, por exemplo, á hora de crear unha Oficina Económica de Galicia ou á hora de impulsar proxectos industriais estratéxicos. Miren, señores do Partido Popular, nun informe da Asesoría Xurídica concluíase que no Anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas non se regulan materias directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, e, polo tanto, non resulta preceptivo solicitar o Ditame do Consello Económico e Social. Eu quería preguntar ao Partido Popular: ¿que ocorre con este tipo de informes da Asesoría Xurídica?; ¿queren dicir vostedes que non é necesario o Informe do Consello Económico e Social porque os cambios que vostedes fan en materia industrial e económica nesta Lei de medidas fiscais e administrativas non están vinculados ao desenvolvemento económico e social de Galicia?; ¿para que serven entón esas reformas que vostedes plantexan, tan oufanos, nesta Lei de medidas fiscais e administrativas? Se non benefician o desenvolvemento económico do país, se non benefician as familias e o emprego dos galegos e das galegas, entón, ¿cal é a orixe e cal é o obxectivo das mesmas? E, se o fan e implican afectación ao desenvolvemento económico e social, expliquen vostedes á Asesoría Xurídica porque non piden o Informe do Consello Económico e Social. É toda unha argumentación deslavazada, sen coherencia, sen homoxeneidade e que no fondo quere amosar un Partido Popular que erra.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós, dende logo, entendemos que os plantexamentos que fai o outro grupo parlamentario da oposición, o Bloque Nacionalista Galego, enfocan tamén unha maior progresividade fiscal que vai na liña do que nós tamén defendemos, pero hai unha diferenza co que fai o Partido Popular. Cando a voceira do Partido Popular dixo aquí que a reforma fiscal que inclúe a proposta do Grupo Socialista implicaba unha suba de impostos, eu teño que dicir que si implica unha suba de impostos para os altos patrimonios de Galicia, isto é, para os que cobran máis de 2 millóns de euros e para os tramos máis altos do IRPF que ingresan a partir de 50.000 euros por persoa da unidade familiar; pero non implica unha suba de impostos para o conxunto das familias que ten ingresos inferiores e que non ten eses patrimonios.

O modelo do Partido Popular é distinto; o que vostedes fan nestes orzamentos en materia tributaria é manter a mesma táboa de IRPF do ano pasado; é meter pola porta de atrás as desgravacións ao xogo e ao bingo —¡iso si o manteñen!, e fíxose en pandemia por excepcionalidade, e aí quedou—. Pero a reforma que leva o selo do señor Rueda é a reforma do imposto de patrimonio, isto é, a única gran rebaixa impositiva que fai o Partido Popular; ¡iso é o que lles teñen que dicir aos galegos! *(Murmurios.)* O Partido Popular implica para Galicia unha reforma fiscal que rebaixa o imposto de patrimonio, pero non o IRPF para as familias. ¿Díganme vostedes onde aplican, para as familias de ingresos baixos, unha tributación diferente á do ano pasado? Dígame, señor conselleiro, un só artigo desta lexislación. ¡Ningún!; ¡é todo mentira, é todo mentira! ¿Que baixan os impostos ás familias? ¡Non! Está aquí a táboa do IRPF, que é a mesma do ano pasado: a posición en renda de patrimonio é a mesma que plantexaban; as rebaixas ao bingo e ao xogo son as mesmas. Eu quero unha Galicia distinta e —creo— o Partido Popular debería aproveitar esta oportunidade para mudar, para ensinarlles aos galegos e ás galegas unha fiscalidade máis progresiva e máis xusta.

Pasamos, ao longo desta lexislatura —catro anos—, por moitas dificultades: por unha pandemia, por unha nova tendencia de crecemento dos prezos, por distintos momentos de complicacións... Eu quero unha Galicia do benestar, que defenda a inclusión, que defenda a xustiza social, que non deixe ninguén atrás; quero unha Galicia que aposte por tantos galegos que non chegan a fin de mes; unha Galicia que está esperando por ter menos listas de espera na sanidade pública; unha Galicia que quere ver como deixan de pechar unidades escolares e como deixamos de ter —que aínda hoxe hai unidades escolares con nenos na mesma aula— nenos e nenas de distintas idades que comparten aula de forma excepcional. Iso ocorre hoxe en Galicia —¡ocorre hoxe en Galicia!—; e, polo tanto, vostedes deben traballar para mudalo...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...xa que hai os orzamentos máis altos.

Non conten coa complicidade do Partido Socialista á hora de facer políticas regresivas e que non apostan polo benestar. O progreso, o benestar e o futuro dos galegos e das galegas merecen algo mellor.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señora Arias, dixo vostede que os grupos da oposición —o BNG, concretamente— son os que só saben dicir «non»; díxoo vostede con todo o papo, despois de votar «non» ás 600 emendas presentadas polos grupos. ¡Nin unha soa lle valeu!; ¡nin a primeira, nin unha! *(Aplausos.)* ¡Viva a democracia! Este é o Partido Popular do «si» a todo. *(Aplausos.)* Vostedes son realmente os que din «non».

Miren, con respecto ao tema da enerxía, resúltanos difícil seguirlles o argumentario porque, por un lado, dixeron vostedes que o BNG, no maldito Bipartito, no ano 2008 quería adxudicar 2.300 megawatts, e adxudicou en toda a lexislatura 6.000 mil megawatts —por certo, todo iso o votaron vostedes abaixo e despois paralizárono, coas indemnizacións correspondentes— e resulta que agora din que queremos paralizar todo e que as galegas e galegos vaian en taparrabos. *(Risos.)* Aclárenos cal é o verdadeiro BNG, señora Arias, porque non acabamos de collerlle o argumento. *(Aplausos.)* Os seus argumentos son ridículos —son ridículos!— *(Aplausos.)* O BNG ten un modelo enerxético eólico claro e, ademais, entregámosllo aquí —a ver se van tomando notas, aínda que xa lles quede pouco tempo—.

Con respecto ás medidas fiscais. Voulles explicar para que entendan como nós propoñemos propostas fiscais que benefician a maioría das galegas e dos galegos e que prexudican as grandes empresas enerxéticas, e voullo explicar co canon eólico e coas repotenciacións. As últimas catro repotenciacións supuxeron que as empresas como Gas Natural, Fenosa, EDP e Elecnor, no Cabo Vilán, en Malpica, en Ponteceso, en Corme e en Zas deixasen de pagar, señora Arias, nada máis e nada menos que 1,2 millóns de euros que pagaban antes das repotenciacións. Nós queremos cambiar o canon eólico transitoriamente para que paguen cando repotencian porque producen máis e gañan máis coas repotenciacións, aínda que teñan menos aeroxeradores, e para que se grave non só o número xeradores, senón tamén a potencia instalada. Isto é legal, isto pódese facer, isto xa o fixeron outras comunidades. ¡Si!, non cabecee, señor Corgos, é así. Pódese facer *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e pódese recadar máis.

Mire, señora conselleira de Vivenda, vostedes puxérono aquí, nas emendas do Partido Popular: *(O señor Bará Torres le.)* «A declaración de zona de mercado residencial tensionado exixirá que, con carácter previo á presentación da correspondente solicitude, o concello interesado constitúa unha mesa sectorial na que se analizará a proposta municipal de declaración, así como o proxecto de plan específico que inclúa as medidas correctoras e o calendario do desenvolvemento das mesmas. Na mesa sectorial terán que estar representados os colexios profesionais ou a asociación de administradores de fincas de axentes da propiedade inmobiliaria e de persoas promotoras de vivenda». *(Murmurios.)* ¡Está aquí; máis claro, auga! Vostedes puxeron aquí quen quixeron poñer: os que se queren beneficiar da suba do prezo das vivendas, porque queren poñer a raposa a coidar do galiñeiro. Esta é a política do Partido Popular: *(Aplausos.)* que non baixe a vivenda; por iso crearon esta mesa sectorial.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.) ¡Aquí está!, *(O señor Bará Torres eleva un documento e móstrao á Cámara.)* puideron poñer outras entidades, e non as puxeron; puxeron estas. *(Aplausos.)* Está claro a que intereses serven.

Miren, con respecto —non me dá tempo a tocar todos os asuntos— a un asunto que me parece especialmente grave, que é esa Autoridade para a Protección da Persoa Denunciante, en primeiro lugar, é infumábel o sistema que vostedes teñen para a dotación de persoal desta autoridade, con contratación de persoal eventual seleccionado como persoal asesor, isto é, seleccionado de maneira dixital. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se cambia nada, ¡non! A lei di claramente como se ten que crear esta oficina e que tipo de persoal ten que ser: que ten que ser persoal funcionario, persoal de carácter público, e non persoal eventual asesor contratado directamente pola Valedora do Pobo. ¡É que non!, isto non serve como mecanismo, non cumpre os mínimos de legalidade, de transparencia e de formalidade. Pero é que, ademais, o que é absolutamente grave e impresentábel é que un medio de comunicación como *Praza Pública* publique isto, que vostedes pactaron e acordaron, e que boten a culpa á Valedora do Pobo de crear este sistema, nun auténtico chalaneo que pon contra as cordas e na picota a Valedora do Pobo, que se converte —se isto é certo— na Valedora do Goberno do Partido Popular. Teño que dicilo así, aínda que me doia. É moi grave que unha institución se someta desta maneira, acordando unhas emendas para a creación desta autoridade coa forza do Goberno —non co Goberno— e que nin veña aquí falar cos grupos políticos e facer unha proposta —que sería o lóxico—, senón que o faga co Grupo Parlamentario Popular, nunha actitude absolutamente partidista. Vostedes non se atreveron a desmentilo. Foi publicado por un medio de comunicación.

Remato xa, señorías do Partido Popular, señora Arias. Falou vostede das fronteiras, o mito das fronteiras. Mire, nós somos das Tanxugueiras: «Non hai fronteiras»; *(Aplausos.)* non hai fronteiras no mundo do século XXI. As Tanxugueiras dicían «Non hai fronteiras». A Galiza que vén é unha Galiza sen ataduras e sen límites.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda do Grupo Parlamentario do Partido Popular.

Ten novamente a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor Bará, para muros xa chegan cos que os socialistas poñen con vostedes en Madrid.

En pouco máis de cinco minutos rematará a tramitación parlamentaria dos orzamentos para o 2024, os máis altos da historia, isto é, 13.250 millóns de euros, e tamén os máis sociais, con catro de cada cinco euros dedicados ás persoas, en especial ás máis vulnerables. Isto é unha mostra máis da responsabilidade e da estabilidade do Goberno de Alfonso Rueda, centrado unicamente en gobernar, en detectar os problemas que teñen Galicia e os galegos e en

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

intentar atoparlles solución. Fronte a iso, temos un PSOE e un BNG que levan anos ausentes da realidade social galega, instalados nunha oposición negacionista e que, dende hai meses, o único que de verdade lles preocupa é mirar cantos teñen que buscar para ver se entre todos suman máis que o PP. E metéronse nun local, empezaron a convocar os espíritos, e apareceron un terceiro e un cuarto, pero é que nin así lles chega; ¿e saben por que nin así lles chega? Porque o seu problema é que vostedes só teñen un proxecto para si mesmos; vostedes non teñen ningún proxecto para Galicia nin para os galegos. *(Aplausos.)* Iso percíbese e iso os galegos sábeno, e por iso nunca lles darán o seu apoio mentres vostedes non cambien. *(Aplausos.)*

E, por certo, mire, señor Caballero, en consecuencia dunhas declaracións que facía onte mesmo o seu candidato á Xunta, a nós dános igual onde estea; por nós pode estar en Madrid ou estar aquí. A vostedes, visto o visto estes días, igual non; igual canto máis lonxe estea mellor. O que doe de verdade é que sexa un candidato que sempre estea a favor dos intereses de Sánchez e que nunca —nunca—, dende o primeiro momento —xa dende que foi delegado do Goberno— estivese a favor dos intereses dos galegos. É que en Lugo o coñecemos moi ben; en Lugo sabemos perfectamente que, detrás dese sorriso afable, o que se esconde é un sectarismo radical. Oito anos leva na Deputación é non fixo nin un só metro de carreteras asfaltadas en ningún goberno do Partido Popular, *(Aplausos.)* en ningún concello do Partido Popular. Ese é o seu candidato. *(Aplausos.)*

Miren, na tramitación dos impostos víronse dous modelos claros —e xa o dixen antes—. O noso modelo é o de baixar os impostos garantindo, ao mesmo tempo, a calidade dos servizos públicos galegos. No Partido Popular estamos moi orgullosos de que Galicia sexa a comunidade con máis apoios fiscais ás familias e á natalidade. Señor Bará, señor Caballero, ¡a todas as familias! E, dende logo, no meu pobo os que compran coches de segunda man non son os ricos, ¿¡eh!? A eses é aos que imos axudar tamén, a eses que compran coches de segunda man. Estamos moi orgullosos de que Galicia sexa a terceira comunidade cos impostos máis baixos para as rendas de ata 21.000 euros; estamos moi orgullosos de que case o noventa por cento das rebaixas vixentes sexan beneficios fiscais de carácter social.

Iso é o que facemos nós mentres que o que fai a oposición é: pedir que os galegos paguemos máis no IRPF e que no imposto de sucesións e de doazóns paguemos máis, nas transmisións patrimoniais, polas vivendas baleiras; pedir que, cada un de nós, paguemos ata catrocentos euros aos cataláns pola débeda que teñen contraída. Iso é o que quere a oposición. Son os mesmos que reclaman con pancartas máis médicos aí fóra, na calle, mentres que aquí, cada vez que vén unha lei ou unha medida para intentar traelos ao Sergas, vostedes votan que non. Nós intentamos meter aínda, nesta Lei de medidas, novas medidas para atraer máis médicos, dentro das capacidades que poidamos ter; e vostedes din que votan que non. *(Aplausos.)* Igual que votan que non a facilitar a implantación de empresas; igual que votan que non á produción de enerxías con fontes renovables. ¿Pero que me vén dicir, señor Bará, se vostedes poñían eólicos en Rede Natura? Vostedes non lles cobraban nin o ICIO sequera, e, moito menos, o canon eólico. ¿Que nos veñen dicir?

De todo isto, sinceramente, o que máis me preocupa, de todo este tempo e do debate que levamos, é que o BNG nos presente a cara máis radicalizada, xa que mesmo chegou a dubidar

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—agora mesmo, hai un momento— da independencia do Valedor do Pobo. Non nos enganemos: ese é o BNG real; o BNG do independentismo e da Lei de amnistía, porque o BNG das americanas cor pastel e o sorriso é só unha foto, un postureo electoral; *(Murmurios.)* pero *por sus hechos los reconoceréis.* ¡Si, señor!, *por sus hechos*, os de vostedes e tamén os nosos e os do Goberno de Alfonso Rueda. Por iso, elección tras elección, tras elección, os galegos votan o Partido Popular; e, cando toque, volverán votar o Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Procedemos, entón, á votación do texto lexislativo do proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Primeiramente, votaremos as emendas que se manteñen do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto da 1 a 32.

Votamos.

Votación das emendas números 1 a 32 do G. P. dos Socialistas de Galicia mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: da 1 á 13.

Votamos.

Votación das emendas números 1 a 13 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Agora, tendo en conta o disposto no artigo 14 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos artigos 84.1, 126 e 127 do Regulamento da Cámara, as materias recollidas nos puntos 4 e 5 do artigo 51 e na disposición adicional terceira *bis* son de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía de Galicia. Xa que logo, votaranse separadamente do resto do articulado do Ditame para a súa aprobación, para a cal se require maioría absoluta.

Polo tanto, votamos os puntos 4 e 5 do artigo 51 e a disposición adicional terceira *bis* do Ditame.

Votamos.

Votación dos puntos 4 e 5 do artigo 51 e da disposición adicional terceira bis *do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de medidas fiscais e administrativas.*

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os puntos 4 e 5 do artigo 51 e a disposición adicional terceira bis *do Ditame.*

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto do Ditame.

Votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, agás os puntos 4 e 5 do artigo 51 e a disposición adicional terceira bis, *sobre o Proxecto de medidas fiscais e administrativas.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta lei.

O señor PRESIDENTE: Remata aquí este pleno, pero agora iniciamos outro.

Remata a sesión ás dúas e corenta e dous minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-kMhdKuAdA-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/